

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17.**

**SESION ORDINARIA DO 30 DE NOVEMBRO DE 2015**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Piñeiro López, Ángel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día trinta de novembro do ano dous mil quince, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López

Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señores/as, iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria, convocado por orde do día do 26 de novembro en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno de acordo coa orde do día.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(223).- ACTAS ANTERIORES . (ACTA PLENO ORDINARIO 28.09.2015).**

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 28 de setembro de 2015.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

#### **2(224).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVIEMBRE “DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. 6894/224 (REXISTRO PLENO 1265/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de novembro, número 1265/1101, a xefa do Servizo de Igualdade co conforme da concelleira delegada da Área e Presidenta do Consello Municipal da Muller, remiten a seguinte

proposta da representante da secretaría da muller da CIG e membra do Consello Municipal da Muller, por acordo deste órgano.

A PRESIDENCIA: Lerase un manifesto, lerao dona Rosa M<sup>a</sup> Chantada Abollo do Consello da Muller, por favor tome o seu asento.

SRA. CHANTADA ABOLLO: Procede a ler a seguinte Declaración Institucional:

“25 de novembro 2015, Día internacional para a erradicación da violencia contra as mulleres.

Somos quen de deter a violencia machista.

Queremos transmitir este 25 de novembro unha mensaxe de esperanza, de optimismo, aínda que as cifras nos amosen o contrario, queremos berrar alto e claro que si, que somos quen de deter a violencia machista entre todas e todos, porque nesta loita precisamos implicarnos e arrastrar a todas as administracións, institución, asociacións, grupos e a toda a cidadanía en xeral.

Dende o CMM denunciemos os feminicidios dun xeito contundente e instamos a todas as institucións e forzas políticas da nosa cidade a tomar medidas reais para parar os asasinatos ou calquera tipo de violencia contra as mulleres. Medidas que vaian dende a protexer a integridade física ata a seguridade económica e para iso precisamos dunha coordinacións de todas as institucións xa que consideramos que a violencia contra as mulleres é un problema de estado.

Queremos unha sociedade xusta e igualitaria. Queremos eliminar calquera tipo de violencia física, sexual, psicolóxica, laboral, mediática, económica. Queremos eliminar o control, os abusos, as ameazas, a discriminación. Queremos deixar claro que a violencia contra as mulleres non é nada natural, non é inevitable é o froito de relacións de poder baseadas no xénero.

Existe un alto grao de violencia por parte dos adolescentes cara ás adolescentes, situándose como o primeiro motivo de delito, sabemos que canta máis igualdade na educación menos violencia.

Non podemos tolerar ningunha expresión de machismo nas súas diferentes formas, nin desprezo, nin discriminación, nin chistes, nin asignación de roles estereotipados por sexos, nin invisibilizacións das nenas e mulleres. Queremos eliminar os micromachismos e non podemos esquecernos dos fillos e fillas das mulleres maltratadas, que son vítimas secundarias ou directas da violencia contra as mulleres.

Esiximos aos medios de comunicación que eliminen os tratamentos misóxinos, cargados de sexismo nas noticias dos feminicidios porque recrearse nos detalles escabrosos só serve para alimentar o morbo. Entendemos que as informacións

sobre a violencia contra as mulleres teñen que abordarse como un delito, produto da cultura patriarcal e non xustificando e victimizando ao victimario, mentres que, moitas veces, culpabilizan as vítimas.

As mulleres sufrimos violencia en todos os ámbitos das nosas vidas só polo feito de sermos mulleres: nas relacións familiares, nas relacións sociais, nas relacións laborais, nas relacións de parella, na escola, nas organizacións, nas rúas, nos transportes ... Non podemos seguir así. Sabemos que para erradicar a violencia contra as mulleres só temos que acadar a igualdade e loitaremos todos os días para conseguila. Convidámoste a loitar con nós porque entre todas e todos "Somos quen de deter a violencia machista".

PRESIDENCIA: Moitas grazas, moi amable.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### **3.1(225).- ESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D<sup>a</sup> ARACELI LAGO CASTRO CONTRA O ACORDO DO PLENO DE DATA 22.12.14 POLO QUE SE DESESTIMABA A SÚA RECLAMACIÓN ADMINISTRATIVA. EXPTE. 1734/244 ( 1279/1101)**

ANTECEDENTES.- A xefa da Área de Tenencia de Alcaldía co conforme do concelleiro delegada de Xestión Municipal, Persoa, Patrimonio e Administración Electrónica, con data 2 de outubro de 2015, emite o seguinte informe proposta:

#### **"ANTECEDENTES**

Primeiro.- Dona Araceli Lago Castro presenta escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18.12.2013, solicitando a rectificación do Inventario Municipal de Bens-Viais do tramo de vial denominado Pugariño que atravesa a súa finca, ao tratarse dun servizo de paso tal como resultaría das escrituras que naquel tempo achegou.

O camiño Pugariño figura no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por Acordo Plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, como

vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Instruído o correspondente expediente, o Pleno do Concello en sesión do 22 de decembro de 2014 adopta o seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por Da. Araceli Lago Castro mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18.12.2013 ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Pugariño, na parroquia de Teis, recollido no epígrafe I de Vías do Inventario municipal de bens e dereitos”.

Terceiro.- Contra a anterior resolución a interesada interpón recurso de reposición, aportando diversa documentación e facendo constar varios datos:

- distintas fotocopias das escrituras públicas nas que se describe a finca
- plano topográfico suscrito polo arquitecto don Ernesto Cid Sueiro,
- escrituras públicas das fincas colindantes
- o Concello de Vigo coñece a inexistencia de camiño público algún, en canto en data 05.11.00 o Departamento de Vías e Obras suscribiu un documento polo que a recorrente consentía en constituir un dereito de uso de superficie sobre a superficie que se discute, para obras de ensanche e mellora do paso, obras que finalmente non se acometieron debido a que o Concello carecía da propiedade dos terreos colindantes
- aporta fotocopias de títulos das propiedades colindantes, Pugariño 6, hoxe 18, e 25 co fin de xustificar que ningunha delas linda con camiño público
- lembra a alegación presentada polo Presidente da Asociación de Veciños, indicando se estime o solicitado pola sra. Lago
- informe do Departamento municipal de Vías e Obras de data 25.02.14 indicando que o tramo da rúa Pugariño cuestionado non está pavimentado e non se realizan labores de mantemento
- informe do arquitecto municipal de data 02.03.14 indicando que a posible titularidade privada do camiño deberá deducirse das escrituras públicas das parcelas colindantes, e que o inspector de Fomento informa que non existen servizos urbanos de Aqualia no citado tramo
- informe do topógrafo municipal no que consta que da visita efectuada e documentación presentada resulta que estamos ante un camiño de servizo que atravesa a propiedade, propoñendo se dea de baixa unha lonxitude de 25 metros
- informe do servizo de limpeza indicando que non se realiza o servizo de limpeza viaria nin recollida de lixo nese tramo
- informe do Presidente da Asociación de Veciños de Teis, no que poñe de manifesto que as escrituras públicas evidencian o uso de paso do citado

camiño, e coñece o interese da lindante en que se manteña o carácter público do vial en canto ten construído un garaxe e quere que o concello urbanice o vial

- planos do PXOM 1993 e do vixente acreditativos da ausencia de aiñacións

Xustifica o recurso, sucintamente:

- Na ausencia de forza normativa do inventario como mero rexistro administrativo, e xa que logo sen efectos constitutivos para o dominio público
- artigo 20 RBEL que esixe título para inscribir o ben como de titularidade municipal
- ausencia de indicios acreditativos do carácter público do paso de servizo, referindo que a información da Xerencia Territorial do Catastro é rectificable cun mero certificado municipal, en canto mero rexistro con efectos fiscais e impositivos, información que contrapón ó título de propiedade inscrito no Rexistro da propiedade da alegante.
- en ausencia de título, o fundamento xurídico cuarto alude á afectación ó uso público do camiño e posesión pública e pacífica polo Concello. Nega a sra. Lago a posesión pública e pacífica polo Concello, limitándose a permitir o paso e uso polos veciños, accións que en ningún caso implican a cesión da titulariedade a prol do Concello de Vigo
- falta de consideración na fundamentación do acordo municipal do informe aclaratorio da Asociación de Veciños de Teis doutro anterior e no que se solicita se atendan as alegacións da sra. Lago; mentras que se consideran as manifestacións da colindante en canto á natureza pública do camiño que a mesma ten invadido mediante a construción dun garaxe e realización de obras de urbanización
- cuestiona a categorización como público do camiño meramente porque sirva de conexión entre dous camiños públicos

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I.- Normativa aplicable

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LRXAPPAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).
- CC (RD de 24 de xullo de 1889 do Código Civil)
- Decreto de 8 de febreiro de 1946, polo que se aproba a Lei hipotecaria
- Decreto de 14 de febreiro de 1947, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei hipotecaria
- RBEL (Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais)
- ROF (RD 2568/1986 de 28 de novembro, do regulamento de organización, funcionamento e reximen xurídico das Entidades Locais).

- Lei 5/1997, de administración local de Galicia
- RDL 781/1996, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones vixentes en materia de réxime local

## II.- Inteposición do recurso

De conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 LRXAPPAC, os actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que ditara ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo, sendo o prazo para a interposición do recurso de reposición o dun mes.

Notificado o acordo plenario en data 23.01.15 e interposto o recurso de reposición en data 23.02.15 con contido e forma fixados no artigo 110 LRXAPPAC, procédese ao seu estudio e resolución.

## III.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos

Entre os medios e facultades que establece o ordeamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopáse a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, con suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destiño ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiu-se o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicabeis non o exísen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso ; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. Tal e como se sinalou no acordo que agora se recorre, durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario, sen que sexa admisible a aseveración da falta de propiedade da alegante naquel tempo, posto que o carácter do camiño non muda coa transmisión da propiedade, de tal forma que o vial será demanial ou de titularidade privada con independencia dos datos persoais do titular do

mesmo, poidendo este, fose quen fose discutir a demanialidade naquel tempo.

Tras o Acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordeamento xurídico atribúe os actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP); tales consecuencias non obstan á tramitación de solicitudes de rectificacións do mesmo, obrigando a normativa de aplicación á revisión anual deste ademais de e cada vez que se renove a corporación.

En todo caso, compartimos as manifestacións da alegante sobre a ausencia de forza normativa tanto do Inventario de bens e dereitos municipais, coma do Catastro, en tanto que meros rexistros administrativos que carecen de valor probatorio e non constitúen dereito ningún a prol do Concello, e xa que logo sen efectos constitutivos para o dominio público. Nese senso é constante a xurisprudencia: SS TS , sala terceira do contencioso administrativo, seccións 6ª, sentenza de 1 de decembro de 2008, rec 3910/2005; sección cuarta do contencioso administrativo, sentenza do 25 de marzo de 1994, rec. 767/1992; TSXG, sección segunda do contencioso administrativo, sentenza 442/2015, de 30 de xuño de 2015, rec. 4010/2015; no mesmo senso S AP Pontevedra, sección 1, Sentenza num. 228/2015, de 21 de xuño, rec. 287/2015.

En consecuencia, a inclusión do tramo cuestionado no Inventario non supón o carácter demanial do mesmo.

#### IV.- Natureza xurídica do tramo intermedio do camiño Pugariño

Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LRBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

O camiño de referencia considerouse vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público en tanto que ben afecto ó uso público e conservado pola entidade local.

Ós efectos de determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dando de baixa, dado que a Administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdicción civil, o Concello pleno en sesión do 22 de decembro de 2014, entendeu que ese tramo de camiño ten carácter de público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. As razóns que levan a tal conclusión serían:

- a súa configuración física, pois se trata dun camiño que serve de conexión



entre outras vías municipais, o ter orixen no cño.Padin R-2 e remate no cño. Traída das Augas, integrándose polo tanto na rede viaria municipal,

- e que se atopa aberto ó uso común e xeral dos veciños dende fai anos," tal e como manifestan a A.V. de Teis e outros veciños durante a instrucción do expediente"<sup>1</sup>,

-figura reflectido como vía pública na cartografía do catastro,

-e dispoñe do servizo de alumedo público atopándose incluída nas operacións de mantemento e conservación (informe dos Servizos Enerxéticos de data 21.2.2014).

-Por outra banda, o servizo de vías e obras informa da existencia de acordos cos propietarios colindantes para acadar o seu ensanche e mellora, traballos pendentes de execución.

A actuación da administración municipal se debe limitar a probar ben a propiedade do camiño, ben a constatar o uso público do mesmo, xustificacións que a asinante entende non teñen sido apreciadas correctamente na resolución que se discute polos seguintes fundamentos:

Primeiro: o Concello de Vigo carece de, título para o tramo de camiño que se discute, incumprindo o disposto no artigo 20RBEL. Este feito claro, á vista do contido da ficha de características do camiño pertencendo ó Inventario, asúmeo o Concello na resolución impugnada.

A maior abastanza, dos títulos aportados pola recurrente non se deduce a existencia de camiño público algún: tódolos documentos públicos examinados, falan dun camiño de servizo e dunha servidume de paso, sendo esta a realidade fáctica, tal e como indica o topógrafo municipal no seu informe de data 06.03.14, e fotografías obrantes no expediente, sen que sexa fundamento da consideración como público a utilidade de conexión ente vías públicas, debendo reiterarse a definición normativa dos artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL, en canto son camiños de aproveitamento ou utilización xeral aqueles cuia conservación e policía sexan competencia da entidade local .

Nese senso, consta no expediente escritura pública de apartación núm. 1.715 del protocolo del notario José Piñeiro Prieto, de data 11.09.2006, donde se describe a seguinte finca: casa sinalada co número 27 da rúa Pugariño, parroquia de Teis, de construción moi antiga, con terreo unido a seu frente, destinado ao **servizo de paso**, labradío e árbores frutais, e polo fondo con terreo unido, destinado a resalidos e labradío sen acceso directo a este último; todo elo dunha superficie total duns cincocentos sesenta e cinco metros cadrados. Limita conxuntamente: Norte, propiedade de Otilia Lago, en dous lados, Sur, en parte Celia Puga, a explanación da Traída de Auga dende o Oitavén e á de Asunción; *Leste, camiño de servizo, a referida Otilia Lago e Celia Puga*; e Oeste, parede de peche da repetida Otilia Lago e tamén a citada Asunción.

Inscrita no Rexistro 2 dos de Vigo, ao Tomo 621, sección 2ª, folio 42, finca 34.304 , inscrición 1ª.

---

1 Entrecorrido a dicción literal do acordo plenario

Título: aportación de Jose Manuel Lago Castro a súa sociedade de gañanciais.  
Na escritura de 5 de agosto de 1975, da que trae causa a anterior, na descrición da finca fálase efectivamente de “barrio de Pugariño”, e nas fotocopias do título da propiedade colindante, Pugariño 25 reflectada no plano suscrito polo topógrafo municipal en data , 16.09.15 trasládanse os lindeiros da escritura, sendo o lindeiro leste unha servidume de paso.  
Polo tanto dos títulos aportados como medio de proba en ningún caso se pode extraer a titularidade pública do vial en cuestión, e así o manifesta o arquitecto municipal no seu informe de data 02.03.14, sinalando que a titularidade corresponderá a quen así a teña recollida nas escrituras públicas.

Segundo: carecendo o Concello de Vigo de título indubitado, deberá probar “a apertura ó uso público” e pacífica dende hai alomenos trinta anos, para considerar unha adquisición por usucapión. Nese senso esclarecedoras son as Sentenzas que en relación con estes temas teñen acordado os Xulgados de primeira instancia de Vigo, Sentencia núm. 68/2010, de 25 de marzo, do Xulgado núm. 8 dos de Vigo, rec. 662/2009; Sentenza de 14 de febreiro de 2011, do Xulgado de primeira instancia núm. 2 dos de Vigo, rec. 839/2010; Sentenza num. 25/2009, do 2 de febreiro, rec. 314/2007, do Xulgado de primeira instancia núm. 10 dos de Vigo.

Dos informes, alegacións e demais documentación obrante no expediente, non resulta un uso público e pacífico durante mais de 30 anos para que o Concello poida considerar público o vial por prescripción adquisitiva. A contrario sensu acredítase que o concello non se ocupa das labouras de mantemento como sería obrigada se o vial fose de responsabilidade municipal. Así, constan os seguintes informes indicativos do destino do mesmo:

- Informe da Asociación de Veciños de Teis de data 11.11.14 durante o trámite de audiencia na instrución do expediente, aclarando outro anterior e solicita se atendan as alegacións da sra. Lago, a recurrente; mentras que “consideran” as manifestacións da colindante en canto á natureza publica do camiño, en canto que a mesma ten invadido mediante a construción dun garaxe o citado camiño, e realizado obras de urbanización
- Informe da concesionaria dos servizos de abastecemento e saneamento indicando que non hai servizos nese tramo
- Falta de alinacións fixadas no PXOM, circunstancia que se ben non presupón a consideración do carácter privado do camiño, a previsión das mesmas implica a intención de que permaneza un paso público e libre polo mesmo
- Informe do Servizo de Vías e Obras indicando o tramo carece de pavimentado, e xa que logo o Concello non realiza labouras de mantemento.
- Informe do Topógrafo municipal de data 06.03.14 no que relata que o Castrasto considera o vial como de propietario “descoñecido”, pois se trata dun camiño de servizo
- Informe do Xefe do Servizo de Limpeza de data 03.07.14 afirmando que o Concello non presta os servizos de limpeza nin de recollida de lixo
- Informe do xefe do Servizo de electromecánicos indicando que no tramo cuestionado non existen nin soportes nin luminarias pertencentes á rede pública de

alumeamento

-Alegación da veciña Ana M.<sup>a</sup> Garabal na que recoñece o carácter privado do camiño, indicando consta cesión no expediente do Concello número 63509.250

Á vista da información referida, non se pode entender que o ben cuestionado esté afecto ó uso público, libre e contínuo, como parte integrante das vías públicas de titularidade municipais, en canto:

- non dispón de servizos urbanos, incluso o alumeado cuido carácter público consta acreditado no expediente, se ben discurre polo camiño de Pugariño, non así polo tramo cuia baixa inventarial se solicita, vid. informe e plano do Servizo de Electromecánicos,
- os propietarios non teñen efectuada a cesión manifestada no expte 63509.250,
- non está previsto como público no Plan xeral de ordenación urbanística,
- o Concello non se ocupa da súa conservación e policía.

En consecuencia non semella xustificada a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño de Pugariño nesas 25 ml, debendo estimarse o recurso formulado e proceder á rectificación inventarial.

## **V.- Competencia**

Correspóndelle ó propio Concello Pleno a resolución do recurso de reposición de conformidade co disposto nos artigos 116.1, 107 e 109.1 LRXAPPAC

De conformidade co exposto, á vista do disposto no apartado segundo na resolución da Alcaldía de data 15.06.15, no Decreto, Instrucción de servizo de data 07.08.15, formuláse ó Concello pleno a seguinte proposta de resolución "

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico, na súa sesión ordinaria de 23 de novembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

**VOTACIÓN:** Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique

Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“PRIMEIRO.- Estimar, o recurso de reposición interposto por dona Araceli Lago Castro contra o acordo do Peno do Concello de data 22.12.14, polo que se desestima a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada pola mesma, ó resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a rectificación inventarial solicitada respecto do camiño Pugariño, na parroquia de Teis, recollido no epígrafe I de Vias do Inventario municipal de bens e dereitos.

SEGUNDO.- Proceder á rectificación do Epígrafe I do Inventario municipal de bens e dereitos , Viais, do Concello de Vigo, dando de baixa o tramo de 25 metros liñais do vial de Pugariño que atravesa a finca 38.304 inscrita no Rexistro da Propiedade núm. dous dos de Vigo, ´tomo 621, sección 2ª, folio 42”

**3.2(226).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2015. EXPTE. 15851/541 (1249/1101)**

ANTECEDENTES: Con data 21 de outubro de 2015, o Tesoureiro Municipal informa do que segue:

“Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o

texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, modificado polo Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015.

## INFORME.-

### I.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son, polo tanto, as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria.

II.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP (novo sistema de cálculo).

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

(.....)

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera*

*recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)*

Do mesmo modo, na súa Disposición Final sétima modifica o artigo 216.4 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce unha disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.*

*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, con carácter xeral, dende a recepción da factura.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de

Morosidade compútase, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable «desde a entrada da factura ou documento xustificativo en rexistro administrativo», consecuentemente, o máximo conforme á normativa actual, serían 60 días en total, (desagregado en 30 días desde entrada en rexistro para aprobar e 30 desde a aprobación ou recoñecemento para o pago).

Salvo de casos particulares como Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato).

### III.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha nova *Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade*, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf>) , que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

Pagamentos realizados no trimestre.

- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores

### IV.- Datos correspondentes ao 3º trimestre do ano 2015.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o funcionario que subscribe ten a ben remitir ao Pleno da Corporación

do Concello de Vigo o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2015 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo.

Achégase a información enviada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, asinado e enviado en prazo, que figura na páxina web do Concello de Vigo, información económica.

Resumo das principais magnitudes contidas no informe:

Pagos realizados no trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de pagos: 2.278
- Importe total: 30.168.276,36 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de pagos: 25
- Importe total: 133.344,46 euros

Período medio de pago (PMP): 25,21 días

O “Período *medio de pago*” dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (registro) da factura.

Intereses de demora pagados no trimestre.

- Número de pagos: 0
- Importe total de intereses: 0,00 euros

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre.

Dentro do período legal de pago:

- Número de operacións: 392
- Importe total: 3.803.517,47,45 euros

Fora do período legal de pago:

- Número de operacións: 9
- Importe total: 214.069,16 euros



Período medio do pendente de pagamento (PMPP): 19,54 días

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días media de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres do morosidade

<b>Lei 3/2004, Lei 15/2010, Artigo 216 do TRLCSP, aprobado polo RDL 3/2011</b>		
<b>Trimestres</b>	<b>PMP/días</b>	<b>PMPP/Días</b>
Primeiro Trimestre	27,93	15,5
Segundo Trimestre	24,5	19,19
Terceiro Trimestre	25,21	19,14
Cuarto Trimestre		

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días, dos datos que se amosan na táboa de morosidade comercial, os mesmos están moi alonxados deses 60 días.

Resumo do Período medio de pagos mensual (PMP, RD 635/2014)

<b>PMP , Real Decreto 635/2014, ano 2015</b>												
<b>Institución</b>	<b>Xaneiro</b>	<b>Febreiro</b>	<b>Marzo</b>	<b>Abril</b>	<b>Maio</b>	<b>Xuño</b>	<b>Xullo</b>	<b>Agosto</b>	<b>setembro</b>	<b>outubro</b>	<b>Novembro</b>	<b>Decembro</b>
Ent. Local	-1,13	-6,60	-7,46	-10,91	-12,36	-7,49	-9,57	-6,45	-8,50			
EMAO	-4,93	-11,35	-17,32	-15,53	-21,08	-21,53	-9,45	-24,09	-19,19			
MARCO	-1,83	9,64	-8,51	-1,63	-6,64	29,74	56,67	74,62	92,63			
XMU	-7,44	-12,13	-11,80	-15,49	-11,37	-14,02	-19,10	-13,08	-13,73			
IMD	-7,16	-10,62	-24,98	-4,00	-16,22	-8,18	-12,49	-4,84	-8,00			
VIGOZOO	-6,66	-16,16	-15,31	-11,20	-16,17	-12,94	-19,99	-11,71	-15,56			
PMP global	-1,34	-6,64	-7,92	-10,69	-12,39	-7,38	-9,37	-5,57	-7,45			

A comisión informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 23 de novembro de 2015, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: O incumprimento do disposto na Lei de morosidade das

operacións comerciais procede informar dos prazos de cumprimento do pago a provedores e os datos que reflicten estes prazos de pagos son moi bos, no canto que se refiren ao cumprimento moi por debaixo dos prazos máximos previstos na normativa legal para o pago a provedores, pode dicirse que os datos do Concello de Vigo son os mellores datos de pagamento a provedores, non só na comunidade autónoma senón tamén en Galicia, si miramos o contexto da comunidade autónoma atopámonos onde gobernos locais de cidades gobernadas por Mareas como A Coruña ou Santiago de Compostela pagan moito máis alá dos prazos fixados e tamén se miramos a comunidade autónoma, organismos dependentes da comunidade autónoma, pagan en nada menos de 100 días, polo tanto a Academia Galega de Seguridade, o Instituto Enerxético de Galicia, ou XESTUR, exceden con moito o prazo máximo de pago aos provedores. Pola contra o Concello de Vigo é un referente no cumprimento do prazo de pago aos provedores e polo tanto no alixeiramento da carga financeira que teñen as empresas que contratan co concello de Vigo, se facemos unha análise dos datos deste trimestre, que sometido a informe temos dun total de 2.303 operacións, todas se pagan en prazo, os xuros de mora son cero polo tanto todo dentro do prazo máximo fixado pola Lei de morosidade, polo tanto cumprimos estritamente e moi por debaixo o prazo máximo de pagamento. Dos 92 investimentos pagados, todos foron pagados en prazo cun importe superior a tres millóns de euros, as subministracións máis de 1.600 pagados tamén en prazo por importe de máis de 24 millóns e tamén as operacións de conservación máis de 420 operacións, todas pagadas en prazo, polo tanto quedan pendentes de pago pero dentro do pagamento legal á finalización do trimestre, 392 operacións das cales dúas correspóndense con investimentos, 132 con subministracións e 29 con pagos por operacións de conservación.

Cumpre dicir que o prazo medio pendente de pago é de 19 días, polo tanto un dos máis baixos do Estado se non o máis baixo e sen dúbida o máis baixo das cidades de Galicia e polo tanto cumprimos antes que ninguén e somos o referente non só para Galicia senón tamén para o resto de España. O prazo de pago aos provedores fixado no Real Decreto 635/2014, relevante para que todos aqueles que contratan con este Concello cumpran ou vexan cumpridas as súas pretensións de cobrar en prazo, sitúase en 18 días o que fai un tempo de récord de pagamento aos provedores. Polo tanto convertemos a Vigo non só na cidade ideal para vivir senón

tamén a cidade ideal para investir, comerciar, emprender, posto que aquí tódolos que contratan co Concello cobran en prazo e moi por debaixo dos prazos máximos, Vigo é o referente neste sentido para o resto dos concellos de Galicia e non só dos Concellos senón da administración autonómica.

SR. PÉREZ CORREA: Nós entendendo que os datos son sensiblemente bos, precisamente porque a situación deste Concello permite e non esperábamos menos, cando unha situación económica nun concello o permite que ese concello non sexa moroso sobre todo coas PIMEs e coas empresas que crean emprego nesta cidade o que si nós no Pleno de xullo onde se presentaba o informe do segundo trimestre, nós engadíamos que sendo un dato bo tiñamos que camiñar a un esforzo dun pago, non digo un pronto pago, pero si un pago que permita a través das administracións públicas coas que traballan as pequenas e medianas empresas poderse financiar ou facer fronte aos pagos do IVE e aos pagos de nóminas que supoñen moitas veces unha parte substancial do gasto das empresas e pedíamos que se fixera unha mellora cuantitativa e que se fixera unha mellora en tempo dos pagos, o que observamos é que pasamos dos 24,5 días do segundo trimestre do ano 2015 aos 25,2 días deste trimestre co cal é un incremento dun día que pode ou non ser significativo o atraso do pago dunha factura dun día pero dende logo no avanza nesa mellora que nós pedíamos porque si é certo que os provedores, o montante de provedores que contratan con este Concello xeralmente non é moi significativo con respecto ao número de empresas e o número de sociedade que existe nesta cidade, pero si que moitas delas as que traballan si que nos trasladan que moitas veces poden ter esa liquidez a través da administración pública permite afrontar a falla de liquidez e as morosidades altas que se dan sobre todo no sector privado cando unha empresa que tamén contrata co sector público contrata co privado.

Polo tanto, si que seguimos pedindo que se aumente esa capacidade e que non aumentemos en días, como aquí aparece neste informe trimestral, senón que vaíamos diminuindo ata chegar case á posibilidade de pagar nun prazo urxente como dicimos nós que sexa a administración pública un colchón e un soporte nunha situación de morosidade entre empresas do sector privado alto nesta cidade, que segue obrigando a pechar a moitas pequenas e medianas empresas

ante a imposibilidade de seguir adiante cun nivel de débeda con outros provedores ou outras empresas, moi alto. Polo tanto, entendemos que estamos por debaixo do período legal, pero si que hai un aumento dun día que nós pensamos que a liña debería ser descendente e non ascendente.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sr. Aneiros que é verdade, ninguén o dúbida, os prazos de pago do Concello de Vigo son bos pero de bos o seu triunfalismo lévalle a cometer algunha imprecisión ou facer algunha afirmación que non se corresponde co informe que se presenta hoxe aquí no Pleno, díxose que tódalas facturas se pagan en prazo, non hai ningunha factura que non se pague en prazo no propio informe se recoñece que hai 25 pagos fora de prazo e que ademais hai 9 operacións ao final do trimestre pendentes de pago que están tamén fora de prazo, polo tanto si os datos son bos pero sexa un pouco máis preciso nas afirmacións porque hai algúns pagos que se fixeron fora de prazo, son os menos, pero existen, polo tanto lle pediría precisión.

Tamén quería comentar porque reflectino neste Pleno nos anteriores informes de Tesourería pedindo que se reflectira os períodos de pago de tódalas entidades non só do Concello senón de cada unha das entidades dos organismos autónomos que dependen do Concello, e tamén teño que felicitarlles porque neste informe por primeira vez aparecen detallados efectivamente os períodos de pago de cada unha das entidades, e por isto puidemos ver e a diferenza de cando vostede facía esa comparativa triunfalista con outras administracións e falada doutros organismos da Xunta de Galicia, eu votei en falla que faga vostede referencia e polo tanto lle pido nesta intervención que clarexe cal é o motivo dos prazos de pago que neste momento ten o Marco, que visto o cadro ao noso xuízo son preocupantes porque foron incrementándose ao longo dos meses e neste momento estamos en 92,63 días de prazos de pago que ten neste momento o Marco, excedendo con moito o prazo legal, para cumprir ese prazo legal establecido e isto unido a que só se lle librou o 50% da subvención, se vemos na liquidación orzamentaria se que me gustaría que nos explicara que é o que pasa co Marco, que problema hai e dende logo que medidas van tomar para que dende o Marco cumpran cos prazos legais de pago porque entendo que o Concello de Vigo tamén é responsable de tódolos seus organismos e polo tanto é tamén responsable dos períodos de pago do Marco.

A min gustaríame tamén que esta dilixencia coa que pagan os gastos ás empresas, os gastos do capítulo II e VI, no sei se será tamén pola baixa execución do capítulo VI, a aplicaran en pagar os gastos sociais do Concello porque así non teríamos a familias necesitados esperando polo cobro do cheque social mes tras mes. Polo tanto, pediríalle axilidade non só nas facturas que son as que se reflicten no informe, senón tamén en tódolos pagos que fai o Concello de Vigo.

SR. ANEIROS PEREIRA: Agradezo a Marea de Vigo que saque o tema porque somos o primeiro Concello de Galicia e un dos primeiros de España senón o primeiro, en cumprimento dos prazos de pago, estamos moi por debaixo do cumprimento do prazo de pago o que non se pode dicir dos gobernos de seus colegas de A Coruña e de Ferrol que exceden con moito estes prazos de pago.

Sra. Muñoz, remítome ao importe dos xuros de mora, cero, tódalas operacións pagadas en prazo, as que saíron do prazo de pago por problemas de documentación, sen máis.

En canto ao Marco a explicación é moi sinxela a única entidade que aporta fondos ao Marco é o Concello, pregúntelle ao Sr. Feijóo se achega fondos ao Marco, porque a achega da Xunta de Galicia é cero.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.

### **3.3(227).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GATOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDE AO 3º TRIMESTRE DO 2015 E DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE 32/142 (1255/1101)**

ANTECEDENTES.- O Interventor xeral municipal, por escrito de data 4 de abril de 2014, informa do que segue:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2015, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao terceiro trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de setembro de 2015.

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

A información referenciada tamén se incorpora para todo o perímetro de consolidación que se define no parágrafo seguinte.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos que se deducen dos estados consolidados, recollendo estes a información da Entidade e dos seus organismos autónomos, Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2015, a recadación e pagamentos de pechados dos estados da entidade e dos consolidados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. Estes estados refírense exclusivamente á Entidade Local

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final da entidade local.

Axúntase igualmente un estado consolidado relativo a recadación e pagamentos tanto de orzamento corrente como de pechados.

Outra información:

Incorpórase o Remanente de Tesourería da Entidade Local a 30/09/2015.

*No expediente figuran dezasete cadros contables debidamente dilixenciados por esta Secretaría Xeral do Pleno*

A comisión informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión do 23 de novembro,

tomou coñecemento de todo o anterior.

#### DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Polo que se refire ao estado de execución dos orzamentos tamén relativo ou con cifras pechadas ao 30 de setembro do ano 2015, hai que facer referencia a evolución favorable da execución do orzamento nos distintos capítulos do mesmo, polo que se refire ao capítulo I relativo ao gasto de persoal, ás obrigas recoñecidas correspóndense co avance do ano, o 66%, tendo en conta que coa paga deste mes de novembro se fixo o aboamento da chamada paga extra que recortou o goberno do Sr. Rajoy nada máis chegar ao goberno e polo tanto cumprimos co prazo de pago, a execución é do 66%.

No capítulo II tamén se atopa unha evolución favorable da execución do orzamento relativo aos gastos correntes coa satisfacción de importes como as bolsas de inglés ou as reparacións dos colexios, os gastos de electricidade nos colexios, o programa de menores ou as escolas deportivas, o importe total da execución é do 63% acompasado á execución do ano e polo tanto sobre un total de 17 millóns, levamos executados 73,9 polo tanto en prazo e en cumprimento da previsión da execución do Orzamento.

No capítulo IV relativo a transferencias correntes, a execución tamén é boa, polo que se refire ao pagamento de subvencións a familias e a empresas, lembren que aquí están incluídos conceptos tales como a subvención aos usuarios do transporte urbano como o transporte para as persoas discapacitadas, as familias, o emprego ou ben o pagamento das bolsas á federación de ANPAS dos colexios públicos, a execución deste capítulo IV é do 47,45%, tamén en prazo.

No que se refire ao fondo de continxencia non houbo ningunha continxencia, polo tanto non presenta datos relevantes.

Polo que se refire ao capítulo VI de investimentos hai que ter en conta que se atopa cunha execución moi próxima ao 40% pero atópanse pendentes en fase A e en fase D obras por importe de 10,4 millóns de euros, e polo tanto tendo en conta a previsión de execución e de contratación desas obras, estaremos nos marxes de execución do 100% dentro deste exercicio

O mesmo sucede coas transferencias de capital do capítulo VII, onde levamos unha

execución axeitada tendo en conta que a maioría das subvencións se conceden no terceiro e cuarto trimestre do ano e polo tanto as fases A, D e O da execución do orzamento reflicten esa situación, dentro da marxe dos prazos de execución do Orzamento.

Polo que se refire aos ingresos, tamén as previsións propostas no Orzamento demostran ser axeitadas e correctas posto que estamos con marxes de execución e recadación que cumpren esas previsións feitas no orzamento de ingresos do Concello de Vigo, no que se refire aos impostos directos e tendo en conta que a recadación correspóndese basicamente cos impostos que xa finalizaron o seu prazo de recadación, como son o imposto de vehículos e algúns non teñen un prazo de recadación definitiva como é o imposto da plusvalía, esa recadación mostra unhas cifras axeitadas á previsión inicial e o mesmo sucede cos impostos que acaban de rematar o seu prazo de recadación como son o IAE e o Imposto sobre Bens Inmóveis, polo tanto temos unha execución moi próxima ao 100% na previsión de ingresos, polo que se refire aos impostos indirectos ou a recadación polos impostos especiais e o imposto de construción, tamén unha recadación próxima ao 100%, 97,26% sobre o presupostado, polo tanto cumprindo esa previsión. Tamén ao que se refire nas taxas e nas transferencias correntes, polo tanto, cumprimos as previsións plasmadas no documento do orzamento, no Orzamento aprobado por este Concello de Vigo.

No que se refire ao estado de Tesourería, fixemos uns cobros por un importe de 160 millóns de euros e uns pagos por importe de 207 millóns, a previsión final do exercicio será rematar coa mesma situación de Tesourería coa que iniciamos o principio do exercicio e polo tanto cunha situación de Tesourería próxima ao 80 millóns de euros. Estamos executando correctamente o Orzamento e cumpre destacar que un dos problemas que sinalaba a autoridade fiscal independente para as principais cidades de España era eses problemas na execución e pola contra no caso do Concello de Vigo atopámonos cunha execución que cumpre as marxes e as cifras previstas no Orzamento aprobado e polo tanto cumprimos as nosas previsións e somos unha cidade previsible no ámbito económico, que cumpre coas súas obrigas e que da seguridade xurídica aos operadores.

SR. PÉREZ CORREA: Precisamente a cuestión do que se pon nun orzamento do que



se executa e quizais o gran problema que están vivindo os grandes concellos deste país, pero tamén os pequenos, sobre todo cando un gran concello como o Concello de Vigo realiza sempre unha política propagandista do que se pon nun orzamento e logo ao final de ano, no último trimestre, ao final acabamos atopándonos coa realidade do que se pon e do que se anuncia con bombo e prato, moitas veces ou non se executa ou se executa en parte.

Polo tanto, ao noso grupo non nos parece triunfalista unhas cifras que deixan case o 40% do Orzamento pendente de executar no último trimestre do ano e non nos parece porque os anuncios fanse ao principio de ano, moitas familias a través dos medios de comunicación coñeceron liñas de axuda de carácter social, de carácter de emprego, de bolsas no estranxeiro que ao final á altura do trimestre que estamos a analizar pois non están executadas ao 100% ou incluso algunhas seguen estando executadas moi por debaixo, non nos niveis do anterior informe onde por exemplo o Plan de Emprego practicamente estaba sen executar senón que tamén hai cuestións que creo que son importantes poñer enriba da mesa, primeiro, porque non é certo que o último trimestre do ano sexa exclusivamente o trimestre da noite a mañá aparecen tódalas execucións orzamentarias porque eu creo que hai ao longo do ano hai períodos moi concretos onde requiren que a execución orzamentaria estea ao día, sobre todo que por exemplo, para nós é bastante significativo que programas importantes como o Plan de Emprego ou a Axuda no Fogar segan sen executarse por completo, e cando digo por completo é porque queda un trimestre e obviamente o resto dos trimestres os niveis de execución destas dúas partidas son moi baixos, a Axuda no Fogar segue sendo un nivel de execución pouco por enriba do 60%, cando no anterior informe tamén estaba relativamente baixo co 40% practicamente de execución. Nós seguimos detectando unha execución moi baixa no que ten que ver con esas axudas prometidas ás asociacións de veciños, aos colectivos sociais para a contratación dentro do Plan de Emprego, segue sendo esa liña cun nivel de execución moi baixo, entendemos que hai un anuncio de que neste trimestre, que obviamente non estamos a analizar neste informe, vaise levar adiante o que é o programa de “axuda ao aluguer” porque neste informe como aparece só hai executado 690 euros, de dous millóns de euros que figuran nesa partida orzamentaria, entendemos e así o seguimos a través dos medios de comunicación que se vai proceder inmediatamente neste

trimestre a este pago de liquidación, destes recursos sociais que se consignan nun orzamento, e polo tanto, nós pensamos que imos chegar moi xustos o último trimestre do ano para executar ese 40% do Orzamento que queda sen poñer enriba da mesa. Non é unha cuestión meridiana que partidas importantes ou que polo menos así aparecen no Orzamento, difusión e promoción da cidade, partidas que teñen que ver coa difusión turística de Vigo, estean sen executar porque o turismo a esta cidade como moitas cidades deste país, é un turismo estacional na maioría dos casos, que ven en dous períodos moi concretos que son o verán e a Semana Santa, polo tanto esas partidas sen executar a data 31 de setembro como comprenderán non estamos a facer moito investimento nun proceso turístico que é importante, ou polo menos ten que ser importante cando estamos a consignar máis de seis millóns de euros, algunhas liñas aéreas para precisamente atraer non só que os vigueses/as poidamos ir a destinos internacionais, senón obviamente para que esas liñas sexan rendibles que teñan un retorno en parte do que é o viaxeiro estranxeiro.

Polo tanto, nós pensamos que é un grado de execución que incluso está por debaixo dalgunhas grandes cidades deste país, que co cambio político que viviron o que están a facer é evitar esa política absolutamente publicitaria de consignar cousas nos orzamentos que logo non se levan adiante, e o que hai que facer é unha política orzamentaria real, non poñer moitas veces partidas nos orzamentos, non executalas para evitar que esas partidas poidan ser utilizadas noutras cuestións. Polo tanto, non nos parece que imos ter un trimestre que dende logo a oposición imos ser bastante dilixentes en perseguir que tódalas esas partidas se executen, e digo que se executen porque sabemos que aquí hai partidas que non se van facer, sabemos que os 70.000 euros do convenio da FAVEC, outra vez, seguramente, a unha organización importante nesta cidade de dinamización veciñal, esas partidas relacionada coa FAVEC non se van a executar porque a gran parte da execución de determinadas partidas son decisións políticas que se toman e dende logo que algunhas delas están pensadas para asfixiar a determinados colectivos desta cidade.

Polo tanto, seguiremos pedindo que se execute nos prazos sobre todo o que require unha cidade, o que ten que ver con temas sociais.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que estes datos de execución a 30 de setembro son moi clarificadores porque van confirmando as cousas que se van advertindo por parte deste grupo municipal e dende logo agora os números, que non enganan, están demostrando que son verdade.

Efectivamente hai un nivel de execución do 59,70%, nivel de execución consolidado, non é ir en proporción neste momento tiña que estar ao 75%, se contamos nove meses sobre doce, pero tamén é verdade que nos últimos meses do ano increméntase a porcentaxe de execución, pero hai capítulos que realmente están moi por debaixo dicía o Sr. Aneiros que tiña unha execución axeitada o capítulo VII, se un 7% de execución lle parece adecuado dende logo a nós non nolo parece, pero nesa media do 59,70% é moi revelador que hai determinadas partidas que están por enriba de media e que se achegan a esa porcentaxe de media, por exemplo, como sempre, o pago ás concesionarias, os pagos ás concesionarias se que os levan vostedes ao día, puntualmente, o 71% e o 78% de execución, o cal é positivo, efectivamente, pero a nós o que nos gustaría é que tódalas partidas se executaran na mesma proporción porque curiosamente hai partidas que non executan coa mesma dilixencia, non sei se porque no quere ter contentos tanto ás concesionarias como ao de hoxe. Gustaríame que non me interromperan que hoxe aprobamos un código de bo goberno, empecen a aplicarse o conto e empecen a aplicarse un bo goberno con respecto á oposición.

Como dicía, lamentablemente non podemos dicir esa mesma dilixencia que é desexable con outras partidos do seu Orzamento e vemos por exemplo, como dicía o voceiro do Grupo da Marea de Vigo, que os plans de promoción turística de Vigo están executados en cero euros, os bos datos deste ano do turismo dende logo non llos pode apuntar este goberno municipal senón que é gracias ao esforzo do sector, e que pasa coas axudas á creación de empresas Sr. Aneiros? Cero euros destinados, cero euros de execución para as axudas á creación de empresas, e aquí entramos nun capítulo realmente sangrante da súa execución orzamentaria e a execución deste goberno municipal, os plans de emprego, o Plan de Emprego Municipal executado nun 27% co números de parados que hai neste cidade pero o que realmente é inxustificable é o que están a facer vostede con tódolos mozos da cidade e especialmente cos desempregados, o Plan de Emprego Xuvenil nesta execución do 30 de setembro ao 0% os 500.000 euros, é verdade que me dirá non

é que avanzamos nestes dous últimos meses, despois do 30 de setembro, si señor, teño que recoñecer que avanzaron, deses 500.000 euros vostedes executaron 12.830 euros, é dicir, 487.170 sen executar do Plan de Emprego Xuvenil. Isto revela que vostedes non tiveron nunca intención e tampouco a teñen de exercer unha auténtica acción política para o fomento de emprego xuvenil porque os mozos desta cidade non lles importan absolutamente nada, o propio Interventor Municipal fai un informe duro recoñecendo que o seu sistema para dar as axudas ao emprego xuvenil non está adaptado nin as necesidades dos mozos nin dende logo é para nada eficaz, porque por segundo ano consecutivo cometen vostedes o mesmo erro, non saben o que necesitan os mozos, non saben o que hai que facer para fomentar o emprego xuvenil, e ata tal punto non o saben que nos Orzamentos do 2016 ao ver que esta partida non a executaban nunca pasan deses 500.000 euros a tan só 100.000. Reformúlense a súa actuación en relación ao emprego xuvenil.

Como se deben reformular tamén ao Celta, ese equipo de todos da cidade ao que tanto apoiaban e aí están os 8,7 millóns de euros sen tocar, tan urxente era o convenio do Celta? Tan urxente eran as obras en Balaídos que teñen vostedes ao Celta bastante enfadado porque dos seus compromisos non cumpren absolutamente ningún, só declaracións en período electoral, é o único que vostedes saben facer.

E nos investimentos o único que executan ben do seu plan de humanizacións son os investimentos no centro, por certo investimentos no centro que fixeron correndo en época electoral que de momento agora están paradas e que falla moito por executar deses investimentos nas parroquias rurais.

Polo tanto, por favor aplíquense e fagan o que teñan que facer co Orzamento municipal.

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade que é sorprendente que a Sra. Muñoz se poña a dar leccións cando hai que ver o que facía, cando eses exercicios orzamentarios na Xunta de Galicia cando era conselleira, de oito meses, onde estaban os catro meses restantes? Pechabamos o exercicio en outubro Sra. Muñoz, iso si que é sorprendente tamén é sorprendente que fale de emprego cando as competencias activas en políticas activas de emprego son da Xunta de Galicia e temos que en seis anos da actual Xunta de Galicia o para creceu na comunidade máis do dobre

que na media do país, que está a facer a Xunta de Galicia? Que está a facer o Sr. Feijóo? Nada, polo tanto leccións aquí ningunha.

Por certo falaba vostede do Celta, cantos representantes do Partido Popular estaban no palco cando o Celta estaba en segunda? Ningún o único que estaba era o Alcalde, así que axudas ao Celta dende aquí, dende este Concello.

Imos ver, a execución do Orzamento ten uns prazos e os prazos son as mensualidades, como vostede ben di parece que quere que incumpramos o prazo de pago aos provedores, ou as contratadas ou a xente que contrata co Concello, o Concello paga mes a mes cando ten que pagar mes a mes, e polo tanto os datos da execución son bos porque van mes a mes, nin máis nin menos.

Polo que se refire as subvencións, as subvencións teñen ademais de realizar a actividade pola que se subvenciona, teñen que xustificar o cumprimento das subvencións, iso pasa coas subvencións ás asociacións e de emprego, polo tanto, hai que xustificar tamén que se contratou traballadores, por suposto, e polo tanto se non se xustifica non se pode liberar a subvención, así que leccións Sra. Muñoz ningunha, porque non está en condicións de dar leccións a este goberno municipal.

A execución do Orzamento do ano pasado estivo no 99,8%, este ano levamos unha senda similar polo que se a execución non é do 100% será practicamente do 100%, polo tanto, executamos as previsións orzamentarias Sr. Pérez, claro que temos unha previsión e a cumprimos, polo mesmo que lle dixen á Sra. Muñoz porque hai prazos de execución que se corresponden coas mensualidades, por exemplo vostede falaba do servizo Axuda no Fogar, claro páganse a mensalidade cando se ten que pagar a mensalidade, págase a axuda cando se ten que pagar a axuda. Polo tanto, non estamos a falar de incumprimento dos prazos nin incumprimento das previsións, estamos a cumprir exactamente cos prazos e por certo os datos deste informe se pecharon a 30 de setembro, hai obrigas que aínda están pendentes, algunhas delas das que se falaban e que se pagarán nos primeiros días do mes de outubro e polo tanto que non se recollen neste informe. A execución é correcta e vai pola senda adecuada, iremos a unha execución do 100% das partidas neste Orzamento.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que

queda enterado.

### **3.4(228).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE REGULAMENTO DO SERVIZO DE APARCADOIRO SOTERRADO DA PORTA DO SOL. EXPTE.618/449 (1239/1101)**

**ANTECEDENTES.-** Con data 13 de outubro de 2015, a xefa do Servizo de Transportes, coa conformidade da concelleira delegada, formula a seguinte proposta:.

“Na data 9 de marzo de 2015 iniciouse expediente para a contratación da concesión do servizo público do aparcadoiro público da Porta do Sol polo procedemento aberto.

A necesidade de elaboración e aprobación dun regulamento do servizo ven fixada no artigo 33 do Regulamento de Servizo das Corporacións Locais de data 17 de xuño de 1955 no que se establece que as Corporacións Locais determinaran na regulamentación de todo servizo que establezan as modalidades de prestación , situación, deberes e dereitos dos usuarios .

De conformidade co disposto no artigo 127 nº 1 apartado a ) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembre de medidas para a modernización do goberno local, corresponde a Xunta de Goberno Local a “aprobación dos proxectos de regulamentos “

De conformidade co disposto no artigo 123 nº1 apartado d ) da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local, na redacción dada polo apartado 4 do artigo primeiro da Lei 57/2003 de 16 de decembre, de medidas para a modernización do goberno local, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación e modificación das Ordenanzas municipais e dos Regulamentos .

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de decembro reguladora das bases de réxime local , de aplicación aos regulamentos, a aprobación das ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento :

- a) aprobación inicial polo Pleno
- b) información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias .
- c) resolución de tódalas reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno .

No caso de que non se houbera presentado ningunha reclamación o suxerencia , entenderase definitivamente adoptado o acordo ate entón provisional

Polo exposto procede someter a aprobación da Xunta de Goberno Local o proxecto de Regulamento para a súa posterior aprobación polo Pleno da Corporación polo que formulase ante a Xunta de Goberno Local a seguinte:"

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do día 14 de outubro, acordou aprobar o proxecto de Regulamento do servizo de aparcadoiro soterrado da Porta do Sol.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do día 23 de novembro, rexeitou as emendas presentadas e ditamina favorablemente a proposta formulada.

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Queremos traer aquí o Regulamento do aparcadoiro da Porto do Sol para a súa aprobación, como saben será o prego o que regule as prazas, o que regule o funcionamento e este documento que traemos hoxe ao Pleno que vai estar a exposición 30 días o único que fai é a regulación esencial coas normas básicas de funcionamento de dito aparcadoiro. Un aparcadoiro que nos queremos potenciar por iso no prego que estamos a describir vai ter un número do 40% das prazas destinadas aos residentes e que queremos adaptar o aparcadoiro máis antigo da cidade de Vigo á accesibilidade e á normativa de emerxencia actual. Era un aparcadoiro que non era accesible, que as prazas non reunían as medidas nin as condicións mínimas esixidas e que queremos un aparcadoiro do século pasado pase ao mellor aparcadoiro da cidade do século XXI. Unido a este desenvolvemento queremos tamén seguir con este proxecto que se está a levar a cabo na cidade dun Vigo vertical, eliminar tódalas barreiras arquitectónicas que conforman a orografía da nosa cidade e transformala por unha cidade cada vez máis accesible.

Como neste caso as condicións de pendente as reúne, imos conseguir que se poida ir dende Marques de Valladares á Porta do Sol a xente de mobilidade reducida a través dunha rampla e través dun ascensor que os levará directamente ao centro da Porta do Sol da cidade, sen ter que pasar por ningún obstáculo, por ningunha escaleira. Isto todo é posible polo bo facer dos técnicos municipais que

desenvolveron de forma interna un proxecto integrador, un proxecto respectuoso co seu entorno e un proxecto accesible, todo isto vinculado tamén dando un servizo á cidadanía da cidade, á cidadanía de Vigo, á cidadanía do Casco Vello, unha zona que os últimos anos viviu unha transformación notable, unha zona que pasou de ser un barrio no que non se transitaba por el, un barrio totalmente deteriorado a un barrio que hoxe é un o punto de encontro de toda a cidade onde se comparte cultura, ocio, turismo e integración e nese barrio queremos que un mínimo dun 40% das prazas estean adicadas a eses novos usuarios, residentes apostando polo desenvolvemento deste barrio.

Como saben este goberno municipal tamén está insistindo de forma continúa ao consorcio do Casco Vello, á Xunta de Galicia para que se sega apostando pola recuperación deste barrio, e a aposta que lle estamos a esixir a Xunta de Galicia para este catro anos é a recuperación do Berce de Vigo, que é a recuperación dos soportais do Berbés que neste caso seguen sendo a parte prioritaria, parte que nestes momentos non reúne os requisitos como o resto do casco histórico e que queremos comunicar coa Porto do Sol e tamén co Concello, coa Praza do Rei e que estamos facendo na segunda fase das escaleiras mecánicas da Segunda República, proxecto fundamental e necesario para o desenvolvemento. Con este aparcadoiro tamén estamos desenvolvemento non só o uso e funcionamento desta zona da cidade senón tamén estes días xa se presentaron as ofertas sobre o aparcadoiro da Praza de Portugal, onde queremos tamén facer unha recuperación cidadá e un número de prazas tamén adicadas e destinadas aos residentes, un número de prazas que seguramente farán cada vez máis necesaria a vida nunha zona da cidade como esta, que están sendo recuperada, e tamén queremos recuperar o seu entorno, é unha falla que nestes momentos existe, de comunicación ca Praza de Portugal o imos emendar tamén con aquelas escaleiras de García Barbón creando unhas novas escaleiras que poidan comunicar esta praza.

Este é un Regulamento esencial que ao principio temos 30 días de exposición pública para recibir alegacións tantos dos grupos como da propia cidadanía e que seguramente esas achegas serán para melloralo.

O que estamos convencidos é de que a cidade necesitaba ter uns aparcadoiros do século XXI e que nestes momentos estes dous aparcadoiros non reunían eses requisitos, con este nova proposta se o van ter nun prazo breve de tempo vaise



poder gozar duns aparcadoiros máis accesibles, adicados aos residentes e uns aparcadoiros adicados tamén á cidadanía.

SR. PÉREZ CORREA: A cuestión do favor que lle facemos a unha cidade eu poño en dúbida o sistema concesional por iso a emenda que a Marea de Vigo presentou a este Regulamento xa empeza polo primeiro dos artigos do articulado, nós pensamos que xa é momento de cambiar o sistema de concesión dos aparcadoiros desta cidade porque están sendo un auténtico desastre colectivo, tanto na xestión, tanto na política laboral que desempeñan as concesionarias como sobre todo e para nós si que é extremadamente grave, nas cuestións por exemplo de prezos e nas cuestións de alternativas para un traballador/a que quere desprazarse na cidade, porque nós pensamos que as políticas públicas teñen que ser primeiro, para esa maioría social de vigueses/as que vivimos dun salario que cambiamos a cambio dunha plusvalía e que nos polo tanto estamos a aportar tamén parte do armazón, dos impostos co noso traballo, e aquí o gran esquecido deste desbaraxuste son os traballadores/as da propia concesionaria que nese momento estaban a dar o seu servizo. Como se pode deixar, sabendo que unha concesión remata, no desamparo máis absoluto ás familias de traballadores/as que levan moitos anos dentro desa concesión. Como se pode facer, sabendo que hai acordos plenarios dende o ano 98, que din que calquera incorporación dunha concesión nova esixa a subrogación do cadro de persoal, traballadores que se decantan o mesmo día que pecha o aparcadoiro de que o seu posto de traballo se extingue como se extinguiron no seu día os dinosauros sen que lle ninguén lle diga nada, se foi un meteorito chamado mala xestión municipal e sobre todo como non se pode facer unha previsión de que esa concesión rematara e que no momento que remata a concesión non é responsable a empresa senón que é responsabilidade desta casa dar unha saída a eses traballadores/as. Péchase un aparcadoiro practicamente con nocturnidade, ao día seguinte os usuarios, moitos deles non sabían que se pechaba o aparcadoiro e os seus vehículos estaban aínda dentro dese aparcadoiro e o que se fai e pasar aos abonados a outra concesión, de maneira inmediata, que vai pasar? A concesión deste aparcadoiro que se leva ós abonados de maneira natural se lle di, como xa ten os abonados pois que leve a concesión do novo aparcadoiro, vai haber un concurso público con garantías de que

ao final non sexa a mesma concesión que levou ao outros abonados? A nós parécenos un disparate a xestión pública, non a empresa que deixa obviamente de ter o seu servizo e polo tanto esa empresa que nos pensamos que ten unha responsabilidade tamén co amparo dos traballadores, pero que vai pasar con ese cadro de persoal? Vaise facer valer a subrogación que polo tanto implicaría que eses traballadores se teñen que reincorporar á nova concesión e sobre todo se se vai a facer algún tipo de estudo sobre a viabilidade do número de concesións de aparcadoiros privados, porque moitos deles acaban sendo non rendibles dentro desas cláusulas sibilinas que figuran nos concursos, acabamos nós completando o que deixan de gañar eles por unha saturación de prazas de aparcadoiros soterrados.

Nós pensamos que aquí houbo unha improvisación tremenda do que ten que ver sobre todo coa xestión dos traballadores/as da concesión, pensamos que obviamente e aí estamos de acordo que este aparcadoiro tiña que ter un retorno durante os anos de concesión sobre todo, esta empresa seguramente fixo moita caixa sen facer ningún tipo de mellora na instalación e a instalación está practicamente como nos primeiros anos da concesión, con algunhas obras de mellora de pavimento pero de estrutura ou de accesibilidade ningunha e nós pensamos que ten que haber un control tamén sobre a explotación pública destas concesións. Pedimos un compromiso coa reincorporación dos traballadores/as, algúns dende os anos 80 neste aparcadoiro traballando, e que iso se faga de acordo como dicimos con ese acordo plenario que así o esixe e así o obriga.

Polo tanto, nos imos seguir defendendo que esa concesión sexa directa, hai concellos que xa teñen un nivel alto de ingresos a través das empresas públicas de xestión precisamente dos aparcadoiros soterrados, no Concello de Madrid que tanto se cita case 200 millóns de aforro deixando caer as concesionarias privadas que levaban case 20 anos xestionando os aparcadoiros soterrados, e creando e pasando todo isto a empresa pública de xestión de servizos e pensamos que aquí é o momento de que no momento que desaparecen as concesións privadas poder xestionar dende o público para garantir sobre todo os dereitos dos traballadores que foron laminados neste proceso, cun tipo de improvisación que para nós é absolutamente novidosa, esa improvisación que se fai nunha concesión que se sabía que se remataba e que había prazos suficientes para poder dar unha garantía

laboral ao cadro de persoal da anterior concesión.

SR. GAGO BUGARÍN: A verdade é que nós xa non sabemos o que se vai votar aquí, se é que vai dar solución a dous aparcadoiros do centro da cidade ou imos votar a construción da escaleiras mecánicas en arredores a estes aparcadoiros. Dixo vostede Sr. Regades máis veces a palabra escaleiras mecánicas que aparcadoiros e abonados e residentes que é precisamente ao que temos votar aquí e ao que temos que dar resolución. Nos xa o fixemos neste Pleno municipal como vostedes se lembrarán, nos no queríamos ser cómplices de hipotecar dous aparcadoiros no centro da cidade por máis de 30 anos e vimos que de todo o que dixemos e que de tódalas medidas que propuxemos non fixeron nin adoptaron ningunha, pero convén lembralo pola tranquilidade deste grupo municipal ao menos.

En primeiro lugar, dixémoslle que aproveitando a oportunidade da finalización da concesión, de ter a oportunidade de que finalizaban dous aparcadoiros importantes para os usuarios residentes e abonados desta cidade que se aproveitase esa finalización da concesión para aproveitar e facer unha xestión municipal dos mesmos. En segundo lugar, dixémoslle tamén que estes aparcadoiros teñen unha problemática fundamental e é que hai unha problemática coa zona de aparcadoiros, cos aparcadoiros en superficie e con esas edificacións e zonas da cidade que non teñen aparcadoiro privado para residentes desas zonas, e vostedes o que están a facer é metendo nas cláusulas administrativas que só o 20% dos aparcadoiros sexan destinados a residentes, cando saben porque llo dixeron por activa e por pasiva os veciños e llo dixemos no grupo municipal que o principal problema que teñen nesa zona é de aparcadoiro. Dixémoslle tamén que non permitan ás concesionarias cobrar ata 140 euros de aluguer ao mes, parece un aparcadoiro máis de Manhattan ou da Quinta Avenida que do centro da cidade de Vigo, 140 euros ao mes é o que se lles vai permitir cobrar agora á nova concesionaria, por iso que cando falamos de escaleiras mecánicas o que nos preguntamos é se quen vai a pagar as escaleiras mecánicas é a concesionaria ou son os usuarios ou os abonados coas tarifas que van a ter que pagar minuto a minuto ou as tarifas que van ter que pagar ao mes. Esta gracia que lle fai a vostedes agora mesmo isto, que lle cobren 140 euros aos abonados como se poderán imaxinar a eles non lles fai ningunha.

En terceiro lugar, dixémoslle tamén e lle preguntamos cal vai ser a proposta que van levar a cabo co persoal, gracias a mala xestión que se fixo durante anos, agora mesmo o persoal que leva máis de 20 anos traballando en algún dos casos, vense na rúa porque vostedes non fixeron as xestións e non concederon nin quitaron a concesión cando tocaba, aquí os teñen esas son as caras das persoas que se van ir probablemente a rúa gracias a súa nefasta xestión.

En último lugar, o que lle queremos dicir tamén é que non fixeron absolutamente nada para actualizar e esixir á concesionaria que adecuase á legalidade vixente os aparcadoiros e agora resulta que veñen aquí cun proxecto estrela de escaleiras mecánicas, de adaptabilidade, de accesibilidade para minusválidos etc, cando neste último oito anos non fixeron absolutamente nada para iso.

Despois por último, tamén lles deron unha solución temporal de dous meses aos abonados e aos residentes que da noite a mañá se viron na rúa co seu coche e resulta que agora se decantan que ata dentro dun ano non vai abrir o aparcadoiro, pero vostedes lle deron unha solución alternativa de dous meses, pregúntome cal é a alternativa que lle van dar para os dez meses restantes a eses abonados e residentes que viven nesas zonas.

En definitiva este grupo municipal non quere ser cómplice e non vai ser cómplice dunha concesión hipotecaria dun aparcadoiro fundamental para esta cidade e unha vez máis insistimos que esta non é unha demanda do grupo municipal do Partido Popular, esta é unha demanda dos abonados e residentes e esta é unha demanda dos cidadáns desta cidade.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Sr. Gago, a verdade é que eu non o quero nin de cómplice nin de socio, eu ao Partido Popular non o quero ao meu carón para nada. Para nada por unha sinxela razón, polo maltrato que fixo a esta cidade e que leva facendo a esta cidade durante os últimos anos, nós estamos a facer unha proposta no prego dunha reserva para residentes do 40%, cando vostedes gobernaban Sr. Figueroa, estaban vostede naquel goberno, o que lle propuxeron aos veciños do Casco Vello foron unhas prazas, que aquelas eran de Manhattan Sr. Gago, 50.000 euros, sabe cantas se venderon? Ningunha, boa proposta a súa, do Partido Popular. Por iso, socios eu non os quero para nada e claro os prezos de Manhattan, eu vexo que se segue ao Alcalde, un bo referente político, a verdade é que fai ben seguilo.

O Alcalde falada que o aparcadoiro do hospital era como o aparcadoiro de Manhattan polos prezos que tiñan, ese si que é Manhattan, a xente que o necesita que vai ao hospital por necesidade que vostedes lle fagan pagar como se foran de compras a Manhattan.

Hipotecar por máis de 30 anos, estas concesións non son as concesións do Partido Popular Sr. Gago, estas concesións son as deste goberno, a concesión é por 30 anos, non por 55 anos que hipotecaban vostedes a cidade, como son os aparcadoiros de Castelao, de Jenaro de la Fuente.

Despois nós non imos facer demagogia, non imos usar aos traballadores porque somos serios e responsables.

O departamento de Transporte deste Concello, a concelleira responsable de Transporte deste Concello, falou cos traballadores e cos responsables sindicais e sobre todo díxolle que este Concello dentro da Lei fará todo o que poida e o que teña que facer, como fixemos sempre, vostedes señores do Partido Popular non, que foron os que maltrataron a tódolos traballadores.

Señores do Grupo municipal de Marea de Vigo, de Podemos, de Esquerda Unida, de Somos, eu non sei moi ben o que son porque depende do caso nos traen un exemplo de Podemos, de Mareas, eu quería que hoxe me quitaran o exemplo que levaban na cidade de A Coruña sobre a hora, que o levaban no seu programa electoral, que dicían que ían eliminar a hora da cidade de A Coruña, iso o dicían en campaña, porque vostedes dálles igual, vostedes son capaces de ver a xente e dicir en campaña unhas cousas e despois cando goberna facer outras, nós non, nós lles dicimos á xente o que hai que facer e o que se fai, e traballamos para as viguesas/es, vostedes eu non sei para quen traballan, seguramente para os seus propios intereses.

VOTACIÓN: Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e nove en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique

Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente Regulamento do servizo de aparcadoiro soterrado da Porta do SOL co seguinte texto :

REGULAMENTO DO SERVIZO DO APARCADOIRO SOTERRADO SITO NA PORTA DO SOL

TITULO I. NORMAS XERAIS.

ARTIGO 1

O presente regulamento ten por obxecto establecer o réxime de uso, funcionamento e mantemento do aparcadoiro soterrado sito na Porta do Sol, en réxime de concesión administrativa municipal e suxeito aos termos da mesma.

ARTIGO 2

Este regulamento é de observación obrigatoria para o concesionario da explotación do aparcadoiro, para os seus empregados e tamén para os usuarios ou calquera outra persoa que se poida atopar no interior do mesmo ou nos seus accesos, en calquera momento.

O concesionario debera velar polo cumprimento das normas contidas neste regulamento e porá en coñecemento do Concello, titular do servizo público, calquera transgresión do mesmo así como de calquera outra normativa xeral que sexa de aplicación.

ARTIGO 3

No aparcadoiro obxecto da concesión existirá un uso mixto das prazas de aparcadoiro, coexistindo no mesmo prazas de uso restrinxido (prazas de residentes) e prazas de uso indiscriminado (as prazas de rotación).

As modalidades de uso das prazas de aparcadoiro serán as seguintes:

a) Usuario residente: É aquel que, cumprindo as condicións fixadas polo Concello de Vigo no correspondente contrato concesional, adquire o dereito de uso sobre unha praza de aparcadoiro dentro do cupo de prazas reservadas contractualmente para o colectivo de residentes. Dentro deste colectivo distínguense, a efectos de prelación na reserva, entre:

- Residente tipo I: Aquel que vive nun edificio que non conta con dotación de prazas de aparcadoiro privado.
- Residente tipo II: Os restantes residentes.

b) Usuario abonado: Trátase do usuario que adquire o dereito de uso de larga duración sobre unha praza de aparcamento de rotación, abonando a tarifa

correspondente, e segundo o horario e período reflexado no contrato asinado ao efecto co concesionario .

c) Usuario de rotación: É aquel que, mediante o pagamento duna tarifa, adquire o dereito de uso temporal dunha praza de aparcamento libre sen carácter exclusivo.

Ademais no prego de prescricións técnicas e nos planos do proxecto de obras figuraran as prazas de cada modalidade entre elas as que se reservan para usuarios con minusvalías que deberan estar situadas sempre próximas aos accesos peonís para facilitar a súa mobilidade, e no seu caso as reservadas para vehículos eléctricos

#### ARTIGO 4

- O aparcadoiro é de carácter público. A utilización das prazas de aparcadoiro rexerese polas seguintes normas:

a) As prazas serán destinadas ao estacionamento de vehículos automóbiles lixeiros (tales como motocicletas e ciclomotores, vehículos de tres rodas, cuadríciclos de motor, turismos, vehículo mixto adaptable, e furgonetas de p.m.a < 3.500 kg), prohibíndose destinalas a calquera outro fin. As motocicletas e ciclomotores deberán estacionarse nas prazas expresamente destinadas para as mesmas.

b) O acceso ao aparcadoiro implica a dispoñibilidade de prazas libres para estacionamento dos vehículos e así farase constar nos letreiros luminosos situados nos accesos ao mesmo , nos que figurara a información “ libre “ ou “completo “

c) As prazas de estacionamento atribuiranse aos automóbiles polo orden da súa chegada, sen reservas nin preferencias de clase algunha e sen que poida ser rexeitado ningún vehículo, agás no caso de que nas prazas de rotación estivese completo o sempre que a súa admisión implicara perigo ou molestia para os demais usuarios. Exceptúanse as prazas reservadas para minusválidos, que só poderán ser utilizadas por usuarios que xustifiquen tal condición, debendo dispoñer do correspondente distintivo nun lugar visible mentres este usando dita praza.

d) A distribución das prazas de estacionamento e a situación das instalacións e servizos será a máis axeitada para que tanto as operacións de entrada e saída do local como as de control e pagamento do estacionamento se efectúen coa maior comodidade e no menor tempo posible.

e) O uso das prazas de rotación estará suxeito ao pagamento da tarifa correspondente. O cobro do importe total será o exacto consumido e o sistema de cobro devolverá a cantidade sobrance que corresponda.

f) En ningún caso permitirase aos usuarios de rotación e abonados o uso das prazas reservadas a residentes, debendo dispoñer o aparcadoiro dos sistemas de sinalización ao efecto .

g) No caso dos usuarios residentes, só poderán ocupar as prazas de aparcamento destinadas a este colectivo. Se utilizasen prazas de rotación, terían as mesmas obrigas que os usuarios de rotación, debendo abonar as cantidades que correspondan de acordo coas tarifas aplicables a estes, sen dereito a ningún tipo de desconto.

h) A ocupación de máis de una praza de estacionamento por un vehículo ou o seu estacionamento de feito que impida a utilización de outras prazas, ben sexa polo seu tamaño, pola súa colocación incorrecta ou calquera outra causa,

implicará a obrigatoriedade de abonar a tarifa correspondente ás prazas ocupadas ou nas que se impida o estacionamento doutro vehículo.

i) Os usuarios serán responsables dos danos que causen as instalacións do aparcamento ou a outros vehículos ou usuarios por dolo, culpa, negligencia ou infracción das normas establecidas no presente regulamento ou na lexislación aplicable.

j) Sobre as prazas de estacionamento non se poderán realizar obras ou instalacións de elementos que modifiquen a súa configuración, distribución ou deseño de proxecto, así como pechamentos de calquera tipo, protectores de praza nin alteracións das marcas e sinalización que puideran ter. De igual modo queda prohibido o uso de cepos, cadeas, barreiras e outros elementos alleos á praza que impidan o acceso á mesma.

k) As prazas de estacionamento non poderán ser modificadas dividíndoas para obter dous ou máis prazas, nin agregala a outra para formar unha nova praza, agás aquelas prazas que Concello e o concesionario acorden modificar para uso de motocicletas, ou aquelas que estando destinadas en principio a uso de motocicletas, por falta de demanda, o Concello e o concesionario acorden modificar o seu uso para turismos.

l) As rúas de circulación, zoas peonís e, en xeral, os elementos comúns do aparcadoiro serán de uso común e non poderán ser ocupados por vehículos ou partes dos mesmos, debendo estar estes estacionados de xeito correcto dentro da súa praza, sen saírse das marcas que a delimiten. Tampouco poderán ser engadidos a prazas colindantes para facer estas máis grandes ou cambialas de forma.

m) O aparcadoiro, estará en servizo de xeito ininterrompido as vinte e catro horas do día, incluíndo domingos e festivos, sen que poida pechase ao público en ningún momento, agás en casos de grave perigo ou sinistro, ou por interrupcións para executar obras ou outras causas que o xustifiquen, cuxo alcance e duración establecerá o Concello. En caso de peche parcial das instalacións debido a reformas ou mantemento, deberá notificarse con antelación ao Concello e preverse a reubicación das prazas reservadas a residentes, en caso de ser afectadas polas obras, debendo sempre manterse dispoñible a dotación de prazas reservadas a este colectivo.

n) Os usuarios residentes e abonados libres disporán dun dispositivo persoal e intransferible de acceso ao aparcadoiro. No caso dos usuarios de rotación, o acceso ao aparcadoiro permitirase unha vez recollido o ticket de control de entrada, que permitirá determinar a data e hora en que se produce, non permitíndose a entrada sen o mesmo.

ñ) O concesionario contratará un servizo limpeza das instalacións do aparcadoiro. Todos os usuarios deberán velar polo bo mantemento do aparcadoiro, e teñen o deber de conservación do bo estado das instalacións evitando calquera deterioro do inmovible. Os usuarios deben poñer en coñecemento do persoal de control e vixilancia do aparcadoiro calquera anomalía que detecten nas instalacións.

Os usuarios deberan respectar a normativa de aplicación e efectuar un uso correcto do aparcadoiro. En caso contrario o incumprimento dará lugar a resolución de contrato ( previo tramite de audiencia ao interesado) en caso de abonados o a expulsión do aparcadoiro en caso de usuarios de rotación . Todo elo sen perxucio das reclamacións o denuncias que contra o mesmo procedan.



Queda prohibido o verquido de calquera tipo de residuo fora das papeleiras ou puntos de recollida, derrame de líquidos e, en xeral, calquera conduta contraria as normas sobre o uso das instalacións.

o) Todos os usuarios e demais persoas que se atopen no aparcadoiro deberán seguir as indicacións que reciban do persoal de control e vixilancia do mesmo sobre o seu uso, o cal poderá limitar o acceso a determinadas prazas ou modificar as condicións de tráfico do mesmo por causa xustificada que o aconselle .

p) Todos os usuarios, no momento en que se lles permita o acceso ao aparcadoiro, terán dereito a usar as instalacións comúns do mesmo dispostas para tal fin como: accesos peonís, ascensores, servizos, caixeiros automáticos, etc. Non obstante e como medida de seguridade, poderá autorizarse o peche dos accesos peonís e de vehículos, sen perxucio non obstante, de que os accesos peonís poidan utilizarse como saídas de emerxencia.

En todo caso, o horario de peche e as condicións do mesmo, serán fixadas polos Servizos Técnicos do Concello de Vigo encargados da inspección da concesión, e os accesos pechados deberán sinalizarse debidamente. Asemade, todos os usuarios terán dereito á utilización das instalacións nas debidas condicións de seguridade, e a recibir un trato esmerado e educado por parte do persoal do aparcadoiro.

q) Nas oficinas do concesionario e no seu defecto na taquilla, existirán unhas follas de reclamacións para os usuarios, en formato oficial. O concesionario deberá remitir copia das reclamacións presentadas ao Concello no prazo de 10 días naturais dende que as mesmas se presenten, acompañadas do correspondente informe da concesionaria, que servirá de base para a resolución das reclamacións. Nas caixas dos aparcadoiros, en lugar visible, existirá un cartel normalizado indicador da súa existencia .

r) O servizo estará dotado de persoal necesario para que a súa prestación se efectúe nas debidas condicións de seguridade e eficacia evitando ao usuario calquera incomodidade, perigo ou demora.

s) O cadro de tarifas vixentes para toda clase de usuarios estará exposto permanentemente e de xeito que sexa facilmente visible polos mesmos, en paneis informativos instalados en cada una das entradas de vehículos. Corresponderan as que se teñan establecido no contrato concesional coas variacións que proceda en cada momento e polas causas previstas no mesmo.

t) O concesionario permitirá, en calquera momento, que o Concello fiscalice a súa xestión , a cuio efecto poderá inspeccionar o servizo , as obras , as instalacións , locais e a documentación referente ao obxecto da concesión . Tamén deberán cumprir as ordes que reciban para manter o restablecer a prestación contratada .

u) En todo caso establécense as seguintes prohibicións :

1.O acceso de vehículos de altura ou peso superior ao indicado na sinalización exterior da rampla de entrada.

2. O acceso de vehículos de medidas superiores aos recollidos no apartado a) do artigo 4 .

3. O acceso de persoas que non utilicen os servizos do aparcadoiro, nin a permanenza innecesaria das mesmas unha vez utilizado, salvo causas xustificadas.

4. A entrada de animais de calquera especie, agás animais de compañía

debidamente atados.

5. A introdución de sustancias combustibles, inflamables, tóxicas ou perigosas, agás, naturalmente, o carburante do depósito dos vehículos dos usuarios.

6. A circulación de peóns polas ramplas de acceso de entrada e saída de vehículos tanto as do exterior, como as de comunicación entre as plantas do aparcadoiro. Os peóns deberán utilizar obrigatoriamente as escaleiras ou ascensores que lles están destinados e cando transiten polo aparcadoiro o farán polas zonas habilitadas a tal efecto.

7. Acender fogos e fumar.

8. O acceso ás dependencias privadas sen a debida autorización previa do persoal do servizo

v) En horas de pouca demanda e, especialmente, durante o horario nocturno poderán establecerse sistemas de peche, control ou seguridade nos accesos de vehículos e peóns, sen prexuízo dos correspondentes mecanismos de comunicación, apertura a distancia e saída libre permanente de persoas.

#### ARTIGO 5

Para poder entrar no aparcadoiro co vehículo, cómpre que o usuario retire o ticket horario que lle expenderá a máquina situada a este efecto na entrada, ou utilizar a tarxeta de abonado ou residente facilitada polo concesionario .

A circulación polo aparcadoiro suxeitarase as seguintes normas:

a) Dentro do aparcadoiro e nos seus accesos o usuario deberá respectar estritamente: a Lei de Seguridade Vial e as súas normas de desenrolo, a sinalización do tráfico tanto vertical como horizontal, a sinalización indicadora de calquera tipo que instale o concesionario, as indicacións que se fagan por escrito mediante carteis, as indicacións que efectúen verbalmente os empregados do aparcadoiro así como as normas deste Regulamento

b) A velocidade máxima de circulación no interior do aparcadoiro e nas súas ramplas de acceso será de 10km/h.

c) Non se permitirán os adiantamentos entre vehículos, agás que se trate de adiantar a un vehículo detido e a circulación o permita.

d) A marcha atrás soamente permítese nas manobras necesarias para o estacionamento do vehículo e, con carácter excepcional, en casos de absoluta necesidade.

e) No caso de avaría, o usuario terá que comunicalo aos empregados do aparcadoiro e seguir as instrucións que lle sexan indicadas no caso de que o vehículo entorpeza a circulación normal.

f) Non se permite circular en punto morto polas ramplas de acceso ou interiores entre diferentes plantas, nin tampouco en calquera zoa do aparcamento onde a pendente o puidera permitir. Tampouco se poderán usar as ramplas para arrancar o motor do vehículo aproveitando a pendente.

#### ARTIGO 6

En ningún caso o Concello será responsable das lesións e danos que os usuarios ou seus vehículos poidan causar a terceiros o as instalacións do aparcadoiro . Os usuarios deberán poñer en coñecemento inmediato dos empregados do aparcadoiro os danos ou lesións que houberan producido ou presenciado.

Os usuarios causantes de accidentes ou dano, terán a obriga de asinar antes de saír do aparcadoiro, unha declaración na que consten os danos ou prexuízos ocasionados. No caso da súa negativa a asinar , faralo o encargado do aparcadoiro e un testigo facendo constar a súa negativa .

## TÍTULO II. MODALIDADES DE USO DAS PRAZAS DE APARCADOIRO.

### CAPÍTULO I. DE USO RESTRINXIDO RESERVADAS A RESIDENTES EN RÉXIME DE ABONO.

#### ARTIGO 7

1º O número mínimo de prazas destinadas a abonados residentes, nas súas variantes de automóbiles e motocicletas, constara no contrato de concesión asinado entre o Concello e o concesionario e figurara no prego de condicións técnicas que regule a concesión .

#### ARTIGO 8

Terán dereito a solicitar o abono de residentes , as persoas físicas que residan de feito e figuren empadroadas na área de influencia fixada no prego de prescricións técnicas da concesión e que acrediten a súa condición cos documentos que ao efecto lle exisa o Concello ou o concesionario previa conformidade do Concello . Para cada vivenda poderanse solicitar como máximo dous abonos de residente.

#### ARTIGO 9

O contrato de abono de residente da dereito á ocupación dunha praza de aparcamento das reservadas a este colectivo por un período de 24 horas diarias, sen outorgarse dereito algún de reserva ou ocupación preferencial de ningunha delas .

#### ARTIGO 10

As solicitudes desta clase de abonos ponderan efectuarse durante o prazo de execución das obras o posteriormente a finalización das mesmas .

A ) Durante a execución das obras e antes da data da súa finalización o Concello de Vigo, a través de anuncio publicado nun dos diarios dos de maior tirada no municipio, no BOP e na súa páxina web, dará publicidade das condicións de adquisición dos abonos de residente, e das datas para a presentación das solicitudes. Os residentes que desexen adquirir abonos, o solicitarán a partir da devandita data, mediante a presentación da instancia, debidamente cumprimentada nos lugares e prazo que se indiquen no anuncio e acompañada da documentación que se lle poida esixir .

Os gastos de publicación do anuncio correran a cargo do concesionario .

B) Finalizada a anterior fase, os abonos de residente poderan solicitarse directamente no aparcadoiro, mantendo o concesionario un rexistro de solicitudes

por orden de entrada, e cubríndose as vacantes existentes ou que se xeren atendendo aos criterios detallados no artigo seguinte.

#### ARTIGO 11

Para a adxudicación das prazas, as solicitudes debidamente cumprimentadas e acompañadas da documentación esixible , se lles asignara un número de orden en función da data de presentación da solicitude e que servira para a adxudicación . No caso de primeira praza terán preferencia os residentes do tipo I sobre os do tipo II. No caso daquelas vivendas que soliciten dúas prazas, a segunda solicitude incluírase en lista tras finalizar a lista de solicitudes de primeira praza, aplicándose novamente o criterio anterior para determinar o número de orden entre as segundas prazas solicitadas.

#### ARTIGO 12

Realizado o proceso de adxudicación das prazas, o concesionario notificará, mediante carta certificada con acuse de recibo, aos solicitantes beneficiarios con dereito a abono a necesidade da comparecencia na súa sede social para formalizar o contrato de abono, establecéndose un prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, entendéndose que renuncia ao seu dereito de non facelo en dito prazo.

Os solicitantes que non resulten beneficiados, ponderan presentar reclamación no mesmo prazo quedando pendente a resolución definitiva en tanto non se resolva .A estes efectos a relación de adxudicatarios publicarase na paxina Web do Concello.

#### ARTIGO 13

Cos solicitantes que reunindo os requisitos non obteñan prazas de estacionamento, e aqueles que presenten a súa solicitude tras finalizar o prazo inicial sen existir prazas libres, confeccionarase unha lista de espera, e no caso de que quedasen prazas libres, estas se cubrirán por orden de solicitude de residentes, dando preferencia aos do tipo I.

#### ARTIGO 14

O abono da dereito á utilización do aparcadoiro exclusivamente aos vehículos cuxos datos figuren no rexistro de inscrición. Se por causas de forza maior (avarías, accidentes, etc), o abonado tivera a necesidade de utilizar provisionalmente un vehículo diferente aos dados de alta como abonado, debera comunicalo previamente ao concesionario con xustificación suficiente da causa de forza maior. De non facelo así, terá que satisfacer as estancias de acordo coas tarifas vixentes para os clientes de rotación. No caso de substitución definitiva de algún vehículo rexistrado , o usuario comunicarao cunha antelación mínima de 7 días naturais para que a empresa poida actualizar os datos da inscrición e da tarxeta de abono, acreditando en todo caso a titularidade o posesión do vehículo polo titular do abono ou un membro da unidade familiar empadroada na vivenda do mesmo. Non se poderá transferir o abono a terceiros en ningún caso. O cese no abono, deberá comunicarse ao concesionario para a súa posta a disposición dos usuarios en lista de espera. O uso dos abonos por vehículos distintos aos autorizados será considerado como falta grave e sancionado coa perda do abono.

#### ARTIGO 15

Calquera variación dos **datos persoais** do usuario deberá ser comunicada de inmediato ao concesionario e caso de que a variación comporte a perda da condición de residente, o contrato de abono será resolto no prazo máximo dun mes contado dende a data da notificación ao concesionario dos novos datos.

#### ARTIGO 16

O concesionario entregará aos clientes abonados unha tarxeta codificada que será de uso obrigatorio tanto na entrada como na saída do vehículo abonado. Ao recibir a tarxeta de abonado, o cliente satisfará a cantidade que se fixe en concepto de depósito, que lle será devolta cando se produza a súa baixa, sempre que devolva a tarxeta en perfecto estado de uso. Se por causas non imputables ao concesionario fora preciso entregarlle unha tarxeta nova a un usuario, este abonará a cantidade que a tal efecto se fixe en concepto de custe de substitución.

#### ARTIGO 17

A perda o subtracción da tarxeta de abonado terase que comunicar ao concesionario inmediatamente e de forma fehaciente para que se lle entregue unha nova tarxeta previo abono do importe que corresponda.

A non utilización da mesma na entrada o saída do aparcadoiro, agás avarías ou outras causas xustificadas que deberan comunicarse de inmediato aos empregados do aparcadoiro, comportara o abono da estancia na coantía que corresponda a un usuario de rotación.

#### ARTIGO 18

O abono de residente da dereito exclusivamente a ocupar unha das prazas reservadas para este colectivo, e sinalizadas como tales polo concesionario. Queda prohibida a ocupación das prazas en rotación ou reservadas ao abono libre. No caso de contravir esta prohibición, o usuario deberá aboar as correspondentes tarifas de rotación pola estancia realizada.

#### ARTIGO 19

O pagamento das cotas de abono farase do seguinte xeito:

- a) A primeira cota, máis o depósito da tarxeta do abonado, ao contado no intre de subscribir o contrato.
- b) As cotas sucesivas, nas datas e do xeito que se estableza polo concesionario previa autorización do Concello e o que se dispoña no contrato .

#### ARTIGO 20

O impago de dúas cuotas consecutivas na data fixada significará a cancelación automática do dereito de abono. Neste caso, se o vehículo continúa no aparcadoiro, debera satisfacer a súa estancia ao prezo da tarifa vixente para os usuarios en réxime de rotación.

#### ARTIGO 21

O abono de residentes tera unha duración mensual o anual . O abono entenderase tacitamente prorrogado por períodos sucesivos, da mesma duración agás comunicación en contra por parte do usuario. A baixa no abono terá que comunicarse de forma fehaciente e cunha antelación mínima de quince días naturais a data da mesma .Non se admitirán baixas temporais de ningún tipo no

abono. O feito de haber estado abonado e causar baixa no xerará ningún dereito para o caso de que posteriormente se solicite novo abono.

#### ARTIGO 22

A empresa concesionaria queda facultada para rescindir o abono, previo trámite de audiencia ao abonado, no caso de que este incumpra algunha das normas de funcionamento previstas neste regulamento o da normativa xeral que lle sexa de aplicación.

### CAPÍTULO II . PRAZAS DE USO INDISCRIMINADO.

#### ARTIGO 23

As prazas que no estean reservadas a abonados residentes estarán destinadas a ser utilizadas polos abonados e usuarios de rotación nas condicións que se establezan no contrato . O número de prazas destinadas a cada un destes usuarios será fixado discrecionalmente polo concesionario, coa conformidade do Concello, dentro da dotación de prazas de rotación do aparcamento.

#### ARTIGO 24

Poderán establecerse os seguintes tipos de abonos de alugamento desta clase de prazas:

- Abono mensual completo. Uso indiscriminado da praza de garaxe as 24 horas do día por período de un mes.
- Abono mensual diúrno. Uso indiscriminado da praza de garaxe das 8:00 horas ás 21:00 horas por período de un mes.
- Abono mensual nocturno. Uso indiscriminado da praza de garaxe das 21:00 horas ás 8:00 horas por período de un mes.
- Abono anual completo. Uso indiscriminado da praza de garaxe as 24 horas do día por período dun ano.
- Abono anual diúrno. Uso indiscriminado da praza de garaxe das 8:00 horas ás 21:00 horas por período dun ano.
- Abono anual nocturno. Uso indiscriminado da praza de garaxe das 21:00 horas ás 8:00 horas por período dun ano.

#### ARTIGO 25

O usuario abonado facilitará, no intre de producirse a súa admisión, os mesmos [datos persoais](#) e os do vehículo que no capítulo I se existen aos usuarios residentes salvo os relativos ao seu domicilio.

#### ARTIGO 26

En canto aos vehículos cos que o titular do abono poderá acceder ao aparcadoiro estarase ao disposto no artigo 14.

#### ARTIGO 27

A empresa concesionaria entregará a cada abonado unha tarxeta codificada ou elemento equivalente que será de uso obrigatorio tanto na entrada como na saída do vehículo do aparcadoiro.

A non utilización da mesma na entrada ou na saída do aparcamento, agás no caso

de avarías ou causas xustificadas, que terán que ser comunicadas inmediatamente, comportará pagamento da estancia que marquen as tarifas vixentes para o usuario en réxime de rotación.

#### ARTIGO 28

No intre da entrega da tarxeta de abonado, o abonado satisfará a cantidade que se fixe en concepto de depósito, que lle será devolta cando se produza a súa baixa, sempre que devolva a tarxeta en perfecto estado de uso. Se por causas no imputables ao concesionario, fora preciso entregarlle unha tarxeta nova a un cliente, este abonará o importe do seu custe que debe ser autorizado polo Concello.

#### ARTIGO 29

No caso de utilización do aparcamento fora dos horarios de abono concertado, o tempo excedido debera abonarse ao prezo da tarifa vixente para os usuarios en réxime de rotación.

#### ARTIGO 30

A perda ou subtracción da tarxeta de abonado ou a non utilización da mesma na entrada o saída do aparcadoiro aplicarase o réxime o previsto no artigo 17 paragrafo I.

#### ARTÍGO 31

O réxime de pagamento será o previsto no artigo 19.

#### ARTIGO 32

O impago de dúas cotas consecutivas na data fixada terá as consecuencias previstas no artigo 20 .

#### ARTIGO 33

En canto a prorroga e a baixa estarase ao disposto no artigo 21.

#### ARTIGO 34

No caso de incumprimento do abonado dalgunha das normas de funcionamento previstas neste regulamento, aplicarase o disposto no artigo 22.

#### ARTIGO 35

O usuario deberá satisfacer, antes de que o vehículo poida saír do aparcamento, o importe da súa estancia horaria segundo as tarifas vixentes en cada momento. Unha vez abonado o importe correspondente á estancia do seu vehículo, o usuario deberá abandonar o aparcamento no prazo máximo de doce minutos. No caso contrario o concesionario poderá cobrarlle os minutos que excedan de dito tempo ata efectuar a saída.

#### ARTIGO 36

No caso de perda do ticket, antes o despois do seu abono na caixa, o usuario deberá abonar, en concepto de depósito, o importe correspondente ao tempo que permaneza no aparcadoiro o vehículo e como mínimo vintecatro horas . Se aparece o ticket, devolverase no seu caso, o importe cobrado en exceso.

#### ARTIGO 37

O concesionario deberá entregar ao usuario o recibo xustificante do pagamento da estancia no aparcamento.

### TÍTULO III.INSPECCION, FUNCIONAMENTO E REXIME DE EXPLOTACIÓN.

#### ARTIGO 38

O concesionario deberá cumprir en todo momento a normativa sanitaria de aplicación e manter as instalacións en correcto estado de conservación, limpeza e desinfección.

#### ARTIGO 39

O aparcadoiro contará, aló menos, coas instalacións auxiliares que figuran no prego de prescricións técnicas e sempre cun recinto destinado a caixa atendido por persoal do aparcadoiro durante as vinte e catro horas do día e durante todos os días do ano. Tanto nos caixeiros manuais como automáticos deberá admitirse o pagamento mediante tarxeta de crédito

#### ARTIGO 40

Queda expresamente prohibida a colocación de carteis publicitarios no interior do aparcadoiro, agás autorización expresa do Concello.

#### ARTIGO 41

Os carteis , anuncios e calquera outra información deberán figurar en galego, sen perxucio de que poida ser fixado tamén en castelán o en calquera outro idioma oficial.

#### ARTIGO 42

As posibles indemnizacións a terceiros polos danos que poida producir o funcionamento do servizo, por causa imputable ao concesionario ou ao persoal ao seu servizo serán asumidas polo mesmo, agás no suposto de que a responsabilidade dimanara do cumprimento dunha orden directa da Administración Municipal. O concesionario velará polo bo orden do servizo, e ditará as instrucións necesarias ao efecto.

#### ARTIGO 43

O réxime sancionador aplicable ao concesionario en caso de incumprimento do contrato será o que se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas e na restante documentación incorporada a este , entre outros este regulamento o da normativa xeral de aplicación

#### ARTIGO 44

O presente regulamento estará a disposición do público no aparcadoiro e a disposición dos usuarios e a subscrición de calquera tipo de contrato de abono suporá a asunción das disposicións nel contidas. Igualmente a recepción do ticket de entrada ao aparcadoiro suporá a admisión do contido deste regulamento de réxime interior.

Esta circunstancia figurara en anuncio visible no que constara o lugar concreto no



que se atopa .

#### DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación, logo da publicación do seu texto íntegro no Boletín oficial da Provincia, unha vez de tivera transcorrido o prazo de quince días establecido no art. 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. “

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións .

TERCEIRO.- Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei reguladora das bases de réxime local, de non presentarse ningunha reclamación ou suxestións , entenderase definitivamente aprobado o Regulamento , debendo publicarse o texto íntegro no BOP entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación.

### **3.5(229).- APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO AO CÓDIGO DE BO GOBERNO LOCAL DA FEMP. EXPTE. 51/1102 (1278/1101)**

ANTECEDENTES.- Mediante escrito, de data 10 de novembro de 2015, a secretaria do Goberno Local, co conforme do Alcalde, formula o seguinte informe-proposta:

“Por Resolución da Alcaldía de data 5 de novembro de 2015 adoptouse acordo de incoación do expediente administrativo para a adhesión do Concello de Vigo ao Código de Bo Goberno Local da FEMP, nomeando, a tal fin, á Secretaria do Goberno Local como instrutora, atribuíndolle a competencia para a formulación de Informe-proposta.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (LTBG)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL)<sup>2</sup>
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG)

<sup>2</sup> Modificada nesta materia recentemente polo Real Decreto Lexislativo 7/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo

- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Procedemento Administrativo Común e Réxime Xurídico das Administracións Públicas (LRJPAC)<sup>3</sup>
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas
- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Lei 7/2007, do 14 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF),
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### Primeiro.- Marco normativo

Tal e como se recolle na lexislación aplicable, as precisións normativas en materia de bo goberno e imposición de estándares de condutas como obrigas legais en relación coas Corporacións Locais atópanse basicamente na LRBRL e no ROF. Sen prexuízo da relevancia da LTBG que no ámbito do bo goberno positivizou, con carácter definitivo, a dimensión ética na xestión pública ao asociar a dita materia un réxime sancionador propio. Case dous anos despois da súa entrada en vigor non se advirte gran visibilidade na súa aplicación práctica. Ás ditas normas engádense as dispersas obrigas legais contidas nas normas reguladoras do réxime de incompatibilidades, do procedemento administrativo común, nas normas en materia de contratación, emprego público, así como a propia normativa autonómica en materia de réxime local e as normas aprobadas polas respectivas entidades locais, entre outras.

A LTBG adica o seu Título II á regulación do Bo goberno, en vigor dende a publicación da normativa a difereza das previsións relativas á transparencia, recollendo no seu artigo 26 un conxunto de principios xerais e de actuacións, tipificando as distintas infraccións en materia de conflitos de intereses, de xestión económico-financeira e infraccións disciplinarias, coas correlativas sancións previas á tramitación do expediente sancionador. A adhesión ao CBGL FEMP non desvirtúa nin altera as obrigas legais, antes ben supón un elemento de reforzo positivo no cumprimento destas. O modelo da LTBG de regular con rango de lei as obrigas en materia de Bo goberno seguiron algunhas normativas autonómicas, como a Lei 3/2014, de 11 de setembro, de Transparencia e Bo Goberno de La Rioja, a Lei 19/2014, de 29 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno de Cataluña, entre outras.

En Galicia aprobouse tempranamente a Lei 4/2006, de 30 de xullo, de Transparencia e Boas prácticas da Administración Pública Galega, predicindo o modelo ao recoller as boas prácticas na xestión como un contido normativo. Na actualidade atópase en trámite parlamentario un novo proxecto de lei de

---

<sup>3</sup> Obrigas que se manteñene inalteradas nas normas que derogarán a LRJPAC, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, cuxa entrada en vigor se producirá a partires de outubro de 2016.

transparencia, aínda que non recolle no seu ámbito subxectivo ás Entidades Locais.

Ao carón dos textos legais e na liña de autorregulación que representa este tipo de Códigos, téñense aprobado outro tipo de iniciativas, entre as que se poden citar:

- Resolución de 31 de marzo de 2009, Acordo do Consello de Goberno polo que se aproba o Código ético de conduta dos membros do Consello de Goberno e Altos Cargos da Administración da Comunidade Autónoma de Extremadura e se adoptan medidas de transparencia, contención e austeridade na execución do gasto público.
- Resolución 13/2013, de 28 de maio, do Director da Secretaría do Goberno e de Relacións co Parlamento, pola que se dispón a publicación do Acordo adoptado polo Consello de Goberno que aproba o Código Ético e de Conduta dos cargos públicos e persoal eventual da Administración General e Institucional da Comunidade Autónoma de Euskadi.
- Resolución de 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 24 de xullo de 2014 no que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia.

Segundo.- Natureza dos instrumentos éticos na xestión pública

Baixo a variada denominación que adquiren este tipo de códigos, atopámonos con distintos instrumentos de similar natureza que serven a idéntica finalidade: códigos éticos, códigos de conduta, códigos de bo goberno ou códigos de boas prácticas; serían só algúns deles, entre os que non resulta sinxelo establecer unha delimitación conceptual polos seus contornos difusos.

Agora ben, con independencia da denominación que adquira en cada caso, no que nos ocupa, Código de Bo Goberno, todos eles carecen de forza coercitiva e de mecanismos legais para esixir o seu cumprimento máis aló do nivel de compromisos éticos, tal e como declarou o Tribunal Constitucional en sentenza 248/2006, de 23 de outubro, recurso 6845/2001. Non obstante, e malia a ausencia de carácter normativo, gran parte do seu contido pode ser reconducido ás citadas normas vixentes reguladoras de obrigas legais e que, en caso de incumprimento extremo, poden chegar a alcanzar mesmo relevancia penal, ademais do valor que ten como instrumento de reforzo dos compromisos de xestión pública.

A percepción duns estándares de conduta axustados ás novas esixencias da sociedade no ámbito da xestión pública local adquire maior relevancia, xa que a proximidade da cidadanía á súa xestión permite a esta fiscalizar con maior eficacia a equidade e a ética no seu comportamento, polo seu elevado grao de coñecemento e proximidade ás circunstancias que rodean aos representantes políticos, aconsellando intensificar as medidas de transparencia e rendición de contas.

Terceiro.- A aprobación do Código de Bo Goberno Local FEMP

O CBGL FEMP apróbase no ano 2009 como unha iniciativa novidosa no escenario da

ética pública local, inspirándose nas Recomendacións nº 60 e 86 do Congreso de Poderes Locais Rexionais do Consello de Europa (CPLRE) aprobadas en 1999 para inspirar os comportamentos das autoridades locais en relación coa “ética política”, seguindo a liña iniciada polo “Código Europeo de Conducta para a integridad política de los representantes locales electos”, aprobado polo CPLRE, que avoga pola promoción de códigos de conduta para os representantes locais como instrumentos que permitirán crear confianza entre os políticos e cidadanía; indispensable para que aqueles que teñan que desenvolver as súas funcións o poidan facer de xeito eficiente na consideración de que o respecto polo mandato do electorado vai estreitamente unido ao respecto dunhas normas éticas. Nesta dirección insiste tamén a Conferencia de Ministros europeos responsables das Institucións Locais e Rexionais, con ocasión da declaración sobre a “participación democrática y la ética pública a nivel local y regional”.

O novo escenario normativo, así como a demanda por parte da sociedade dun nivel cada vez máis esixente de valores e principios de integridade no desenvolvemento das responsabilidades públicas, conduciron á necesidade de someter a revisión o CBGL da FEMP. Revisión que foi aprobada pola Xunta de Goberno da FEMP en sesión de 24 de marzo de 2015, e que na actualidade, xunto coa Ordenanza Tipo de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, se integran na estratexia de transparencia da FEMP, articulada a través da Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidadá.

#### Cuarto. Ámbito subxectivo

O CBGL inclúe no seu ámbito de aplicación aos seguintes suxeitos:

*El presente Código, en su condición de instrumento inspirador de la actuación de las Entidades Locales y del personal a su servicio, se aplicará a:*

- *Los miembros de las Corporaciones Locales, en su condición de representantes electos, con independencia de su integración o no en el respectivo gobierno.*
- *Los miembros de los órganos de gobierno de los Organismos Autónomos, Entidades públicas empresariales locales y Sociedades mercantiles locales, así como Fundaciones de naturaleza local.*
- *Los titulares de órganos directivos, según la definición de la normativa en materia de régimen local y función pública.*

*El personal que desempeñe funciones directivas y predirectivas al servicio de la administración local, entendiéndose por tal a aquéllos que ejerzan funciones de gestión o ejecución de carácter superior, ajustándose a las directrices generales fijadas por el órgano de gobierno de la Corporación, adoptando al efecto las decisiones oportunas y disponiendo para ello de un margen de autonomía, dentro de esas directrices generales.*

*d. Funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.*

Puntualizando que para os efectos de clarificar terminoloxicamente o ámbito subxectivo no desenvolvemento do CBG, as referencias aos empregados públicos incluídos no mesmo, utilizarase a expresión “directivos públicos locais”. Achégase neste punto a redacción da Disposición Adicional Decimoquinta LRBRL, modificada pola Disposición Adicional Novena, apartado 5 do Real Decreto Legislativo 7/2015,

do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

#### Quinto.- Estrutura e contidos do Código de Bo Goberno

No tocante á estrutura do CBGL, non procede a súa división en Títulos e Capítulos dada a súa carencia de valor normativo, nin tampouco a segmentación articulada do seu contido. Defínense, a ditos efectos, distintos apartados nos que se apuntan as liñas estratéxicas para a axeitada xestión pública local que se estruturan arredor da delimitación do seu ámbito obxectivo e subxectivo, a incorporación dos principios do bo goberno local, así como os estándares de conduta para a mellora da democracia local e compromisos éticos en materia de conflitos de intereses, que se completa co réxime de incompatibilidades e retribucións. Sobre esta base introdúcense os aspectos máis novidosos nesta revisión e que, polo tanto, poden ser obxecto dun maior desenvolvemento na súa aplicación polo innegable percorrido que pode ofrecer ao obxectivo perseguido.

Trátase, por unha banda, de sentar as bases para ordenar as relacións entre cargos electos e empregados públicos, é dicir, entre os niveis de goberno e administración, e por outra dun conxunto de medidas para a mellora da democracia participativa, reseñando a definición dun marco para a participación cidadá 2.0, na liña de administracións orientadas ás tecnoloxías da información e da comunicación, máxime tras as últimas reformas normativas que afectan ás administracións públicas. Por último, recolle o procedemento para a aprobación do CBGL polas Entidades Locais e a necesaria avaliación e seguimento, labores nos que se recoñece un papel destacado á FEMP a través das distintas iniciativas en materia de transparencia e participación, canalizadas agora a través da “Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana”<sup>4</sup>, á que se adheriu o Concello de Vigo por medio do acordo plenario de 28 de abril de 2015.

A adhesión do Concello de Vigo ao CBGL FEMP terá, ademais, unha clara proxección no tempo, non limitándose á Corporación actual, dende a consideración de que unha vez adherido calquera incorporación dun cargo público, asunción de responsabilidade política ou función executiva na organización, esixirá a suscripción previa do CBG.

#### Sexto.- Aprobación e aplicación do Código de Bo Goberno

O procedemento de aprobación require a adopción dun acordo formal de adhesión, atribuíndo a competencia para o dito acordo ao Pleno da Corporación, cara a facilitar a íntegra suscripción dos seus principios e valores pola totalidade dos membros da Corporación, con independencia da súa integración no grupo do goberno ou nos da oposición, en coherencia coa esixencia a toda a Corporación de asumir elevados compromisos de conduta, mediante a integración da dimensión ética na súa xestión e actuación como representantes públicos.

---

4 Esta Rede de recente creación ten por finalidade promover a innovación e mellora permanente da relación entre os gobernos locais e a cidadanía baixo os principios do Goberno Aberto mediante o intercambio de experiencias e a aprendizaxe permanente, traballando en rede e desenvolvendo proxectos [http://www.femp.es/Microsites/Front/PaginasLayout2/Layout2\\_Personalizables/MS\\_Maestra\\_2/\\_k6sjJ7QfK2Z5a0ypjGDF7hVCHy14AjBJbrBw0bPsMCI91AF5Q35sy0SLzLOH4R4Q](http://www.femp.es/Microsites/Front/PaginasLayout2/Layout2_Personalizables/MS_Maestra_2/_k6sjJ7QfK2Z5a0ypjGDF7hVCHy14AjBJbrBw0bPsMCI91AF5Q35sy0SLzLOH4R4Q)

Para materializar as previsións do CBGL, unha vez aprobada establécese a necesidade de proceder á asignación individualizada da dita responsabilidade no marco da organización política e administrativa, a efectos de garantir o cumprimento dos seus obxectivos. Para iso , os órganos e persoal responsable da dita función adoptarán cantas actuacións sexan necesarias para garantir a axeitada difusión e coñecemento do CBGL, con especial incidencia sobre tres eixes: garantir o seu coñecemento pola cidadanía, a súa incorporación ao ordenamento xurídico local e a máxima difusión. Nesta liña actúa a proposta de acordo que se recolle no expediente, ao prever a inserción tanto do acordo de adhesión como do CBGL FEMP no seu texto íntegro, tanto na páxina web municipal como no Portal de Transparencia, e a difusión en clave interna a través da Intranet municipal.

Pola súa banda o CBGL xa prevé unha liña de avaliación a través dos seguintes mecanismos:

- A nivel individual, o Concello elaborará, coa periodicidade que se determine, un informe de avaliación sobre o cumprimento do CBGL a través de indicadores de medida e valoración, que incorporará, a súa vez, o resultado dos procesos de avaliación e seguimento dos instrumentos de planificación, as cartas de servizos e outros compromisos de calidade existentes.

a) Con carácter xeral, prevese a creación dun Observatorio de avaliación da transparencia, a calidade e o bo goberno, a efectos de valorar a aplicación do Código e propoñer actuacións de implementación e mellora, así como de avaliación e seguimento, sen prexuízo da asignación doutras finalidades.

Non podemos esquecer que o CBGL carece dunha previsión sancionadora en coherencia coa súa natureza, pero tamén coa existencia dun amplo, e aínda non desenvolvido, réxime sancionador previsto nos artigos 27 e seguintes da LTBG, nos que se establece a tipificación dun elevado número de condutas, así como a correspondente sanción, e sen prexuízo da súa incardinación noutros réximes sancionadores en execución da normativa citada e da responsabilidade que, no seu caso, se puidera derivar noutras ordes xurisdicionais.

En definitiva, tal e como se recolle na resolución de iniciación do expediente o Código de Bo Goberno da FEMP, satisface as demandas derivadas do alto nivel de esixencia aplicable aos responsables públicos locais, como depositarios dun mandato representativo cidadá, a súa eficacia como instrumento para a introdución da ética na xestión municipal ten sido demostrada.

Polo exposto, considerando a natureza e contidos do CBGL da FEMP así como a definición legal do Pleno como órgano integrado polo conxunto da Corporación, formúlase ao Pleno do Concello de Vigo, a seguinte”

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte

dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión ordinaria de 23 de novembro de 2015, ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos a Pleno a incoación do expediente de adhesión deste Concello ao Código de Bo Goberno Local da FEMP. Precisamente esta Federación xa no ano 2009 tivo unha iniciativa novidosa e pioneira no marco normativo cun mecanismo de autorregulación que evidentemente converteuse e tivo unha gran utilidade para o desenvolvemento das responsabilidades públicas locais.

Posteriormente a aprobación da Lei 19/2013, de Transparencia eleva a rango legal o que xa, como dicía anteriormente, a Federación Española de Municipios e Provincias fora pioneira no ano 2009, neste Lei recóllese todo o relativo ao bo goberno e o código que nós traemos aquí para a súa adhesión e para a súa posterior tramitación, é un código suficientemente completo por non estenderme, no que se regulan como apartados fundamentais os principios dese código de bo goberno local, medidas concretas para mellorar a xestión e a calidade da democracia local, tamén se recollen incompatibilidades de declaracións de actividades e bens, retribucións económicas dos electos, medidas de democracia participativa e tamén mecanismos para a súa aprobación, difusión e cumprimento.

Este Código, como digo, satisfai as demandas éticas e democráticas derivadas do alto nivel de esixencia aplicable aos responsables públicos, é un instrumento cuxa eficacia demostrouse e que ademais no caso concreto do Concello de Vigo precisamente nos caracterizamos por esta aposta pola transparencia porque xa antes da promulgación da Lei de Transparencia, os resultados do índice de transparencia do 2014 e do índice de transparencia internacional demostran claramente o que moito que se fixo e que se realizou neste Concello. Polo tanto, propoñemos esta aprobación e esta adhesión porque entendemos que no marco da estratexia municipal de transparencia e gobernanza local que levamos practicando xa dende hai uns anos, certamente cumpre con estes requisitos e continuaremos con eses principios que sempre nos guiaron en canto a transparencia en todas e

cada unha das nosas políticas.

SR. PÉREZ CORREA: Dende logo nos imos a votar a favor desta proposta, primeiro porque goza dun consenso de tódalas formacións políticas presentes na FEMP e recolle gran parte das demandas non só da cidadanía senón tamén da oposición. A nós o surrealismo como arte, escola pictórica ben, pero o surrealismo en política, isto é absolutamente surrealista que sexa o Partido Socialista, este goberno local, o que traslade este código a este Pleno. Eu pido, estamos dispostos a facer un borrón e conta nova sobre moitas das cousas que nós temos trasladado a este goberno, se isto se asume a partires da aprobación neste Pleno, porque o que contén este código ético é cousas que sistematicamente están sendo incumpridas polo Partido Socialista, polo goberno local con respecto á oposición e ben proba diso son algunhas cousas que eu quero deixar enriba da mesa porque están neste código. Nós imos facer público este código, imos distribuílo “urbi et orbi” como di o Papa, nesta cidade, porque todo dios ten que saber por exemplo, unha das cousas que inclúe este código ético é precisamente o que están a facer vostedes agora, sistematicamente, interromper á oposición, e di o código “fomentarán os valores cívicos e utilizaran un ton respectuoso, esmerado e deferente nas súas intervencións no trato aos cidadáns”, con respecto ao trato respectuoso, esmerado e deferente está moi ben chamarlle indecente a un grupo municipal, cousa que para min entre dentro das cousas delirantes que se viven neste Concello. “Responderán ante os cidadáns durante todo os seu mandato, atendendo diligentemente a calquera solicitude de información relativa ao desempeño das súas funcións”, cousa que para nós, como grupo municipal, dende o goberno local chámase cero, chámase silencio administrativo.

Punto 14, “fomentárase a creación de instrumentos de control e seguimento da contratación pública para garantir que os operadores económicos un trato igualitario non discriminatorio”, unha comisión de seguimento das contratas municipais que se pediu neste Pleno, “responderán diligentemente ás solicitudes de información formuladas polo medios de comunicación en relación co desempeño das funcións, absténdose polo contrario de subministrar calquera dato confidencial”, as famosas filtracións a un medio si, e a outros non. Este compromiso ético, nós estamos dispostos a autoemendarnos se a partir de agora



son as táboas de mandamento de tódolos membros desta Corporación e empezamos a asumir que a oposición ten dereitos, que cando nós presentamos por Rexistro algo o silencio administrativo non só vai en contra seguramente da Lei, seguramente vai en contra deste código ético que sen os trae aquí por parte do goberno local e por suposto que hai unha serie de lugares comúns que dende logo vai dicir que si, pero que este Código Ético só o aplican na practica política do día ao día, cousa que este grupo municipal non ve dende logo nas prácticas habituais deste goberno. Xa con que eses doce puntos que poñen enriba da mesa con este Código Ético, con que ese doce puntos se constituirán como a norma habitual de funcionamento dun concello como o de Vigo, nos estaríamos de acordo, porque aquí estamos a ver dende unha falla de corresponsabilidade no sentido da transparencia de cara á oposición, porque a transparencia non é colgar un expediente na web, transparencia é tamén que a oposición teña capacidade de acceder aos expediente, efectivamente cumprir unha Lei de transparencia que hai que cumprir por exemplo, nos miles e miles de escritos que a cidadanía mete por Rexistro e que nunca son contestados e quedan no limbo administrativo.

Polo tanto, nós estamos dispostos, dáme igual o que pasa e A Coruña, Santiago de Compostela e ata en Mos, eu estou falando da miña cidade que é onde vivo e onde traballo.

Polo tanto, se queremos falar de Código de Ético, de Códigos de Bo Goberno, empecemos a trasladalos á práctica política.

Imos votar a favor pero a partir de agora isto se converte nun manual de traballo que nos imos pedir que se cumpra porque foron vostedes os que trouxeron este documento ao Pleno e polo tanto a responsabilidade primeiro de cumprilo é súa.

SR. GAGO BUGARÍN: Voulles ler o primeiro paragrafo do preámbulo porque creo que vostedes non o leron e recolle moi ben cal é o principio e cales son os obxectivos.

PRESIDENCIA: Non só o limos senón que eu era o vicepresidente da FEMP cando se aprobou, lémbrollo.

SR. GAGO BUGARÍN: Nun contexto económico, social e político no que a cidadanía manifesta un alto grado de desconfianza respecto da política, das institucións e

responsables públicos, faise necesaria canalizar esta situación como unha oportunidade, como motor para a profundización democrática. Deste modo as entidades locais deben redobrar esforzos por restablecer o valor da política local e recuperar a confianza na cidadanía mediante unha intensificación e exteriorización efectiva dos valores públicos, dos estándares de conduta e da actitude ética dos cargos públicos e dos directivos locais.

A nos resulta e nos chama a atención que vostedes propoñan que aprobemos agora este Código de Bo Goberno da FEMP cando o seu novo presidente pon en práctica, día a día, cousas que pouco teñen que ver coa transparencia, co acceso á información e coa democratización da administración local. Pero pouco ten que ver coa transparencia que a este goberno municipal se lle demandar por activa e por pasiva, por exemplo, os contratos menores que se veñen a realizar neste Concello e non se lle dera mes tras mes ningún deles. Tampouco ten sentido ningún falar de Código de Bo Goberno e de transparencia cando se solicitaron os expedientes de contratación, de cales e como son os procesos de contratación dalgunhas das obras concretas e tampouco se lle solicitaron por rexistro nin mediante pregunta no Pleno, ou por exemplo a non comparecencia do Alcalde da cidade para dar conta dalgunhas dos sospeitas da forma de contratación deste Concello.

Chámanos a atención que ademais traian esta adhesión definitiva a este Código de Bo Goberno neste momento, nun momento en que o Goberno Municipal está en tela de xuízo e nunca mellor dito, con catro membros imputados do Goberno Municipal, incluído o seu Alcalde.

En calquera caso, convén lembrar que foi o Partido Popular o primeiro en dar o paso definitivo nesta dirección demanda polos cidadáns, coa Lei de Transparencia nacional e autonómica, por iso lle digo que é bo que saiban que foi este partido o primeiro en dar un paso que demandaba a cidadanía.

Así, como non pode ser doutra forma, este grupo municipal votará a favor de calquera medida que teña como obxecto democratizar a administración e eliminar calquera imaxe de sospeita, pero o importante é non facelo de boca senón poñelo en práctica.

SR. LÓPEZ FONT: Diría que o sorprendente é que coincidan Marea de Vigo e o Partido Popular, pero non ten nada de sorprendente porque normalmente é o que

se soe dar neste Pleno.

Sr. Gago, non estraña absolutamente que traíamos nós este Código de Bo Goberno, porque precisamente como dicía anteriormente o Alcalde na súa condición de Presidente da FEMP é o maior artífice de que a FEMP teña este Código de Bo Goberno, e é un Código de Bo Goberno e de medidas de transparencia que levamos aplicando aquí oito anos, nove anos, porque cando o Sr. Pérez instigaba dende o público a determinados colectivos a non deixar falar aquí aos concelleiros democraticamente elixidos, cando instigaba para que non puidéramos falar e escoitamos sonoras rifas para que non se nos puidera facer entender, cando o Sr. Pérez facía iso, xa practicábase aquí a democracia, a transparencia, e o fixemos dende o primeiro día en que o Sr. Abel Caballero é Alcalde, o que pasa é que vostedes ás veces o que teñen é un descoñecemento moi importante da normativa, e queda moi ben isto de pedir documentación, contratos menores e demais, o que hai que estar atentos é ao que se aproba en Xuntas de Goberno, o que hai que estar atentos é ao que se aproba en Pleno porque aí é onde está toda e cada unha das informacións. Polo tanto, voullo dicir ao revés, tanto a un como a o outro, precisamente se alguén ten lexitimidade e autoridade moral para traer aquí este Código de Bo Goberno somos, porque me parece moi ben que lea ese preámbulo pero todo o cuestionamento de determinadas políticas e de determinadas actuacións son as que levan a cabo dende o Partido Popular e tamén dende Marea de Vigo, porque aquí moito presumir de democracia pero xa vexo eu a democracia participativa e outras cuestións que se practican en Santiago de Compostela, en A Coruña e en Ferrol.

Mire, Sr. Correa, grupo político indecente, suscribo as palabras do Alcalde e as digo literalmente neste Pleno, e iso non vai en contra do bo goberno nin da transparencia, porque produce vergoña allea e eu non mo cría, aínda que de vostedes non me sorprende nada, cando no Pleno pasado se abstiveron en dar o nome dunha rúa a unha policía local asasinada, en defensa de vostede, en defensa de min e defensa de tódolos cidadáns, se para isto foron elixidos vostedes e para isto estiman que vale a política, pois sinceramente como facía mención ao Papa, que veña Deus o vexa e tenllo vostede que facer ver, porque nós aquí trouxemos o nome dunha rúa para unha persoa que defendeu a tódolos vigueses e vostedes teñen o santo callo por ser castizo de absterse.

PRESIDENCIA: Garde silencio, os cidadáns decidiron quen estaba neste Pleno, e decidiron quen non estaba neste Pleno. A democracia é respectar o que din os cidadáns, non respectar a democracia ten un nome que non vou citar, pero ten un nome, e os cidadáns votaron e decidiron quen que se sentaba aquí e quen non, decidido democraticamente.

*(No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ao Código de Bo Goberno Local da FEMP, asumindo os compromisos e estándares de conduta establecidos neste instrumento no marco da estratexia de transparencia definida ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Segundo.- Asignar, de conformidade coas previsións do CBGL, as responsabilidades políticas no seguimento do cumprimento dos obxectivos fixados ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, e as responsabilidades administrativas á Secretaria do Goberno Local, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña.

Terceiro.- Dar publicidade ao acordo de adhesión mediante a súa inserción na páxina web municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, incluíndo así mesmo o texto íntegro do Código de Bo Goberno, para o seu xeral coñecemento pola cidadanía.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á FEMP, á Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidadá.

Quinto.- Dar publicidade interna ao presente acordo mediante a inserción na intranet municipal do mesmo así como do texto íntegro do Código de Bo Goberno, para o seu coñecemento polo conxunto dos empregados públicos.”

**3.6(230).- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 13 DO PXOM DE VIGO NO ÁMBITO DA “AOD A-4-76-SEARA”. EXPTE. 14606/411 (1284/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 30 de outubro de 2015, a técnica de administración xeral con conforme da xefa de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo, formula o seguinte informe-proposta:

“En data 06.06.2015, a Vicepresidenta da XMU ditou Resolución incoando a modificación puntual nº. 13 do PXOM/08 no ámbito de solo urbano non consolidado «A-4-76 Seara», en cumprimento e como consecuencia das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 29.07.2011 (p.o. 4440/2008, confirmada por sentenza do Tribunal Supremo do 05.05.2014), do día 31.01.2013 (recurso de apelación nº. 4561/2012) e do día 27.06.2013 (recaídas na cuestión de ilegalidade nº.4837/2012 e na cuestión de ilegalidade nº.4846/2012) e, así mesmo, instou da Oficina de Planeamento e Xestión a elaboración da documentación técnica necesaria para a tramitación e aprobación desa modificación puntual do PXOM/08.

En marzo de 2015, os servizos técnico-xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión asinaron o Documento Ambiental Estratéxico e o Borrador de Plan requiridos na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental e mediante oficio da Vicepresidenta da XMU do día 17.03.2015, dirixido á Secretaría de Ordenación do territorio e urbanismo, remitiuse a dita documentación e formulouse a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

O día 09.06.2015, o Secretario xeral de Calidade e Avaliación ambiental resolveu formular o informe ambiental estratéxico da modificación puntual nº. 13 do PXOM de Vigo relativo ao non sometemento da dita modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria (publicada no DOGA nº. 125, do 06.07.2015).

Con data 18.08.2015, o Departamento de Mobilidade e Seguridade emitiu o informe incorporado ao expediente.

O día 30.10.2015, foi emitido o informe de calidade e legalidade da modificación puntual nº. 13 do PXOM contemplado no artigo 85 da LOUGA.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Normativa examinada

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLR 2008)
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)
- Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do territorio (LOT)
- Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)
- Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)
- Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística
- Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (DOT)
- Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental
- Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia
- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de Vivenda de Galicia (LVG)
- Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habilitabilidade de Galicia
- Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Desenrolo e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras
- Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)
- Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitiva e parcialmente pola Orde da CPTOPT de 16 de maio de 2008 (*Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de CMATI de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) de aprobación do documento da orde do 16.05.2008(PXOM)

- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 06.09.2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

II. Obxecto da modificación puntual n.º. 13 do PXOM de Vigo no ámbito da «A-4-76 SEARA» do PXOM de Vigo.

A modificación puntual n.º. 13 do PXOM de Vigo foi elaborada en cumprimento da Resolución da Vicepresidenta da XMU de data 06.06.2014 dictada con motivo dos pronunciamentos xurisdiccionais contidos nas sentenzas dictadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en data 29.07.2011 no P.O. 4440/2008 (confirmada por sentenza do Tribunal Supremo do día 05.05.2014), en data 31.01.2013 no recurso de apelación n.º. 4561/2012 e en data 27.06.2013 na cuestión de ilegalidade n.º.4837/2012 e na cuestión de ilegalidade n.º.4846/2012, relativas a parcelas sitas no ámbito «AOD A-4-76 SEARA» do PXOM de Vigo.

As referidas sentenzas recoñeceron a condición de solo urbano consolidado das parcelas que nelas se refiren debendo o PXOM de Vigo excluílas do polígono de solo urbano non consolidado da «AOD A-4-76 SEARA» no que o PXOM as incluíra e dotalas da ordenación pormenorizada que mellor responda ao interese xeral. Ao propio tempo, esta modificación puntual requiriu do estudo da situación xerada nese polígono dado que a súa ordenación e delimitación vese afectada polas determinacións e cumprimento daqueles faios xudiciais.

Polo tanto, a presente modificación puntual recoñece a condición de solo urbano consolidado das parcelas que se emprazan nos n.º. 94, 96, 98 e 100 da r/López Mora e 25 da rúa r/Tomás Alonso, en Vigo, abordando, igualmente, a súa ordenación detallada. Ademais, opta por remitir a ordenación pormenorizada do novo ámbito da «A-4-76 SEARA» a un plan especial en cuxo seo se aborde a análise detallada do polígono e as concretas determinacións urbanísticas propias desa escala de detalle atendidos os condicionantes urbanísticos que presente, se ben, respectando os criterios de ordenación que se sinalan na documentación técnica deste modificación puntual (usos pormenorizados, tipoloxías edificatorias e criterios vinculantes de ordenación) e os seguintes obxectivos específicos:

- Consecución das zonas verdes previstas e conexións externas accesibles.
- Conexión viaria rodada entre as rúas Tomás A. Alonso, r/Coruña e r/López Mora.
- Peonalización do camiño Seara, con acceso rodado restrinxido (residentes, acceso a garaxes, carga-descarga, outros, etc.), xunto coas conexións peonís dende a r/López Mora á zona verde.
- Fixación da ordenación detallada das parcelas que debe incorporarse como solo urbano consolidado, outorgándoseles aliñacións así como unha ordenanza reguladora.
- Sinalamento das aliñacións, que eviten a condición de inedificable das parcelas en solo urbano consolidado.
- Fixación das determinacións substantivas e vinculantes da ficha individualizada que se incorpore que cumpra cos obxectivos marcados pola

modificación puntual.

A modificación puntual se instrumentaliza no documento do PXOM coa substitución das follas 9-k e 10-k da serie 2 (escala 1/2000), da folla 6 da serie 1 (escala 1/5000, da ficha do APR A-4-76 SEARA, e coa supresión da ordenación do dito polígono.

### III. Tramitación procedimental.

De acordo co disposto no art. 93.4 da LOUGA, a modificación de calquera dos elementos do planeamento urbanístico suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación. No caso do plan xeral o procedemento de aprobación seguirá o previsto nos artigos 84 e 85 da LOUGA, obrando no expediente administrativo a Resolución do día 09.06.2015 do Secretario xeral de Calidade e Avaliación ambiental pola que formula o informe ambiental estratéxico da modificación puntual nº. 13 do PXOM de Vigo e decide non sometela ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Así pois, con arreglo ao previsto no art. 85.2 da LOUGA, o Concello de Vigo procederá a súa aprobación inicial e o someterá, xunto con todos os documentos integrantes do expediente administrativo, ao trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior circulación da provincia. Simultaneamente, e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos concellos limítrofes e recabaranse os informes sectoriais previstos na lexislación vixente de acordo co criterio dos técnicos (artigos 32 da Lei 8/1995, de Patrimonio Cultural de Galicia e 7.2 da Lei 7/2008, de Paisaxe de Galicia, cando menos). Por expresa previsión do artigo 85.3 da LOUGA, non será necesaria a notificación individual da apertura do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos afectados.

Rematado o trámite de información pública, corresponderá ao Pleno do Concello a aprobación provisional do contido desta modificación puntual coas modificacións que resultaran procedentes, de ser caso, e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao titular da Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, como órgano autonómico competente para outorgar a súa aprobación definitiva (artigo 89 da LOUGA).

A Consellería, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental do proxecto de modificación puntual do PXOM e das actuacións administrativas realizadas e de apreciar a omisión ou defectuosa celebración dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación, requirirá a súa subsanación, fixando prazo ao efecto. Ata o cumprimento efectivo dese requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva nin procederá resolver sobre ésta.

De acordo co artigo 85.10 da LOUGA, a modificación puntual se entenderá aprobada definitivamente se transcorren tres meses dende a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que se comunicara a resolución que procedera, sempre que o expediente contivera os documentos e determinacións preceptivos.



Ademais, en aplicación da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental, no prazo de quince días hábiles dende a aprobación da modificación puntual, o órgano substantivo remitirá para a súa publicación ao diario oficial correspondente: o acordo de aprobación e unha referencia á dirección electrónica na que porá a disposición do público o seu contido íntegro da modificación puntual, xunto á referencia ao DOGA no que se publicou o informe ambiental estratéxico.

#### IV. Suspensión de licenzas.

De conformidade co artigo 77.2 da LOUGA, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por sí só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas en aqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión, se ben, por aplicación do disposto no artigo 120.1 do RPU, poderán concederse aquelas licenzas que, baseadas no réxime vixente, respecten as determinacións do novo planeamento.

O ámbito de suspensión de licenzas corresponderase co polígono definido no PXOM como «AOD A-4-76 SEARA».

Dita suspensión terá unha duración máxima de dous anos contados dende dita aprobación e, en calquera caso, se extinguirá coa aprobación definitiva do planeamento.

#### V. Órgano competente.

É competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP). Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (artigos 54.1.b TRRL e 123.2 LRBRL). O acordo da aprobación inicial é un mero acto de trámite non susceptible de recurso administrativo, sen prexuízo do previsto no artigo 107 da LRXAP-PAC.

En consecuencia, visto o que antecede e sen prexuízo do informe a emitir polo Interventor municipal e polo Secretario xeral, propónse a adopción do seguinte Acordo:

A seguir a funcionaria informante formulan a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

Con data 6 de novembro de 2015, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditaminou favorablemente dita proposta.

*(No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN: Con vinte e dous votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

#### ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a *“Modificación Puntual nº 13 do PXOM de Vigo, no ámbito da AOD A-4-76 SEARA*, redactada polos servizos técnico-xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en outubro de 2015, en cumprimento da Resolución da Vicepresidenta da XMU do 06.06.2014.

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOGA e en dous dos periódicos de maior difusión da provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, se dará audiencia aos Concellos limítrofes e recabaranse os informes sectoriais que procedan.

TERCEIRO: Aos efectos do artigo 77.2 da LOUGA, determinar expresamente que o ámbito afectado pola suspensión de licenzas (por prazo de dous anos) correspóndese cos terreos incluídos no ámbito da AOD A-4-76 SEARA do PXOM de Vigo, cuxa delimitación será obxecto de publicación; se ben poderán concederse aquelas licenzas baseadas no réxime vixente que respecten as determinacións do novo planeamento, en atención ao disposto no artigo 120.1 do RPU.

CUARTO: Ordear a publicación do presente acordo, así como da documentación técnica conformante da modificación puntual inicialmente aprobada, na web do Concello de Vigo.

QUINTO: Notificar este acordo á Asesoría Xurídica da XMU para o seu coñecemento e efectos que procedan nos correspondentes procedementos xurisdiccionais e notificar este acordo a quen figure neles como demandantes.

#### **4.- PROPOSICIÓN MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se realizaron.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓN:**

**5.1(231).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE MANTEÑA O USO SANITARIO DO HOSPITAL XERAL DE VIGO PARA MELLORAR OS SERVIZOS DA CIDADE, REACTIVANDO ESA ZONA E Á CORPORACIÓN QUE ASUMA AS COMPETENCIAS QUE TEN AO RESPECTO. EXPTE. 1273/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de novembro de 2015, número 1273/1101, a concelleira do grupo municipal Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“A Marea de Vigo, despois de reunirse co colectivo de afectad@s polo peche do

Hospital Xeral,( aínda que afectad@s por ese peche nesta cidade somos toda a veciñanza), e escoitando a información concreta que estas persoas nos facilitaron como por exemplo o despedimento de varias empregadas e empregados, tanto do aparcadoiro que está preto do hospital como de varios establecementos ( unha floristería , unha ortopedia, cafeterías, etc.) tendo algúns destes negocios mesmo que pechar, chegouse á conclusión de que, como xa era de esperar, o afastamento do NHV do centro está a dar como resultado que Vigo conte con moita menos xente nas súas rúas que viña dos concellos da contorna, o que conleva unha perda moi importante de movemento comercial.

Calculan en 600 os postos de traballo que xeran os arredor de 200 locais que rodean o hospital e que agora están en perigo ou que xa tiveron que pechar.

Xa sabemos que esta realidade non é inocente e que non pasa isto de casualidade, o NHV non se fixo para facilitar a vida das persoas que teñen que utilizalo senón que se fixo co ánimo de favorecer aos comercios ( entre outros lucros) que alí se pensan instalar, xa se decatán disto quen se manifesta en contra da súa xestión " isto é un hospital non un centro comercial".

Existe a posibilidade de que se produzan desperfectos ou roubos no edificio, como está a pasar no edificio do Colexio San Rosendo no que xa tiveron que acudir os bombeiros en tres ocasións, sucedeu tamén que xa entraron a roubar no laboratorio do hospital, polo que ven a urxencia de pór un servizo de vixilancia na zona.

O edificio podería acoller centros de atención primaria, planificación familiar ou alta resolución, servizos de urxencias extrahospitalarias, rehabilitación ou cirurxía maior hospitalaria.

Este uso, serviría para garantir a supervivencia dos establecementos comerciais dos arredores, mellorar a actividade económica da cidade e evitaría o deterioramento urbano da zona, que por certo, segundo este colectivo está bastante abandonado, non facéndose remodelacións importantes dende hai alomenos 30 anos.

Polo tanto, solicitamos se tome o seguinte

#### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que manteña o uso sanitario do Hospital Xeral de Vigo, co obxecto de mellorar os servizos da cidade e reactivar a actividade na zona e a esta corporación municipal a que asuma as competencias que ten o respecto, tomando as medidas que poidan resolver a problemática da mellor forma posible para que a veciñanza de Vigo non se vexa afectada por esta situación."

A Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude, na súa sesión do 23 de novembro de 2014, ditaminou favorablemente a anterior moción.

## DEBATE:

SRA. LÓPEZ BARREIRO: A Marea de Vigo despois de reunirse co colectivo de afectados polo peche do Hospital Xeral, aínda que afectados por este peche somos toda a cidadanía e despois de escoitar toda a información concreta que estas persoas nos facilitaron como por exemplo, o despedimento de varios empregados/as tanto do aparcadoiro que está preto do hospital como varios establecementos, unha floristería, unha ortopedia, cafeterías, etc. tendo algún destes negocios mesmo que pechar, chegouse á conclusión de que como xa era de esperar o afastamento do novo hospital de Vigo do centro está a dar como resultado que Vigo conte con moita menos xente nas súas rúas, xente que viña dos concellos do contorno, o que leva consigo unha perda moi importante do movemento comercial.

Calculan esta plataforma de afectados que en 600 postos de traballo que se xeraban ao redor do hospital con 200 locais que agora están en perigo, ou que xa nestes momentos tiveron que pechar.

Xa sabemos que esta realidade non é inocente e que no pasa isto por casualidade. O novo hospital de Vigo non se fixo para facilitar a vida das persoas que teñen que utilizalo, senón que se fixo co ánimo de favorecer ós comercios, entre outros moitos lucros, que alí se pensan instalar, xa se decatán disto quen se manifesta en contra da súa xestión que isto é un hospital e non un centro comercial.

Existe a posibilidade de que se produzan segundo os afectados, existe a posibilidade de que existan danos e roubos no edificio, como está a pasar no edificio do Colexio de San Rosendo no que xa tiveron que asistir os bombeiros en varias ocasións, sucedeu tamén que xa entraron a roubar parece ser no laboratorio do hospital, polo que ven a urxencia de poñer un servizo de vixilancia máis amplo na zona.

O edificio podería acoller, isto en palabras de xente especializada, de médicos, das persoas que alí traballan, este edificio podería acoller un centro de alta resolución, un servizo de urxencias de atención primaria, cirurxía menor e cirurxía minimamente invasora que non requira hospitalización, unha unidade de fecundación in vitro, unha unidade de saúde mental, centro de orientación familiar, servizo de rehabilitación, centro de atención primaria, e todo isto garantiría a

supervivencia dos establecementos comerciais dos arredores, melloraría a actividade económica da cidade e evitaría o deterioro urbano da zona, que por certo segundo este colectivo está bastante abandonado, non facéndose remodelacións importantes dende polo menos trinta anos.

Por outra banda, parece que os esforzos das persoas que se aplicaron para este desastre que está sendo a sanidade neste cidade, reverta, está dando os seus froitos, xa que como sabemos a denuncia posta pola Plataforma da Defensa da Sanidade Pública, ante a Comisión Europea foi admitida a trámite, decidindo esta someter a un exame pormenorizado a concesión do novo hospital de Vigo.

Esperemos pois que entre a mobilización cidadá do 3 setembro e a denuncia admitida, o hospital acabe sendo rescatado e volvan de novo os servizos anteriormente citados ao Hospital Xeral que tanta falla fan xa que dende logo o funcionamento do Álvaro Cunqueiro non resolve, nin moito menos, as carencias de sanidade da área sanitaria de Vigo.

Agora ben, para iso está Povisa, para que non se sinta ben ou non estea conforme coa sanidade pública se cambie para alí, é brutal a campaña mediática de captación de clientes que está a levar a cabo este hospital, ben se ven as intencións que tiña o SERGAS cando comezou a xestión do novo hospital vigués.

Por todo isto, a Marea de Vigo, o acordo que presenta é instar á Xunta de Galicia a que manteña o uso hospitalario, o uso sanitario dos Hospital Xeral de Vigo co obxecto de mellorar os servizos da cidade e reactivar a actividade na zona e a este Corporación municipal a que asuma as competencias que ten ao respecto tomando as medidas que poidan resolver a problemática da mellor forma posible para que a veciñanza de Vigo non se vexa afectada por esta situación.

Tanto o Partido Popular como o Partido Socialista, solicitaron dúas emendas se substitución á nosa moción e tanto unha como a outra estamos de acordo con elas, pero non de substitución senón como de engádeda para que poidan ampliar e mellorar a moción proposta por nós.

SR. FIGUEROA VILA: Aquí había que empezar facendo unha pregunta, porque este é un debate que loxicamente volver para atrás 20 anos pois é complicado para facer un discurso, por que un novo hospital? Cando se pensou na idea dun novo hospital era porque o hospital máis antigo de España estaba en Vigo e era o que tiñamos na

nosa cidade dende o ano 1956. Non había posibilidade de crecemento na zona onde estaba, había sobreesaturación de camas, e Vigo loxicamente quería un novo hospital con nova tecnoloxía e avances médicos que era o que solicitábamos tódolos cidadáns desta cidade, sobre todo porque había un crecemento da poboación e un envellecemento e isto loxicamente nos levou a que se houbera que construír un novo hospital. No momento en que se produce este debate, había que buscar unha nova situación para o hospital, así se fixo con toda a situación que xa sabemos e coñecemos, que loxicamente non vou relatar agora mesmo porque sería volver ao debate do hospital, o que nos preocupa hoxe aquí é o debate dunha proposta do grupo político de Marea de Vigo, sobre que facer co hospital antigo, e aquí todos pensamos o mesmo que non se debe abandonar esa zona, que debemos evitar o deterioro dos comercios e de todo tipo de negocios e sobre todo a conservación e mantemento desa torre, e unha reutilización da torre e demais edificios que pertencen á Tesourería da Seguridade Social.

Agora mesmo hai un anexo que está a funcionar, o anexo II onde se contempla un centro de saúde, a fecundación “in vitro”, tamén hai unha proposta de rehabilitación e sobre todo dun punto de atención continuado en urxencias que isto vai dar a que exista unha actividade sanitaria, pero o que temos que intentar tódolos grupos políticos desta Corporación e Vigo en xeral é saber que vai facer a Tesourería da Seguridade Social con este edificios porque non só está a torre do hospital senón que aquí tamén temos o edificio Cíes agora mesmo está baleiro e que hai que buscarlle unha situación e sobre todo tamén en Coia o centro de especialidades de Coia que está transferido xa á Seguridade Social.

Poderían preguntar ou facer unha reflexión todos, que facemos porque se acaba de adxudicar un edificio de 12 millóns de euros para a Tesourería da Seguridade Social na metalurxia porque isto é unha demanda que propuxo a cidade, e que propuxo durante dez ou quince anos da historia de Tesourería da Seguridade Social, no Plan Xeral está contemplado, neste Pleno aprobouse por unanimidade que esa era situación correcta e idónea e o goberno de España fixo esa adxudicación para unha zona emblemática que tamén temos recuperar.

Polo tanto, nós queremos deixar claro que mantemos a posición da Tesourería da Seguridade Social para ese edificio, tal e como está contemplado, con ese investimento de doce millóns de euros e o que queremos propoñer é unha cuestión

moi sinxela e que as tres administracións se xunten, tanto o goberno do Concello, como a Xunta de Galicia, como o Goberno de España para saber que necesidades pode ter a cidade porque loxicamente tamén vai a depender do Concello de Vigo o uso que se lle dea a eses edificios. A propiedade tena a Tesourería da Seguridade Social, é dicir, o Goberno de España, a xestión tena o SERGAS a través da Xunta de Galicia e a decisión definitiva tería o uso que se lle vai dar a eses edificios por parte do Concello.

Polo tanto, nós propoñemos unha emenda de substitución que di “instar á Xunta de Galicia, ao Goberno de España e ao Concello de Vigo a crear unha comisión ou convocar unha reunión entre as tres institucións para definir o uso da torre do antigo hospital Xeral de Vigo, que podemos ampliar ao Cíes e tamén a ese centro de Coia de especialidades propiedade da Tesourería da Seguridade Social”. Esa é a proposta que facemos, unha proposta coherente, sensato e que nos parece que o Concello ten que dar a súa proposta, o que xestiona o SERGAS saber que necesidades poden ter deses edificios e á Tesourería da Seguridade Social marcar a liña definitiva de cara ao futuro, pero nós mantemos a posición que agora mesmo hai das tres institucións.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Eu creo que, Sr. Figueroa, o primeiro que hai que facer é que o SERGAS se defina sobre o que hai que facer co ese espacio físico e con tódolos que quedan vacantes como consecuencia da entrada en funcionamento do novo hospital. Polo tanto, non creo que haia posibilidade de facer outra cousa mentres que o SERGAS non se defina co que quere facer co espacio que quedou vacante no que era o Hospital Xeral de Vigo.

Vostede intentaba obviar o debate neste ámbito desta moción do Hospital e eu négome non por oportunismo político senón porque precisamente o modelo que vostedes elixiron para construír o hospital e a súa posta en marcha é a expresión da indefinición do que queda nestes espazos vacantes, porque así como antes no modelo do bipartito si se prevía o que se ía poñer aí, vostede pode negar o que vostede queira pero os documentos do Plan de Ordenación Sanitaria da Área de Vigo, insisto, Sra. González Sánchez, vostede pode negar coa palabra, vostede me vai negar a min o que había? Precisamente cando ese documento está aprobado ademais onde se poñía primeiro, un centro de alta resolución, un centro de



atención primaria, un servizo de urxencias e iso é o que estaba previsto na ordenación aprobada na dirección do SERGAS, polo tanto había un documento, non vou discutir con vostede porque sería perder o tempo. Esa é a realidade e calquera persoa que teña acceso á documentación do SERGAS que no queimaran como outros documentos coas relacións dalgún narcotraficante, pois realmente poden comprobar que ese documento estaba aprobado, documento de ordenación da área sanitaria onde se prevía nese espazo físico un centro de alta resolución, un centro de atención primaria, un centro de fecundación in vitro, o que hoxe se pide. Polo tanto, o primeiro que temos que facer para este tema é que o SERGAS diga o que quere facer, porque senón é imposible e sobre os espazos excedentes reclamamos non só ao SERGAS senón ao Goberno Central que é o propietario e o cal debe volver a propiedade dese edificio da Tesourería da Seguridade Social o que pretende facer porque igual teñen a previsión de facer outro tipo de instalacións, utilizacións, demandas, etc. sobre estes edificios.

Polo tanto, estamos de acordo que hai que facer un proxecto de ordenación global pero partindo da base primeiro, do que é votado e o desexo do SERGAS que está sen definir legalmente e estaba definido, gracias precisamente á opresión do que foi o cambio de modelo estamos nesta indefinición e nesta perda de tempo.

O Partido Socialista neste grupo de goberno propón esta emenda de substitución que di textualmente “instar á Xunta de Galicia a manter o uso sanitario do Hospital Xeral de Vigo co obxecto de mellorar os servizos da cidade e mellorar a zona, así mesmo instar ao Goberno Central ao mantemento, dinamización e posta a disposición dos espazos excedentes do antigo Hospital Xeral, asumindo esta corporación as competencias que se deriven ao respecto”.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Eu xa dixen antes que aceptamos tanto a emenda do Partido Socialista como a do Partido Popular, como unha engádeda da nosa moción que nos parece máis ben de melloralala que non de substituíla porque a moción fixémosla nós e non é tan diferente.

Estou de acordo co Sr. Rodríguez Escudero en que os servizos que xa estaban previsto para o novo hospital de Vigo e non se fixeron, que si se precisan e deberían estar aí, o feito de facer un novo hospital non quere dicir que se aumentara a calidade e a cantidade da asistencia sanitaria xa que como está visto,

porque eu traballo nel, estamos igual ou peor que antes, co cal facer un novo hospital non significou unha melloría para a Sanidade. Algunhas intencións ocultas terían que como dixen antes o de beneficiar aos hospitais privados como POVISA era unha delas, o que pasa que se non se quere admitir non se quere admitir, pero é así.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, presenta a seguinte emenda de engádeda,

- Instar á Xunta de Galicia, Goberno de España e o Concello de Vigo a crear unha comisión, ou convocar unha reunión entre as tres institucións, para defirir o uso da torre do antigo Hospital Xeral de Vigo..

Así mesmo, o concelleiro do grupo municipal Socialista Sr. Rodríguez Escudero, presenta outra emenda de engádeda que di o que segue,

- Instar á Xunta de Galicia a manter uso sanitario do Hospital Xeral de Vigo con obxecto de mellorar os servizos da cidade e mellorar a zona. Asimesmo íntase ao Goberno Central ao mantemento, dinamización e posta a disposición dos espazos excedentes do antigo Hospital Xeral, asumindo esta Corporación as competencias que se deriven ao respecto.

*Ao seren aceptadas as anteriores emendas pola relatora da moción, Sra. López Barreiro, a Presidencia somete a votación as anteriores emendas.*

VOTACIÓN DA EMENDA DO PARTIDO POPULAR: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA EMENDA SOCIALISTA: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do grupo municipal Marea de Vigo, Sra. López Barreiro, engadindo as emendas presentadas polos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e Socialista, resultando o seguinte texto:

Instar á Xunta de Galiza a que manteña o uso sanitario do Hospital Xeral de Vigo, co obxecto de mellorar os servizos da cidade e reactivar a actividade na zona e a esta corporación municipal a que asuma as competencias que ten o respecto, tomando as medidas que poidan resolver a problemática da mellor forma posible para que a veciñanza de Vigo non se vexa afectada por esta situación

Instar á Xunta de Galicia, Goberno de España e o Concello de Vigo a crear unha comisión, ou convocar unha reunión entre as tres institucións, para definir o uso da torre do antigo Hospital Xeral de Vigo

Instar á Xunta de Galicia a manter uso sanitario do Hospital Xeral de Vigo con obxecto de mellorar os servizos da cidade e mellorar a zona. Así mesmo ínstase ao Goberno Central ao mantemento, dinamización e posta a disposición dos espazos excedentes do antigo Hospital Xeral, asumindo esta Corporación as competencias que se deriven ao respecto.

**5.2(232).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO DO GOBERNO DO ESTADO A DERROGACIÓN DA LEI 27/2013, DE RACIONALIZACIÓN E SUBSTENTABILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1275/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2015, número 1275/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

## MOCIÓN

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local veu reformar a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, poñendo en xaque a base do municipalismo e o modelo que garantiu a cohesión social do noso país durante os últimos trinta anos.

A reforma exposta priva ás entidades locais das competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, así como en sanidade, consumo, igualdade, políticas activas de emprego, etc.

A nova Lei consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas do Estado, e en especial das Entidades Locais, ao citar a estabilidade orzamentaria como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as Administracións públicas no canto de situar a atención ós cidadáns/as e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma.

Desde o principio, o PSOE opúxose frontalmente a esta reforma porque ataca e dana á raíz mesma do goberno municipal, recorta competencias aos concellos e abre o camiño á desaparición ou á privatización dos servizos sociais que prestan os concellos. O texto é, ademais, un ataque á Carta Europea de Autonomía Local. Tamén se opuxeron o resto dos grupos da oposición e alcaldes de toda España, incluídos moitos do Partido Popular.

Por iso, os Grupos Parlamentarios Socialista, Esquerda Plural, Unión Progreso e Democracia, e Mixto (BNG, CC-NC-PNC e Compromís-Q) presentaron un recurso de inconstitucionalidade contra esta Lei. O mesmo fixeron algunhas Comunidades Autónomas. Igualmente, máis de 3.000 concellos de toda España, que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás, presentaron un conflito ante o Tribunal Constitucional en defensa da autonomía local constitucionalmente garantida. Tanto os recursos como o conflito presentados foron admitidos a trámite polo Tribunal Constitucional e están pendentes de tramitación e sentenza.

Hoxe de novo, reafirmamos o noso compromiso de derrogar esta lei en canto o PSOE chegue ao Goberno. Un dos principais ataques ao municipalismo da LRSAL é un cambio profundo na organización do sistema público dos Servizos Sociais, que afecta a repartición e a relevancia da Administración Local no conxunto das actuacións do Estado, desposuíndoa de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade, e onde é esencial a proximidade para a prestación dos servizos. Calcúlase que cando o 31 de decembro entre en vigor a previsión de cesión das competencias de servizos sociais municipais ás CCAA, máis de 8,5 millóns de cidadáns veranse afectados.

Desta maneira créase unha situación crítica para a continuidade do sistema público de Servizos Sociais en España que se foi construíndo desde os anos 80, sobre a base do marco constitucional, e dos Estatutos de Autonomía.

En desenrolo do marco constitucional foise consolidando o actual sistema público de Servizos Sociais, baseado na cooperación entre administracións e que permite a aplicación do Plan Concertado de Servizos Sociais.

Esta reforma creba a estrutura xa consolidada e limita extraordinariamente as funcións de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social dos consistorios á mera "avaliación e información de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social", desnaturalizando por completo o sistema actual.

Ademais, isto lévase a cabo nun momento en que as cifras de pobreza en España son cada día máis dramáticas. Na actualidade, 1 de cada 5 persoas viven no noso país por baixo do limiar de pobreza. 2,8 millóns de nenos, o 33,8 por cento da poboación menor de idade, están en risco de pobreza. A taxa de cobertura por desemprego baixou até deixar desatendidas á metade das persoas en paro, mentres que ter un traballo, xa non garante saír da pobreza en España.

Nun contexto como o actual, é necesario potenciar os servizos aos que a cidadanía recorre en primeiro lugar para obter información e atención social e laboral, pero paradoxalmente, o Goberno do PP, no seu afán de reducir a mínimos a protección social, consumou o desmantelamento da Rede Pública de Servizos Sociais de proximidade, con recortes orzamentarios (64% no Plan Concertado) que, ademais de deixar sen protección a miles de cidadáns en plena crise, supuxo a destrución de máis de 10.000 postos de traballo do sector público local.

Tamén se marxina aos cidadáns que viven no medio rural ao eliminar calquera servizo social dos pobos con menos de 20.000 veciños (incluso os servizos sociais de asistencia inmediata deixan de ser de carácter obrigatorio nos municipios pequenos) en aras dunha pretendida maior rendibilidade, e para traspasar ditas competencias directamente ás deputacións provinciais.

En definitiva a LRSAL suporá para millóns de persoas perder a atención social que reciben dos seus Concellos. Por iso, a Xunta de Goberno da FEMP pediu unha moratoria da súa entrada en vigor e a posterior derogación da mesma.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

Dirixirse ó Goberno do Estado para:

- a) Derrogar a lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- b) Mentres tanto, se comprometa a tramitar, de forma inmediata, unha modificación legislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, reafirmando a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade.

Con data 23 de novembro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude ditaminou favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Traemos esta moción e a traemos pola urxencia e pola necesidade inmediata de que o Goberno acorde a derogación dunha lei, ante o esperpento e logo referireime a iso, de que pretenden que cunha carta dun Secretario do Estado queiran facer aparentar que se derroga unha lei.

Durante os catro anos de goberno do Partido Popular moitas foron as reformas e todas elas baseadas nos recortes, moitas foron as normas que certamente atentaron contra os cidadáns e sería difícil establecer un ranking, unha clasificación de cal é a que afectou máis ou a que menos pero a Lei de reforma de administración local puxo en xaque ó municipalismo e puxo en xaque tamén a cohesión social convertendo esta lei nunha das maiores barbaridades, porque esta reforma proposta priva precisamente ás entidades locais das competencias en materia de servizos sociais en materias de emprego é dicir, de todo aquilo que neste momento están os cidadáns máis necesitados, naquel momento, decembro de 2013, xustificábase esta lei en base a un criterio económico que dificilmente se podería manter, porque é precisamente o conxunto da administración local a que mellor cumpre todo aquilo relacionado co déficit e coa estabilidade presupostaria. O Partido Socialista opúxose dende o primeiro momento a esta reforma que restaba competencia dos concellos e tamén que ía en contra e era un ataque a Carta

Europea de Autonomía Local, o Vicepresidente da FEMP, o Alcalde desta cidade, propuxo un recurso de inconstitucionalidade ante esta Lei que fíxense nin máis nin menos foi apoiada por 3.000 concellos de toda España que representan a 16 millóns de cidadáns. Tódalas formacións políticas estaban en contra desta lei, seus alcaldes asinaron ese recurso de inconstitucionalidade que aínda está pendente de tramitación.

A proposta, como dicía ao principio, é derrogar este lei, e derroga-la urxentemente, non se pode caer, tamén o dicía anteriormente, no esperpento de pensar que por unha simple carta dun secretario de estado ao presidente da FEMP se pode derrogar unha lei, isto téñeno que explicar porque dende logo non é legal e é absolutamente imposible o que isto sexa así, nunca foi así e non pode ser.

O certo é que o 31 de decembro naquelas materias sociais que máis afectan aos cidadáns nos imos atopar cun auténtico caos, e non é unha frase rimbombante nin unha forma de esaxerar, non, é un auténtico caos Sra. Muñoz, e vostede como concelleira debería de compartilo porque nin máis nin menos nas previsións que temos 8.500.000 de cidadáns de toda España veranse afectados na parte máis importante e a necesidade máis importante que teñen hoxe que son os servizos sociais, isto no conxunto estatal é así e afecta a tantas persoas que se van a ver privadas de dereitos, de servizos moi concretos, pero claro a longa relación do que afecta nesta cidade debería preocuparlle aínda máis porque de non derrogarse este Lei na cidade de Vigo, pioneira e dende logo neste momento a que mellor política social ten de todo o estado Español, veriámonos privados de comedores escolares e xa é dicir moito cada un dos apartados, veriámonos privados do servizo de Axuda no Fogar, destas axudas que vostedes reclaman celeridade e que xa están solucionadas e tramitadas, axudas a vivenda, subministracións e alimentación tampouco se poderían dar e me imaxino que lles debería preocupar e moito. Non podería haber programas de respiro familiar, non poderá haber programas de maiores e centros de día, a teleasistencia que nos quitaron vostedes no seu momento e que tivo que asumir este Concello e que tan importante é, tampouco se podería prestar, nin programas de formación para o emprego, nin o albergue, o albergue tería que deixar de funcionar porque hai que ver cal é o ataque e o grado de ataque á autonomía municipal desta Lei, tampouco poderíamos atender ás violencias de xénero, familias desestruturadas, atención a maiores, escolas infantís

e comedores sociais.

SR. PÉREZ CORREA: Dende a Marea de Vigo imos apoiar esta moción, formamos tamén parte, algunhas persoas militamos en organizacións políticas que fixeron e presentaron ese recurso de inconstitucionalidade, case o 50% dos concellos deste país presentaron ese recurso, incluso con certa preocupación miramos como se aprobou unha lei despois de once borradores, a maior parte deles que foron incluso contestados polos propios alcaldes do Partido Popular, cando unha lei ten once borradores e ao final os propios promotores da lei tamén teñen certo problema para que os seus alcaldes e corporacións aproben esa lei, esa lei nacía morta.

Coincidimos en que non é suficientemente garantía esa carta, a única garantía ten que ser que no Congreso dos Deputados se produza a derogación da lei, no vale outro tipo de actuacións e sobre todo porque estamos ante unha lei que eu creo que tamén é unha oportunidade polo cambio de cor político xeneralizado na maior parte das deputacións do Estado para que fagamos valer esa proposta ou esa posta que aí hai unha coincidencia en todo a esquerda parlamentaria, de ir librando e quitando competencias á Deputación que son nomeadamente que vai asumir esas competencias que se lles vai a quitar á administración local.

Hai unha parte que a nós non preocupa que denunciaron os sindicatos que calculaban unha perda de emprego nos concellos de aplicarse este lei, en torno aos 50.000 traballadores/as sobre todo nos servizos sociais e sobre todo porque isto é unha antesala da privatización total dos servizos sociais nos concellos, facer paquetes máis atractivos ás grandes empresas privadas que xestionan os servizos públicos, as Clece, e todas as empresas deste ramo que recibirían o paquete completo dos servizos sociais sobre todo dos concellos máis pequenos e sobre todo esa arbitrariedade que se crea coa xestión dos servizos nos concellos de menos de 20.000 habitantes. Nós estamos de acordo que isto é un golpe de estado a un consenso que se fraguou sobre todo na transición da autonomía local, é certo que a reforma local que xa existía tampouco avanzaba na autonomía local porque a principal capacidade de autonomía que ten un concello é o financiamento e seguimos sen cumprir os criterios que todos colectivamente nos marcamos nas primeiras asembleas da FEMP, dos aos anos 90, de dotar máis capacidade de participación tributaria dos concellos que nesa carta competencial que falábamos



dos tres terzos aínda os concellos están moi lonxe dese 33%, seguen sendo os grandes esquecidos da democracia neste país, nos defendemos precisamente esa autonomía, estamos de acordo cunha reforma local pero non esta reforma local, unha reforma que avance na autonomía dos municipios e sobre todo que se asuma dunha vez esas competencias impropias que os concellos van asumindo por inanición das outras administración que e xa supoñen nalgúns concellos o 40% do orzamento, que temos que modificar e dende logo imos apoiar que esa lei non entre en vigor o ano que ven, e esperemos que o cambio político do 20 de decembro tamén haxa un compromiso para que esa lei se elimine da senda política e que non volvamos nunca máis a facer un golpe de estado contra os concellos que como algúns concellos facían algunha declaración pública, un golpe de estado de guante branco.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade, Sr. Font que lamentablemente este vostede unha vez máis instalado na demagogia que queda moi ben para as declaracións pero hai que xustificala e con criterio.

A non entrada en vigor para os servizos sociais, para a sanidade e para a educación non a vai decidir unha carta do Secretario do Estado de Administracións Públicas, decídea a lei porque na lei expresamente está contemplada que non entrará en vigor o 31 de decembro do 2015 se non hai un novo sistema de financiamento autonómico e local, e non é que o diga unha carta do Secretario do Estado das Administracións Públicas, eu recoméndolle por se non lle fixeron chegar este informe que o lea ben e eu voume a referir a el porque creo que un informe da Avogacía do Estado, un informe dos funcionarios públicos que vostedes defenden tanto, pois espero que tamén defendan o traballo que fai a Avogacía do Estado ao facer unha análise da lei, porque este informe que emitiu en novembro a solicitude do Secretario de Estado das Administracións Públicas ante a dúbida que puideran ter algúns municipios sobre a entrada en vigor da lei, non deixa lugar a ningunha dúbida e o di a Avogacía do Estado, tanto é así que o propio Interventor deste Concello espero que o coñeza e senón fareillo chegar para que estea moi tranquilo de que se poidan exercer as competencias e que se poden cumprir o presuposto en materia de servizos sociais, educación e de sanidade.

Pero mire vostede que claro o di a Avogacía do Estado, a lei inclúe unha serie de

disposicións adicionais e transitorias, en concreto a primeira e a segunda transitoria e a disposición adicional décimo quinta, destacando aquela que é referida a asunción polas comunidades autónomas das competencias relativas á saúde e aos servizos sociais que quedan referenciadas ao que será o novo sistema de financiamento autonómico.

Di a Avogacía do Estado, non o di esta voceira, funcionarios públicos, que haberá que estar aos termos e procedementos do novo sistema de financiamento que neste momento non este vixente, insiste a Avogacía do Estado dicindo que as comunidades autónomas terán que esperar a un novo sistema de financiamento e que é unha condición suspensiva, quere dicir que non entrará en vigor e polo tanto o aprazamento nesa asunción de competencias se fará ata que exista ese sistema de financiamento, dio en varias ocasións no propio informe. Voulle citar outra máis na que resume a súa conclusión, e di claramente, en suma, as previsións contidas nos artigos 25 e 26 en materia de educación, saúde e servizos sociais e as disposicións adicionais non serán de aplicación en tanto non se cumpra a condición suspensiva da existencia dunha regulación do sistema de financiamento autonómico e local, así as cousas, ata tanto a condición suspensiva se cumpra os municipios han de seguir prestando os servizos en materia de educación, saúde e servizos sociais con mesmos termos que anteriormente. Pero se isto fora pouco temos unha lei autonómica que a maior abondamento e eu lle recomendo que a lea tamén, di expresamente na súa disposición adicional 4 que se seguirán prestando eses servizos sociais en tanto non haia un novo sistema de financiamento.

Polo tanto, a quen queren vostedes alertar, que medo queren vostedes infundir, hai un informe claro da Avogacía do Estado que di que a partires do 31 de decembro en tanto non haxa ese sistema de financiamento vanse seguir prestando os servizos sociais como ata agora. Onde está a indefinición, Sr. Font? Non lle parece claro o informe da Avogacía do Estado? Rógolle por favor que non trasladen a súa marrullería á Federación Española de Municipios e Provincias porque representan a tódolos vigueses, e os vigueses temos dereito a estar ben representados e que se dea unha boa imaxe da cidade, e con cousas como esta vostedes non dan unha boa imaxe da cidade. Este informe da Avogacía do Estado en palabras recentes utilizadas polo Alcalde da cidade está claro.

SR. LÓPEZ FONT: O que está claro, Sra. Muñoz é o seu descoñecemento e os seus argumentos que trae aquí, o argumento que lle pasou o Sr. Feijóo esta moi ben, vostede le o informe e demais. Demagogia cando isto afecta a 8.500.000 de persoas, cando afecta á política social deste Concello a única demagoga que hai neste Pleno é vostede, porque vostede vai absolutamente en contra da política social deste concello, pero que me di dun informe da Avogacía do Estado, claro que defendemos aos funcionarios, eu defendo ao Interventor entre outros ao que parece vostede querer dar clases e seguro que sabe máis que vostede, porque o que é increíble en Galicia é que alguén que foi conselleira como vostede non saiba cal é o rango das normas, que non o saiba, é increíble que vostede faga unha intervención amparándose nun informe, as leis teñen moitos informes, pero que vostede descoñeza, non ten rango normativo Sra. Muñoz, unha lei só pode ser derogada por aquela institución, en todo caso o Congreso dos Deputados que aprobou esa lei e con outra lei, non Sra. Muñoz, parece mentira que fora vostede conselleira.

Polo tanto, defensa dos funcionarios absolutamente toda, demagogia absolutamente toda pola súa parte Sra. Muñoz. O que aquí é evidente é que tódalas formacións políticas estamos en contra desa lei, vostede fixeron o inconcibible para poder quitala ao final e o que é evidente é que atenta á autonomía municipal, e o que é evidente é que esa lei non estamos na marrullería, parece mentira que vostede cando se dirixe a dereitos das persoas, a prestacións sociais o que tódolos beneficiarios das axudas de política social deste Concello se sentan insultados por vostede cando fala de marrullería, porque o que estamos a defender aquí son políticas sociais, o que estamos a defender aquí é ir en contra dunha lei que o que vai a colocar, e non é alarmismo Sra. Muñoz é nun caos a partires dun 1 de xaneiro porque vostedes levaron unha lei ao Parlamento, e só se pode derogar con outra lei. É inconcibible que o argumentario que lle fixeron dende a Xunta de Galicia ou non sei onde, vostede está aquí estritamente para defender a política de partido, esa é a diferenza e nós estamos para defender aos cidadáns, e o Sr. Abel Caballero como vicepresidente da FEMP foi o máximo artífice deste recurso de inconstitucionalidade e encabeza hoxe o nome dos concellos de España ese recurso e dado que fala de informes debería de consultar ao Colexio de secretarios e Interventores que non teñen a mesma interpretación que vostede.

VOTACIÓN E ACORDO: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Silva Rego e a Presidencia , e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.2015 (Rex. Nº 1275/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.3(233).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO E O Mº DE SANIDADE A ADOPCIÓN DOS ACORDOS NECESARIOS PARA QUE A VACINA DA MENINXITE B SEXA INCLUÍDA NO CALENDARIO VACINAL E EN CASO CONTRARIO INSTAR Á XUNTA DE GALICIA QUE INSTAURE UNHA NOVA EXPERIENCIA PILOTO COA IMPLANTACIÓN DA VACINA. EXPTE. 1276/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2015, número 1276/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

A invención da primeira vacina, a da varíola, realizada por Edvard Jenner aló polo ano 1796 supuxo un fito na loita contra a enfermidade. A partir dese momento, foron xurdindo vacinas para as enfermidades mortais ou con graves secuelas tales como tifo, tétanos, difteria, tosferina, tuberculose, poliomelite, etc ..., o que proporcionou unha batería de ferramentas moi valiosas para poder loitar contra estas enfermidades e as súas devastadoras consecuencias. Estas novas armas á disposición dos médicos, deron como consecuencia unha importante diminución da mortalidade infantil e un aumento da esperanza e calidade de vida, pero só estaban dispoñibles para un pequeno sector da poboación, aquel que tiña os recursos suficientes para sufragalo gasto económico destas vacinas.

Co transcorrer do tempo, en España iniciáronse campañas de vacinación que non foron de carácter obrigatorio ate os anos 20 por mor dunha epidemia de varíola, despois desta etapa de campañas, nos anos 70 implementanse os calendarios vacinais, incidíndose na prevención temperá ao realizala naqueles grupos de maior risco como son os nenos/as dende case o nacemento. En España, estas vacinacións sufragadas polo erario público, supuxeron un gran avance non só en saúde e diminución drástica da mortalidade infantil, senón en igualdade de oportunidades, posto que calquera familia tiña ao seu dispor, de xeito gratuíto, a oportunidade de inmunización ou polo menos de minimizalos riscos e secuelas de moitas enfermidades.

A Constitución Española, no artigo 43 de protección da saúde, no seu punto primeiro recoñécelle aos cidadáns españois o dereito á protección da saúde e no segundo, establece que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

O Convenio sobre os Dereitos do Neno, aprobado pola ONU e ratificado por España, establece no artigo 6, que os Estados asinantes recoñecen que tódolos nenos teñen dereito intrínseco á vida e garantirán na máxima medida posible a supervivencia e o desenvolvemento do neno.

Existe dende fai meses un colectivo denominado "Plataforma de Cidadáns pola Saúde - Vacina XA", que se mobiliza para recordarlle aos poderes públicos os deberes de protección que teñen coa cidadanía e en especial na protección da saúde e a prevención da enfermidade e esixen destes poderes, que introduzan a vacina contra a meninxite B de xeito universal e gratuíto para tódolos cidadáns, tendo en conta que neste ano xa morreron dous veciños de Arteixo e outro en Boiro. Dende esta plataforma son conscientes de que o eido municipal non ten case competencias a nivel sanitario e que a Xunta de Galicia non é quen de modificar unilateralmente o calendario vacinal, pero recórdanos que os Grupos Municipais dos concellos, están formados por veciños e veciñas, e son os representantes políticos da administración máis próxima á cidadanía, por iso nos piden que sexamos os valedores da súa causa ante os Gobernos da Xunta de Galicia e o Goberno de España.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

#### ACORDOS

- Instar ao Goberno de España para que curse orde ao Ministerio de Sanidade para que a vacina da Meninxite B, sexa incluída de xeito inmediato no calendario vacinal.
- Instar á Xunta de Galicia para que, no caso de que o Ministerio de Sanidade non acepte a inclusión inmediata da vacina contra a Meninxite B, instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina da Meninxite B.

Con data 23 de novembro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude ditaminou favorablemente dita proposta.

#### DEBATE:

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: A Constitución española no seu artigo 43 sobre a protección da saúde, no seu punto primeiro reconece aos cidadáns españois o dereito á protección da saúde e no segundo establece que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través das medidas preventivas e da prestación dos servizos sanitarios.

O convenio sobre os dereitos do neno aprobado pola ONU e ratificado por España establece no seu artigo 6 que os estados asinantes recoñecen que tódolos nenos teñen dereito intrínseco á vida e garante a máxima medida posible, na medida do posible, a supervivencia e o desenvolvemento do neno. Existe dende hai meses colectivos cidadáns que se mobilizan para lembrarlle aos poderes públicos os deberes da protección que teñen cos cidadáns e en especial na protección da saúde e a prevención da enfermidade, e esixen deste poderes que introduzan a vacina da Meninxite universal e gratuíta para tódolos cidadáns, tanto en canto neste ano xa faleceron en Galicia tres veciños desta comunidade.

Dende esta plataforma somos conscientes de que no ámbito municipal non ten competencias a nivel sanitario, e que a Xunta de Galicia non pode modificar por vontade propia o seu calendario vacinal a nivel de Estado, pero si que dende estes grupos municipais podemos instar en representación dos veciños para que os gobernos Central e Autonómico tomen as medidas para garantir a universalidade deste dereito.

Por tanto, propoñemos a esta Corporación os seguintes acordos: primeiro, instar que o Goberno de España curse a acción correspondente ante o que é Consello Interterritorial do Ministerio de Sanidade para que a vacina da Meninxite B sexa incluída da forma inmediata no calendario vacinal.

Segundo, instar á Xunta de Galicia para que no caso de que o Ministerio de Sanidade no acepte a inclusión inmediata desta vacina contra a Meninxite B, instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina da Meninxite B.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Non nos parece que haxa moito debate sobre esta moción, Reino Unido xa ten esta vacina no seu calendario vacinal, e a Asociación Española de Pediatría pide que sexa incluída, non hai ningún informe técnico emitido en contra desta proposta, polo tanto o tema está claro e votaremos a favor desta moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Estou de acordo un pouco que tampouco é un motivo de debate, pero si habería que clarear, nós presentamos agora unha emenda porque neste sentido, en abril do 2015, aprobouse por unanimidade no Parlamento de Galicia unha proposición non de lei na que se instaba xa á Xunta de Galicia para que, vou ler textualmente porque é o sentido da emenda que presentamos, “adopte as medias oportunas para incluír no calendario vacinal obrigatorio a vacina contra a Meninxite B, neste sentido insta ao Ministerio de Sanidade co fin de que en función das novas evidencias científicas dispoñibles decida a inclusión da vacina contra a Meninxite B no calendario vacinal”, este foi un acordo por unanimidade, neste sentido eu xa falaba o Sr. Rodríguez Escudero que non é competencia do Concello de incluír a vacina no calendario, e nós, un pouco tamén para respectar os debates noutras instancias, porque xa está noutras instancias pediríamos que o acordo sexa este porque xa está en marcha iso dende abril do 2015, insisto. Tamén nun primeiro lugar o Grupo Socialista reclamaba a venda libre nas farmacias, iso xa dende o mes de outubro xa está en marcha e agora esixen no Pleno municipal a inclusión no calendario vacinal nacional e non sabemos porque non o fixeron todo xunto, pero estamos sensibilizados, o Partido Popular entende perfectamente a preocupación, reunirse coas plataformas das que falan vostedes, mantivemos cos representantes das plataformas unha reunión, e o ambiente e de total cordialidade.

Foi o Goberno Galego do Partido Popular tamén o que despois do acordo do Parlamento de Galicia instou ao Goberno do Estado a permitir a venda, e así se fai a día de hoxe, e dito acordo referíase ás novas evidencias científicas dispoñibles e é o único que incluimos na diferenza coa súa proposta de moción porque se é verdade que o está agora propoñendo o Colexio de Pediatría, a verdade é que fallan outros temas técnicos no que eu no vou entrar porque tampouco os coñezo. No Reino Unido nós cremos que os resultados poden facer que aquí se poida incluír tamén no sistema de saúde e tamén porque decidimos que ten que ser este texto, porque a existencia dun calendario común de vacinación aprobado polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde xa foi en Marzo de 2013, polo tanto habería que respectalo, a existencia dunha sistemática para a modificación do calendario, é dicir, non é que se inclúa inmediatamente, hai que pasar os protocolos necesarios e a falla de acordo técnico a día de hoxe acerca da incorporación dese Bexsero, que é o nome creo da vacina que se está a propoñer no calendario vacinal.

O acordo por parte da Ponencia de Programas e Rexistro de Vacinas tamén é importante, a min gústame coñecer como está o debate, como está a situación porque non é novo e non é unha cousa que vaia a propoñer hoxe dende o Concello de Vigo senón que levamos xa varios meses con esta preocupación que temos todos e que sabemos que se é necesario e a así se acorda por tódolos protocolos necesarios, a vacina da Meninxite B incluírase no sistema de vacinas e no sistema de Saúde Pública.

Nós neste caso presentamos a emenda, insisto xa lin o texto, agora esperemos a que se pronuncien para decidir o noso voto.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Agradezo o apoio esta moción e ás liñas fundamentais da mesma, mantemos a literariedade da petición que se fai na propia moción, posto que ten un sentido que quizais non chegou a transcender a vostedes, pero que realmente supera o que son as instrucións técnicas e o devir do que se fixo no Parlamento e aquí.

Por que motivo? Porque realmente estamos ante un problema que transcende os informes técnicos de que hai sobre a necesidade de vacinación universal, incluía no calendario vacinal.



O peor dos escenarios posibles que pode haber respecto á prevención e á cobertura vacinal estase a producir en España gracias ás políticas de saúde pública do Ministerio de Sanidade, que xeraron o caos absoluta dos calendarios vacinais en España. Aínda que por razóns técnicas sexa dubidoso segundo que estudos utilice a necesidade dunha vacinación da Meninxite B, hai dúas razóns que xustifican a mesma, unha romper ese peor escenario que din os técnicos que é que a desigualdade da cobertura da vacina senón existe a obriga da vacina, o calendario vacinal.

Segundo, a desigualdade brutal que se está a crear no acceso a unha medida preventiva fundamental, esencial precisamente para os grupos máis vulnerables porque agora mesmo Sra. Egerique, aquelas persoas que dispoñen de 215 euros, poden vacinarse contra a Meninxite B, e aquelas persoas que precisamente son as máis vulnerables ante a Meninxite, non poden vacinarse contra a Meninxite B, creando un agravio social de saúde que rompe e aínda máis o que iso foi o efecto dos recortes sanitarios en España.

Polo tanto, por razóns técnicas que ás veces son controvertidas recoñézo, pero fundamentalmente por razóns sociais de equidade, de igualdade de acceso ante unha medida básica de prevención, mantemos a literatura da moción que presentamos neste Pleno.

*(No momento da votación atópase ausente o Sr. Pardo Espiñeira)*

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.2015 (Rex. Nº 1276/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.4(234).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO DO ESTADO UNHA MODIFICACIÓN NA PARTIDA QUE CORRESPONDE NOS ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO DO 2016 INCLUÍNDO UN IMPORTE DE 20 MILLÓNS DE EUROS PARA O PROXECTO DO TRAZADO DO TREN DE ALTA VELOCIDADE. EXPTE. 1281/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de novembro de 2015, número 1281/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

Unha vez máis, desde o Grupo Municipal Socialista poñemos de manifesto a nosa preocupación polas obras do tren de alta velocidade.

Tras sete longos anos de trámites ambientais, estamos outra vez reclamando o trazado ferroviario de alta velocidade entre O Carballiño e o norte da cidade de Pontevedra, a coñecida como variante de Cerdedo, que permitirá substituír o obsoleto percorrido que conecta Ourense con Vigo pola beira do río Miño, inaugurado en 1881.

Ademais, tamén evitaría o rodeo de 90 quilómetros que os trens de longa distancia realizarán ata a variante de Conxo, nos arredores de Santiago de Compostela. Un desvío que consideramos intolerable e que se evitaría con esta obra.

Na reunión mantida en xullo deste ano a ministra de Fomento, Ana Pastor transmitiu ao alcalde de Vigo, Abel Caballero, que as obras para a conexión de AVE Madrid-Vigo por Cerdedo empezarán en 2017. Segundo a Ministra está actualmente en trámite ambiental e que, unha vez isto este terminado, vai ser licitado.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

**ACORDO**

- Instar o Goberno Central incluír unha modificación na partida de 20 millóns de euros nos Orzamentos Xerais do Estado para inicios do proxecto, que fixan para 2016 en 1,3 millóns de euros, moi insuficientes.

DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Unha vez máis dende o grupo municipal Socialista poñemos de manifesto a nosa preocupación polas obras do tren de alta velocidade a Galicia. Tras sete longos anos de trámites ambientais estamos outra vez reclamando o trazado ferroviario de alta velocidade entre o Carballiño e o norte da cidade de Pontevedra, coñecido como a variante de Cerdedo, que permita substituír o obsoleto percorrido de Ourense a Vigo pola beira do Miño, inaugurado en 1881, ademais tamén evitaría o rodeo de 90 quilómetros que os trens de longa distancia realizan pola variante de Conxo, ao redor de Santiago de Compostela, un desvío que consideramos intolerable e que evitará con esta obra que Vigo quede completamente desconectado da meseta, como pretende o Partido Popular da súa conexión de AVE a Madrid.

Nunha reunión mantida en xullo deste ano polo ministra de fomento a Sra. Pastor, transmitiulle ao Alcalde de Vigo, o Sr. Abel Caballero, que as obras de conexión do AVE Madrid-Vigo por Cerdedo empezarán no 2017, a Ministra a Sra. Pastor naqueles momentos estaba de campaña electoral porque é imposible que a obra comece no 2017 cando despois, cando foi o Orzamento ponlle escasamente un 1,3 millóns de euros para facer o proxecto no ano 2016, como vostedes saben os proxectos dunha obra 2.400 millóns de euros ronda os 40 millóns de euros, cun 1,3 millóns de euros non teñen nin para comprar os folios que usaría ese proxecto. Por iso, instamos ao Goberno Central que se tome en serio a cidade de Vigo e que poña unha partida de 20 millóns de euros nos Orzamento Xerais do Estado para o inicio dos proxectos que fixan para 2016.

O Partido Popular, o Sr. Fidalgo que será senador se os electores o votan, que eu teño a miña dúbidas, terá que defender á cidade de Vigo en Madrid e non defender ó Partido Popular na cidade de Vigo.

A Sra. Pastor non fixo nada nestes últimos anos na cidade en Vigo, en catro anos no foi capaz de contratar nada de nada, a estación a fixo a instancias do Alcalde, estación contratada polo anterior goberno do Partido Socialista en Madrid. O AVE por Cerdedo nos atrasamos máis de 4 anos porque a día de hoxe está peor que hai catro anos cando xa había un estudio ambiental que neste momento non hai, estamos a esperar polos dous millóns de euros que ía presentar a Avenida de Madrid, se é verdade que nos medios de comunicación dixo que ía facer esa achega a maiores pero non a fixo nin en presupostos nin poñéndose en contacto

con este Concello.

A Sra. Pastor, o Partido Popular ten abandonada á cidade, a Sra. Pastor e o Partido Popular nestes catro anos non fixo ningunha obra e non só iso non contratou ningunha obra nesta cidade.

En Vigo reivindicamos a variante por Cerdedo, para non ter que ir por Santiago de Compostela, todos nos lembramos daquel AVE á meseta que saía de Galicia por Vigo e que foi modificado polo Partido Popular para facer que a saída á meseta fose por Santiago de Compostela, obrigando a facer a tódolos vigueses e viguesas ter que ir a Santiago de Compostela, dar un percorrido extra de 90 quilómetros para ir á capital de España.

A conexión coa meseta reivindicouse por este Alcalde, polo Sr. Abel Caballero, en varias situacións, pero no só por el senón tamén por axentes económicos e sociais da cidade que reivindicán de forma constante a necesidade da variante por Cerdedo. Pero o Partido Popular nin fixo o AVE nin fixo a Estación de Thom Mayne que agora para a campaña electoral di que a volve a quitar a licitación, nin fixo en catro anos a Ponte de Rande, Ponte de Rande que xa estaba proxectada e adxudicada polo goberno Socialista e que o Partido Popular paralizou, podemos pasar hoxe pola AP-9, por Santiago de Compostela e mirar as obras feitas pero pasamos pola Ponte de Rande e non hai nada de nada máis que uns traballadores dun lado para outro facendo unha obra de teatro e non unha representación.

É normal, en maio do ano 2012 o Sr. Feijóo cuestionou tamén a prioridade deste tratado por Cerdedo, dicía que os cidadáns de Vigo tiñamos que saír por Santiago de Compostela, isto aparecía na prensa local e na prensa autonómica, se o Presidente non cre, se o Partido Popular non cre os vigueses/as crerán e volverán a cambiar o goberno do Estado por un Goberno colaborador con Vigo, co goberno socialista.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos a falar de quizais os maiores investimentos públicos que se teñen feito na historia deste país que é todo o conxunto de actuacións da alta velocidade, supón unha gran parte do cómputo da débeda pública que pagamos relixiosamente, aparte cunha modificación constitucional que nos obriga a pagar esa débeda pública antes doutros servizos. Polo tanto, o que fai falla na cuestión da alta velocidade a elección polo AVE, é un debate serio, tranquilo, real

sobre o que supoñen as diferentes alternativas que hai enriba da mesa, non foi exclusivamente o Partido Popular o que decidiu o trazado do AVE a Galicia, foi o Ministro, o Sr. Blanco que inaugurou a liña que chega a Santiago de Compostela que tira cara A Coruña, non foi exclusivamente o Partido Popular o que fixo os investimentos destas características nos trazados do AVE, porque nunca houbo unha reflexión tranquila e sosegada sobre o que supón a alta velocidade neste país, en canto a custes e rendibilidade, ningunha liña de alta velocidade é rendible neste país, só tres liñas son rendibles en Europa, temos un ratio de 11.800 pasaxeiros por quilómetro construído por AVE no Estado Español fronte ao 61.400 pasaxeiros por quilómetro de liña de alta velocidade, cando en Francia hai 31.000 quilómetro de liña de alta velocidade e no Estado Español hai 54. Que quere dicir? Que o AVE é un instrumento exclusivamente político, que se afasta ou se vai acercando a determinadas poboacións dependendo da cor política que se configura en cada administración.

Polo tanto, nós o que pedimos é un debate tranquilo, sosegado e reflexivo sobre as alternativas da alta velocidade neste país que non é exclusivamente o AVE, existen alternativas de alta velocidade e existen alternativas que é un dos motivos polos que nos imos abster nesta moción, dicir que a liña do Miño hai que eliminala cando gran parte dos técnicos ferroviarios, da xente que leva moitos anos traballando di que é unha das potencialidades que pode ter a alta velocidade empregando a liña do Miño e dar saída comercial ao AVE do Sur de Galicia ao Norte Portugal que é un dos factores competitivos que ten a liña de AVE que poida entrar nas cercanías da nosa cidade con respecto a outras liñas da alta velocidade.

Segundo, gústame que xa non se fale do AVE a Vigo porque ningunha das alternativas poñen o AVE a Vigo, senón que conectan a alta velocidade co eixo Atlántico que é unha cousa absolutamente normal, o que estamos discutindo é se entra a 31 quilómetros de Vigo ou a 80 quilómetros, estamos a discutir un cambio que significativamente son 20 minutos de trazado, de tempo de recorrido a Madrid, e estamos a falar de 1.500 millóns de euros que supón a entrada do AVE por esa proposta histórica da UGT, que é certo que recolle gran parte de peticións que non seu día fixo ese sindicato. Alternativas enriba da mesa, moitas para entrada do AVE, a electrificación, a mellora da liña do Miño evitando que desapareza a conexión do Sur de Galicia que daría esa potencialidade económica, incluso o que

se puxo enriba da mesa da variante de Mondariz, que deixaría incluso máis preto da cidade de Vigo a entrada, é certo que cun custe maior.

Logo está unha cuestión que non é secundaria, os vigueses queremos ter conectividade con Madrid urxente, rápida, non en 15 ou 20 anos, alguén pensa que co nivel de capacidade de hoxe en día que imos ter na construción da obra pública, eses 1.500 millóns de euros vanse licitar en menos de 10 anos? Nós poñemos serias dúbidas de que unha obra desas características o 76% do trazado desa obra vai baixo terra, co custe ambiental terrible que supón que o 76% desa obra vaia baixo terra, sete túneles algúns mono tubo que supoñen un investimento público colosal, e o que estamos a dicir é, hai algunha alternativa que por diferencias de 20 minutos garanta que teñamos ese servizo de alta velocidade máis rápido e que o teñamos nun custe de 1.500 millóns de euros, que supoñan máis cargo a débeda pública e polo tanto recortes en Sanidade e en Educación, nós pensamos que si, e non o pensamos nós, pénsano os sindicatos ferroviarios, o pensa gran parte dos técnicos de ADIF e o pensa unha parte sensible da xente que coñece a arquitectura ferroviaria deste país.

Gran parte do trazado desta variante non é alta velocidade, entendendo alta velocidade como trens que teñen que estar en picos de velocidade por enriba dos 200 quilómetros por hora, que con electrificación en alta e en baixa no que é todo o percorrido e tensión da vía e no que ten que ver cos anchos, esperamos que todo o tramo sexa con ancho europeo e non sexa con intercambiadores.

Polo tanto, nós pensamos que hai unha alternativa e dende logo no é a Marea de Vigo a que tería que poñela enriba da mesa pero dicindo que se elimine a liña do baixo Miño sería un erro.

SR. FIDALDO IGLESIAS: Eu dende logo asistindo a este debate e cando un le as peticións do Partido Socialista e da Marea de Vigo non podo estar máis que alucinado, porque vemos que aquí perdeuse a referencia, o norte e hai cousas que só vostedes os do Partido Socialista teñen a pouca vergoña de vir aquí a falar e a pedir, pouca vergoña quen prometeu o AVE a Galicia no ano 1989, cando o que preside esta sesión era daquela Ministro de Transportes, quen dixo no ano 2007, 2008, 2009, 2010, xa despois do 2010 xa non o volveu dicir máis, que se non chegaba o AVE a Galicia, a Vigo no ano 2012, non se presentaría ás eleccións, aquí

teño a hemeroteca, “Caballero renunciará a súa candidatura se Fomento non garante o AVE por Cerdedo”, “Fomento ofrece”, unha semana despois, o Ministro Socialista de quenda, ou a Ministra, “Fomento ofrece ao Sr. Caballero o compromiso verbal de que o AVE a Vigo estará no 2013”, “Fomento compromete con Caballero que o AVE a Vigo operará en 5 ou 6 anos”, “Sra. Silva, o AVE chegará a Vigo en 2012 e sen expropiacións”, cando veu a Ministra a Sra. Álvarez a Vigo en setembro de 2008, “a Ministra veu a Vigo a garantir toda a rede de alta velocidade”, o Sr. Caballero, outubro de 2008, “manteño o compromiso do AVE directo a Madrid para 2012”, “O PSOE vigués garante que o AVE chegará á cidade nos prazos previstos” e logo cando cambio o Ministro, ven o Sr. Blanco en maio de 2009, cando levaban cinco anos gobernando di “Blanco admite que todos sabían que o AVE non podería chegar no 2012” isto o di en maio do 2009, pero é que en marzo do 2010, a un ano das eleccións, mire o que di o Sr. Caballero “así me manteño que no ano 2012 o tren directo de Vigo a Madrid estará en funcionamento, o afirmo e o manteño”, o afirma e o mantén, o Sr. Caballero mentiu descaradamente con toda a parafernalia do Partido Socialista, quen estiveron oito anos aquí gobernando, quen levaron o AVE a Andalucía hai vinte e tantos anos, marxinaran a Galicia veñen agora a dicir que están preocupados, non se preocupen, Sr. Regades, durma tranquilo, non se preocupe, porque nós xa estamos ocupados, nós estamos moi ocupados.

O que está claro, Sr. Font, é que sobre o AVE vostedes non fixeron nin un pouco, e agora que o Sr. Blanco asoma a nariz porque parece que o Sr. Besteiro ten problemas de liderado e parece que poder ser o próximo candidato, hai que dicirlle o Sr. Blanco que deixou un burato, que non deixou licitado e quitou a concurso a estación de Thom Mayne e non se presentou ninguén, deixou a concurso tamén a ampliación en Rande e din vostedes que non hai obras de Rande, vaia alí, os traballadores non están xogando ao tute, están a facer a ampliación de Rande.

Vostedes non fixeron absolutamente nada, sabe o que pasa? Que neste asunto vostedes non son cribles, se a vostede lle pregunta calquera cidadá da cidade de que palabras se fiaría sobre o AVE se das da Sra. Pastor ou do que di o Sr. Caballero a resposta está clara, pregúntelle a calquera cidadá de Vigo, se o que di a Sra. Pastor ou o que di o Sr. Caballero que en 2010 dicía que o AVE ía vir a Vigo en 2011, a única garantía de que o AVE a Ourense por Cerdedo se faga e que siga gobernando o Partido Popular, se goberno o Partido Socialista con Cidadáns ou

Cidadáns co Partido Socialista, todo o mundo sabe que o AVE por Cerdedo non se fará.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade a Marea de Vigo non nos sorprende, a Marea ultimamente nos di non a moitas cousas, nos di non a ampliación de Citroën, é dicir, no ao futuro de Citroën en Vigo, non ao Porto e non ao AVE. A Marea de Vigo non deixa de dicir e de facer o que lle mandan os seus Alcaldes de Madrid, ás veces, porque as veces non, porque as veces son de Podemos outras veces non, pero os seus Alcalde de Galicia, de A Coruña e de Ferrol.

Sorprendentemente di que queren facer un debate, eu dígolle señores de Marea de Vigo, debates si pero primeiro que o AVE chegue a Vigo, eu quero un AVE como o que chega a Barcelona, Sevilla ou Zaragoza, cando o AVE chegue a Vigo debatemos sobre o que queira. Non me sorprende, agora están aliados tamén os de Mareas en toda esa relación longa co Partido Popular que xa votan sempre no Pleno e con Cidadáns tamén, co outro partido de dereitas porque tamén din que o AVE non chega a Vigo, pois eu dígolle e o Partido Socialista e este Alcalde dille que o AVE vai chegar a Vigo, o Partido Socialista di si ao AVE a Vigo.

Que cruz nos toucou con esta Marea a Vigo, a verdade é que os cidadáns xa os puxeron no sitio que lle corresponde, na oposición 17/3 e o Partido Popular a verdade, AVE por Cerdedo, claro que o AVE por Cerdedo é o noso compromiso, e a garantía de que o AVE vai chegar a Vigo é que a garantía vai ser de novo o Partido Socialista, como tódalas obras que hoxe en día están na cidade de Vigo foron por gobernos socialistas en Vigo e en Madrid.

Co cal o Alcalde de Vigo, o Sr. Caballero, inaugurará ese AVE a Cerdedo, pero cunha ministra ou ministro socialista porque vostedes no mes de decembro abandonarán o Goberno de España porque os cidadáns xa lle dixeron en Vigo que non, 17, 6, e vanlle dicir en Madrid tamén que non, e esa é a pregunta que dicía vostede que había que facerlle aos cidadáns, había que preguntarlle que pensan os cidadáns, que a quen cren ao Partido Popular ou ao Partido Socialista, pois lle dixeron ao Partido Socialista que o cren 17 e ao Partido Popular que o cren 7, o peor resultado do Partido Popular na cidade de Vigo, e ese peor resultado vaise repetir novamente coa Sra. Pastor que ten a esta cidade completamente abandonada. Catro anos perdidos, de contratación cero na cidade de Vigo o único que fixeron foi acabar



proxectos que iniciou o Partido Socialista.

Señores do Partido Popular traballen por esta cidade senón na próxima eleccións en vez de 7, 3 que así xa complementan perfectamente cos de Cidadáns e cos de Mareas.

PRESIDENCIA: Este é un tema de máxima importancia na cidade, non é un tema de broma, non é un tema para rir, é un tema central e capital en Vigo, e Vigo está neste momento xogándose unha parte importante do seu futuro neste tema, en ter ou non ter tren de alta velocidade. Eu quérolle pedir a algúns que o tomen en serio, porque unha cidade vaise definindo pola súa presenza nos grandes desenvolvementos da modernidade, unha cidade vaise definindo pola súa presenza nos grandes eixos europeos que definen ás grandes cidades de Europa, unha cidade se define pola súa capacidade e pola súa presenza nalgunhas cuestións que o comunican co resto do territorio, e aquí houbo un gran proxecto, a alta velocidade en L, A Coruña, Santiago de Compostela, Vigo, Ourense, Madrid, e foi un goberno do Partido Popular en España e o Partido Popular en Galicia os que o rexeitaron, e decidiron que se ía facer, A Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, e deixaron a Vigo fora das liñas de alta velocidade Europea, gobernando o Partido Popular en Galicia e Partido Popular en España, e aquí gobernaba unha forza nacionalista e non estivo a altura das circunstancias dicindo o que tiñan que dicir, miraron para outro lado, efectivamente con ese señor que vostede acaba de citar aquí, e miraron para outro lado e non tiveron o valor de defender a esta cidade, porque non era un tema secundario, era un tema central, e era de definición de proxecto de cidade, que contentos os de A Coruña e Santiago de Compostela, xa eliminaran a Vigo, co apoio do Goberno de Santiago de Compostela e o Goberno de Madrid, e isto no o vai a tolerar esta cidade, polo seu propio dereito a estar nas redes de alta velocidade nos grandes proxectos do futuro e da modernidade. En Vigo no vai a arriar a bandeira da alta velocidade, e estou escoitando neste Pleno argumentos que cría felizmente superados pola propia realidade, cousas como só son 20 minutos, eran os mesmos que A Coruña e Santiago de Compostela podían ter cando pasaba por Vigo e dixeron que non e que non, e agora escoito esta posición tolerante de Marea de Vigo dicindo e que só son 20 minutos, primeiro é máis e segundo, de ningún modo atrasar para volver atrás

cara Santiago de Compostela, de ningún modo, de ningunha forma, e mentres eu sexa Alcalde van a escoitar Mareas e os demais a miña voz continua defendendo a alta velocidade neste cidade, porque claro que fun eu o que puxo outra vez no taboleiro o debate político, a primeira vez que me presentei a esta Alcaldía, e puxen como condición ao meu propio goberno que tiña que incluír a alta velocidade de Vigo senón non me presentaba á Alcaldía, claro que si, e o meu propio goberno co Sr. Zapatero á cabeza virou a súa posición porque dende aquí llo esiximos, lémbrese como foi aquilo, e se non chegan a alterar a súa posición non me houbera presentado ás eleccións, porque hai cousas que un non pode tolerar, nin no seu partido nin nos outros, e imos seguir defendendo a alta velocidade, claro que si, porque cando eu cheguei a esta Alcaldía non só non había alta velocidade conectado con Madrid senón que ademais entrábase nunha gabia polo medio de Vigo rompendo a posibilidade da saída sur que é o futuro de Vigo. O futuro desta cidade é Oporto-Vigo-Madrid; Oporto-Vigo-Europa e iso requiría entrar en túnel, pois nada máis chegar á Alcaldía fixemos cambiar ao Goberno de España o proxecto entrando en túnel e posibilitando o AVE do futuro, está aí ao lado. Iso non foi hai dez anos, non era tema de risa, eran temas moi serios e claro que eu aceptei a proposta cando me dicían no ano 2007 cando me presentei, no 2012 vai estar, sucede que cando chegou un goberno no 2011 o AVE quedou literalmente parado para Vigo, había que facer unha pequena modificación, certo, fixeron unha pequena modificación e pararon tódolos estudos medio ambientais porque en catro anos no foron capaces de facer ningunha páxina de estudo medio ambiental que se fai en seis meses, a ver se dicimos as cousas como son, eu pídolle a tódolos concelleiros deste Pleno que se poñan ao lado da cidade, contra o seu partido se fai falla, defendendo á cidade, á alta velocidade porque no é un tema menor, é un tema importante. Claro que leva parado catro anos, ou que en catro anos non se pode facer un proxecto medio ambiental de declaración que é un proxecto simple dun cambio menor dun quilómetro de trazado, sabe canto tarda iso, señorías? Tarda exactamente seis meses se se quere, pero pasaron catro anos, eu estaba pedindo permanentemente porque sei que a crise é un momento malo, que xa sabía que non había recursos e eu iso o acepto, neste momento non os hai, pero que non paren a tramitación para que cando se supere a crise poidamos adicar os recursos governe quen governe, perdemos catro anos e se empeza a afianzar a

sensación de que imos por Santiago de Compostela, saben porque non estamos viaxando a Madrid por Santiago de Compostela agora? Porque eu lle dixen a Ministra en público que ía pagar duramente a quen fixera iso e retiraron os trens que querían facer Vigo-Santiago de Compostela-Ourense e Madrid agora cos Avant, agora mesmo acaba de ser, porque eu lle dixen á ministra que nin se atrevera a facer esa liña, que iamos ir dende Vigo a Madrid sen pasar por Santiago de Compostela, e isto en debate central que temos que seguir adiante e llo preguntamos á cidade nas últimas eleccións municipais e este é o resultado, este é o resultado da voz da cidade, e eu quéro-lles dicir a todos que nestas eleccións cando Mareas veña a facer aquí campaña dirémoslle que se opón ao AVE de Vigo, pero cando Cidadáns veña aquí a facer campaña lle diremos que se opón ao AVE de Vigo, e ó Partido Popular dirémoslle que o está a atrasar, porque esa é a verdade, a cada un o que está a facer. Este é un compromiso colectivo de cidade, que temos que levar adiante e que temos que estar en contacto con Portugal para que cando resolvan a crise fagan Oporto-Vigo, que é a única oportunidade que ten Oporto de chegar a Madrid e a Europa e o saben, e o sabe o Goberno de Portugal e os ferroviarios e o sabe todo o mundo e iso é un proxecto de futuro dunha cidade e hai que tomalo en serio, dende a dinámica do que significa para Vigo ter a alta velocidade e estar nas redes europeas da alta velocidade, porque saben que significa non estar? Significa un baleiro nese gran mapa europeo onde estará A Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, Madrid e non estará Vigo, iso é o que significa, por iso lle quero dicir a todo este Pleno e aos que se opoñen que se tiñan que ter presentado eleccións dicindo que no querían o AVE para Vigo, e ocultárono, e agora veñen con aquelas estrañas cuestións que máis me lembran ó argumento do Alcalde de A Coruña e de Santiago de Compostela que a xente do Pleno de Vigo e claro que se atrasou pola Sra. Pastor porque eu o que pedía era fagan o proxecto de declaración medio ambiental. Eu xa sei que non hai mil millóns de euros neste momento, sabémolo todos porque estamos en crise pero en un, dous, tres, catro anos, cando se resolva a crise este proxecto ten que estar vivo, e ten que ter os recursos, governe quen governe, eu seguirei dicíndolle a esta cidade que mentres eu sexa Alcalde a bandeira do tren de alta velocidade de Vigo vai seguir neste Concello, e se vostedes, señores do Partido Popular, señores de Marea de Vigo non están á altura do que a cidade demandan vano pagar, créanme que o van pagar e

lles digo cambien a posición, porque saben que teño toda a razón do que estou a dicir, cambien a posición e defendan a esta cidade.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con dezasete votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras , Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia e nove abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada, en data 25.11.2015 (Rex. Nº 1281/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### **1.1(235).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de outubro ao 26 de novembro de 2015.

**1.2(236).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de outubro ao 26 de novembro de 2015.

**1.3(237).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 26.06.2015, QUE PROCEDE Á CORRECCIÓN DE ERRO DETECTADO NA RESOLUCIÓN DE 19.06.2015. EXPTE. 44/1102 (REXISTRO PLENO 1241/1101).**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 26.06.2015, que di o que segue:

“Examinada a Resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 19 de xuño de 2015, de DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS en concelleiros/as, detectouse un erro nas delegacións da XII.- ÁREA DE FESTAS E TURISMO referidas ao Auditorio Municipal, xa que as competencias referidas ao mesmo quedarán integradas na XV.- ÁREA DE CULTURA.

En consecuencia, a nova redacción do apartado 9.- da XII.- ÁREA DE FESTAS E TURISMO, a) En materia de festas e animación sociocultural: deberá ser a seguinte:

“9.- *Planificar e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control do Auditorio ao aire libre de Castrelos.*”

Quedando a redacción do apartado 17.- da XV.- ÁREA DE CULTURA, a) En materia de Cultura: do seguinte xeito:

“17.-*A xestión do Auditorio Municipal en relación á programación municipal que nel se desenvolva, e/ou as xestións e autorizacións de solicitudes de utilización*

*por parte de entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas e, así mesmo, planificar e xestionar as accións precisas para garantir a súa conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control.”*

Visto o anterior, en aplicación do artigo 105 da Lei 30/1992, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

RESOLVO:

Primeiro.- Proceder á corrección do erro detectado na Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 19 de xuño de 2015 de delegación de competencias referida á xestión do Auditorio Municipal e así, o apartado 9.- da XII.- *ÁREA DE FESTAS E TURISMO*, a) En materia de festas e animación sociocultural: quedará redactado do seguinte xeito:

*“9.- Planificar e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control do Auditorio ao aire libre de Castrelos.”*

Así mesmo, o apartado 17.- da XV.- *ÁREA DE CULTURA*, a) En materia de Cultura: conterà o seguinte texto:

*“17.-A xestión do Auditorio Municipal en relación á programación municipal que nel se desenvolva, e/ou as xestións e autorizacións de solicitudes de utilización por parte de entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas e, así mesmo, planificar e xestionar as accións precisas para garantir a súa conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control.”*

Estes cambios se refundirán co texto principal da Resolución do 19 de xuño de 2015 e farase referencia a eles mediante nota ao pé de páxina.

Segundo.- Notificar a presente Resolución a todos os concelleiros e membros da Xunta de Goberno Local afectados.

Terceiro.- Comunicar a presente Resolución aos xefes das diferentes Áreas e Servizos Municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na intranet municipal.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Da presente Resolución de conformidade co establecido no art. 44.4

do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación aos efectos de que quede informado da mesma.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

**1.4(238).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DE DATAS 27.07, 13.08, 24.08 E 9.09.2015, REFERENTES AO NOMEAMENTO DE ASESORES E AUXILIARES DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA E PERSOAL EVENTUAL DA ALCALDÍA. EXPTEs. 46,48, 41E 42/1102 (REXISTRO PLENO 1242/1101).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía, de datas 27.07, 13.08, 24.08 e 9.09.2015, que din o que segue:

"En sesión de data 15 de xuño 2015, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual correspondente á Alcaldía ao servizo do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cese do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, con efectos dende o 28 de xullo de 2015, á persoa proposta por esta Alcaldía para o posto de director de Gabinete da Alcaldía cunha retribución bruta anual de 43.671,42 €.

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Director de Gabinete da Alcaldía	Xornada completa	43.671,46 euros.	José Carlos Baños Márquez DNI 36007487K

SEGUNDO.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local

en sesión de data.15.06.2015.

TERCEIRO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

CUARTO.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupos políticos municipais do PSOE e BNG, aos efectos oportunos.”

"En sesión extraordinaria de data 13 de agosto 2015, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a proposta do alcalde do 11 de agosto do 2015 referente á asignación dunha persoa á Alcaldía en calidade de persoal eventual co posto de asesor/a.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, á persoa proposta polo alcalde-presidente, seguidamente relacionada con cargo ao posto indicado:

Asesor/a	Xornada completa	30.079,98 euros.	Magoya Méndez Martínez DNI 361342466
----------	------------------	------------------	---

Segundo.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.13.08.2015.

Terceiro.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Cuarto.- Notifíquese a presente á Alcaldía, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos



Humanos, interesados/as para os efectos oportunos. Proceder á súa publicación na sede electrónica municipal, de conformidade co disposto no art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.”

"En sesión extraordinaria de data 19 de xuño 2015, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual correspondente aos grupos políticos municipais do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, á persoa proposta polo Grupo municipal Socialista, seguidamente relacionada con cargo ao posto indicado de seguido:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Auxiliar eventual	Xornada completa	21.495,18 euros	Pereira Rodríguez, Rocío

Segundo.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.19.06.2015.

Terceiro.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Cuarto.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupo político municipal do PsdeG-PSOE.”

"En sesión extraordinaria de data 19 de xuño 2015, a Xunta de Goberno Local acordou determinar o número e réxime do persoal eventual correspondente aos grupos políticos municipais do Concello de Vigo, dentro dos termos do contemplado

nos vixentes Orzamentos Municipais e Relación de Postos de Traballo.

Considerando o disposto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de asesoramento e confianza especial que presta o persoal eventual, así como ás condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104 bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente

RESOLVO:

Primeiro.- Cesar a D<sup>a</sup> Ana Belén López Villar e a D. Iago Solleiro Sanz, nos seus postos de persoal eventual-auxiliar do Grupo municipal socialista para os que foron nomeados mediante Resolución desta Alcaldía de data 19/06/2015.

Segundo.- Nomear persoal eventual suxeito ao previsto no artigo 12 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ás persoas propostas polo Grupo municipal Socialista, seguidamente relacionadas con cargo aos postos indicados:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Asesor/a Alcaldía	Xornada completa	30.079,98 euros.	López Villar, Ana Belén 10900233G
Asesor/a Alcaldía	Xornada completa	30.079,98 euros.	Solleiro Sanz, Iago 36155833V
Auxiliar eventual	Xornada completa	21.495,18 euros	Pablo Mosquera Sánchez 36111789H
Auxiliar eventual	Xornada completa	21.495,18 euros	Hugo Walden Lerutti 36169855D

Terceiro.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data.19.06.2015.

Cuarto.- Dar conta á Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número dos postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Quinto.- Notifíquese a presente á Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, interesados/as e grupo político municipal do PsdeG-PSOE.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

**1.5(239).- DAR CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATAS 20.07, 27.07, 24.08 E 12.11.2015, REFERENTES Á REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NOS DIVERSOS PADROADOS, FUNDACIÓNS, ÓRGANOS E ENTIDADES PÚBLICAS. EXPTE. 33,34,37,35,47,54/1102 (REXISTRO PLENO 1243/1101).**

Dáse conta dos acordos da Xunta de Goberno Local, de datas 20.07, 27.07, 24.08 e 12.11.2015, que din o que segue:

**7.- PROPOSTA REPRESENTANTES NO CONSORCIO ZONA FRANCA E FUNDACIÓN MARCO.**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, de data 20.07.15, que di o seguinte:

*Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 24 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.*

*De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

*Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Consorcio da Zona Franca de Vigo polo seu Alcalde e representante legal D. Abel Caballero Álvarez e polos concelleiros D. David Regades Fernández, D. Javier Pardo Espiñeira, D. Angel Rivas González, D. Cayetano Rodríguez Escudero, a proposta do grupo Grupo Político Municipal Socialista e D. Miguel Fidalgo Iglesias, a proposta do grupo Grupo Político Municipal Partido Popular.*

*Segundo.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado da Fundación MARCO, polo seu alcalde como presidente do Padroado e polos concelleiros/as: D. Cayetano Rodríguez Escudero, D. David Regades Fernández, a proposta do grupo Grupo Político Municipal Socialista e D<sup>a</sup> Teresa Egerique Mosquera, a proposta do grupo Grupo Político Municipal Partido Popular.*

*Terceiro.- Comunicar este acordo aos organismos, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.*

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### 6.- PROPOSTA REPRESENTANTES EN FUNDACIÓNS, EN DIVERSOS ORGANOS E ENTIDADES PÚBLICAS.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, de data 20.07.15, que di o seguinte:

*Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 24 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.*

*De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:*

Primeiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación “Instituto Feiral de Vigo” (IFEVI), actuará no Padroado e no Comité Executivo da mesma, a través do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez.

Segundo.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación “Vigo en Deporte” (VIDE), actuará na mesma, tal e como se indica nos artigos 10 e 13 dos seus Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado e a través do Concelleiro Delegado da Área de Deportes, D. José Manuel Fernández Pérez que ostentará a Vicepresidencia; ostentando, a súa vez, a representación do Concello no Comité Executivo.

Terceiro.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón na Fundación “Fundación Provigo”, actuará na mesma, tal e como se indica no artigo 10 dos seus Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, así mesmo, de conformidade co previsto no parágrafo cuarto do artigo 11 dos Estatutos, o substituto do Alcalde será o concelleiro da área de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.

Cuarto.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón na Fundación “Fundación Laxeiro”, actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado

*segundo o artigo 8 dos seus Estatutos. Os restantes tres membros representantes do Concello, segundo se indica no artigo 6.a) dos seu Estatutos, serán o concelleiro-delegado de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, D. Antón Castro Fernández, D. Antón Pulido Novoa e D. Román Pereiro Alonso.*

*Quinto.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de Patrón da Fundación "Fundación Liste", actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, que ostentará a Vicepresidencia segundo se determina no artigo 15.3 dos Estatutos. Os restantes dous membros representantes do Concello, segundo se indica no artigo 13.1.a) dos devanditos Estatutos, serán o concelleiro-delegado de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, e D. Rafael Vallejo Pousada.*

*Sexto.- O Concello de Vigo, no exercizo das súas funcións de patrón da "Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI)", actuará na mesma a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Alvarez, que ostentará a Presidencia do Padroado segundo os seus Estatutos, o outro representante do Concello no órgano mencionado será o concelleiro-delegado de Fomento, D. David Regades Fernández.*

*Sétimo.- Comunicar á Secretaria Xeral do ente EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR que en sesión constitutiva de data 13 de xuño de 2015 foi elixido Alcalde da Cidade de Vigo, D. Abel Caballero Alvarez, correspondéndolle estatutariamente a representación do Concello de Vigo nos órganos de goberno de dito ente.*

*Oitavo.- Designar á Concelleira Delegada da Área de Educación, D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez, representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.*

*Noveno.- Designar como interlocutores do Concello de Vigo na REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, Concelleira Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, en condición de representante política e a D. Secundino Otero Failde, xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, en condición de representante técnico.*

*Décimo.- Comunicar á Secretaría Xeral da AUTORIDADE PORTUARIA que o Concello de Vigo estará representado no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo polo seu Alcalde e representante legal, D. Abel Caballero Álvarez.*

*Décimo primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.*

*Décimo segundo.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado do PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA pola súa Concelleira Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey.*

Décimo terceiro.- O Concello de Vigo estará representado no MUSEO DO MAR polo concelleiro-delegada da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Décimo cuarto.- Comunicar o presente acordo aos concelleiros, Fundacións, Padroados, organismos e entidades públicas afectados para o seu coñecemento e efectos.

Décimo quinto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información pública e Bo goberno.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### 5.- PROPOSTA REPRESENTANTES CONCELLO NA ASEMBLEA DA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, de data 20.07.15, que di o seguinte:

*Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 24 de maio do presente ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.*

*De conformidade co exposto esta Alcaldía, tralas consultas cos distintos Voceiros dos Grupos Políticos Municipais, sometese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:*

Primeiro.- *Distribuír os quince Concelleiros/as que deban representar ao Concello de Vigo na Asemblea da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo do seguinte xeito:*

*Presidente e 8 Vocais-concelleiros/as- a proposta do Grupo Político Municipal Socialista:*

<i>Presidente:</i>	<i>D. Abel Caballero Álvarez (Alcalde).</i>
<i>Vocal 1</i>	<i>D. Javier Pardo Espiñeira</i>
<i>Vocal 2</i>	<i>D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez</i>
<i>Vocal 3</i>	<i>D. Jaime Aneiros Pereira</i>

Vocal 4	D. Carlos López Font
Vocal 5	D <sup>a</sup> Ángeles Marra Domínguez
Vocal 6	D. Angel Rivas González
Vocal 7	D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
Vocal 8	D. David Regades Fernández

*4 Vocais–concelleiros/as- a proposta do Grupo Político Municipal do Partido Popular.*

Vocal 1	D <sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz
Vocal 2	D. Diego Gago Bugarín
Vocal 3	D. José Manuel Figueroa Vila
Vocal 4	D. Miguel Fidalgo Iglesias.

*2 Vocais–concelleiros/as- a proposta do Grupo Municipal Marea de Vigo.*

Vocal 1	D. Rubén Pérez Correa
Vocal 2	D <sup>a</sup> Margarida López Barreiro

*Segundo.- Comunicar este acordo á Mancomunidade Area Intermunicipal de Vigo, ao Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados e para xeral coñecemento inserilo na Intranet municipal.*

*Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE SUPLENTE NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA. EXPTE. 37/1102.

Dáse conta da proposta de Alcaldía, de data 22.07.15, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 20/07/2015 acordou, entre outros, aprobar a proposta desta Alcaldía-Presidencia de designación de representantes municipais en padroados, fundacións e en diversos órganos e entidades públicas. En concreto, no punto Décimo primeiro do devandito acordo, designouse ao concelleiro da área de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Javier Pardo Espiñeira, como representante do Concello de Vigo no CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo.*

*Visto o anterior e para acadar unha maior axilidade e flexibilidade na xestión municipal, ao abeiro do sinalado no art. 127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía-Presidencia somete á consideración da Xunta de*

Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Nomear suplente do concelleiro da área de Xestión Municipal, Persoal Patrimonio e Administración Electrónica, D. Javier Pardo Espiñeira, no CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo á directora de Ingresos do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Magdalena Vila.

Segundo.- Comunicar este acordo ao Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria, ao concelleiro de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica e á directora de Ingresos do Concello de Vigo.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo mento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. RECTIFICACIÓN ACORDO DO 21 DE AGOSTO DE 2015.

Dáse conta da referida proposta do Excmo. Alcalde, de data 24.08.15, que di o seguinte:

*Como consecuencia da constitución nova Corporación xurdida das eleccións locais do 24 de maio deste ano, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.*

*En data 21 de agosto de 2015 a Xunta de Goberno local aprobou a designación de representantes municipais no Consorcio do Casco Vello de Vigo. Téndose producido un erro material nos membros nomeados compre rectificar o mesmo.*

*De conformidade coa normativa sinalada, esta Alcaldía somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta coa rectificación do erro material:*

Primeiro.- Nomear representes do Concello de Vigo no Consello de Administración do CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO aos seguintes concelleiros/as:

Polo Grupo municipal socialista:



*D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font*

*Suplente: D. Cayetano Rodríguez Escudero  
Suplente: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez*

*Polo Grupo municipal do Partido Popular:*

*D<sup>a</sup> Elena Muñoz Fonteriz  
Suplente: D. Diego Gago Bugarín.*

*Así mesmo, comunicar ao Consorcio do Casco Vello de Vigo que a competencia en materia de Urbanismo no ámbito do Casco Vello é da concelleira de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez. Suplente: Francisco Javier Pardo Espiñeira.*

*Segundo.-* *Nomear representante do Concello de Vigo no Comité Executivo do Consorcio do Casco Vello a concelleira:*

*D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
Suplente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.*

*Terceiro.-* *Designar vicepresidente do Consorcio do Casco Vello de Vigo ao concelleiro de Fomento, Limpeza e Contratación, D. David Regades Fernández.*

*Cuarto.-* *Comunicar o presente acordo aos concelleiros designados e ao Consorcio do Casco Vello de Vigo.*

*Quinto.-* *O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Infomación pública e Bo goberno.*

*Acordo*

*A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.*

2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA DESIGNACIÓN DE NOVO REPRESENTANTE MUNICIPAL NO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. 54/112.  
Dáse conta da proposta do alcalde-presidente, de data 11.11.2015, de designación de representante no Consello Social da Universidade de Vigo, que di o seguinte:

*“A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 20/07/2015, por proposta desta Alcaldía-Presidencia do 20/07/2015, acordou, entre outros, designar á concelleira-delegada da área de Educación, D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez,*

*como representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.*

*Examinada novamente a estrutura organizativa do Concello, esta Alcaldía ve conveniente designar, no canto da antedita concelleira-delegada, a D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ, como representante do Concello no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE VIGO; polo que, ao abeiro do sinalado no art. 127 m, da Lei, 7/1985, reguladora das bases do réxime local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta.*

*Primeiro.- Deixar sen efecto o apartado oitavo do acordo da Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria e urxente do 20/07/2015, de nomeamento da concelleira-delegada da Área de Educación, D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez, como representante do Concello de Vigo no Consello Social da Universidade de Vigo.*

*Segundo.- Designar a D. XULIO CALVIÑO RODRÍGUEZ, representante do Concello de Vigo no CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO.*

*Terceiro.- Comunicar o presente acordo á concelleira-delegada de Educación, a D. Xulio Calviño Rodríguez e ao Consello Social da Universidade de Vigo.*

*Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na sede electrónica municipal para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 09 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a precedente proposta.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

**1.6(240).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 27.10.2015, REFERENTE Á DELEGACIÓN NA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA DA TRAMITACIÓN E EXECUCIÓN DE CONVENIOS QUE REGULAN SUBVENCÍONS CON CARGO A APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DA ÁREA 912 (ÓRGANOS DE GOBERNO). EXPTE. 622/1102. (REXISTRO PLENO 1267/1101).**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 27.10.2015, que di o que segue:

“O orzamento 912.Órganos de Goberno ten entre as súas aplicacións unha serie de subvencións nominativas a entidades sen ánimo de lucro de carácter cultural, co obxecto de financiar actividades que se ofertan a toda a cidadanía.

O decreto de delegación de competencias de data 19 de xuño de 2015 no seu apartado XV “Área de Cultura”, especifica no punto 7 das de “en materia de Cultura”:

“Xestión de convenios de colaboración e/ou patrocinio das actividades propias da Concellería por parte de empresas ou entidades, así como a resolución dos textos dos convenios que se propoñan para a súa aprobación e sinatura”

E no punto 8:

“Sinatura de convenios de colaboración con entidades para a programación complementaria da Concellería de Cultura...”

Por este motivo, dende a Alcaldía considérase conveniente que a xestión das subvencións que de seguido se relacionan, que figuran no orzamento 912.Órganos de Goberno, sexan xestinadas directamente dende a Área de Cultura:

<i>9120.480.00.05</i>	<i>AMIGOS DA ÓPERA</i>	<i>40.000 €</i>
<i>9120.480.00.06</i>	<i>CORAL CASABLANCA</i>	<i>10.000 €</i>
<i>9120.480.00.07</i>	<i>CÍRCULO MERCANTIL VIGO</i>	<i>10.000 €</i>
<i>9120.489.00.04</i>	<i>OUTRAS SUBVENCIONES</i>	<i>2.000 €</i>
	<i>(Conservatorio Superior de Música- Programa Explurart)</i>	

Á vista do exposto, tendo en conta a natureza dos citados expedientes que se corresponden coas competencias delegadas na Área de Cultura, pero en relación a clasificación orzamentaria os créditos atópanse na área 912. Órganos de Goberno, se orienta a necesidade dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da

potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### **RESOLVE**

Primeiro.- Delegar na Concellería da Área de Cultura, sendo o concelleiro delegado da mesma D. Cayetano Rodríguez Escudero, as atribucións precisas para a tramitación e execución dos expedientes de convenios para regular as subvencións que de seguido se relacionan e con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias da área 912.Órganos de Goberno:

9120.480.00.05	AMIGOS DA ÓPERA	40.000 €
9120.480.00.06	CORAL CASABLANCA	10.000 €
9120.480.00.07	CÍRCULO MERCANTIL VIGO	10.000 €
9120.489.00.04	OUTRAS SUBVENCIONES (Conservatorio Superior de Música- Programa Explurart)	2.000 €

Segundo.- Esta delegacións enténdese sen prexuízo das modificacións sobre o desenvolvemento do expediente que foran necesarias as inicialmente previstas ou outras cuestións sobre o desenvolvemento do mesmo que puideran efectuarse para garantir a correcta execución do proxecto.

Cuarto.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Quinto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Sexto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

**1.7(241).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATA 10.11 E 11.11.2015 POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE DATA DE 19.06.2015. EXPTE. 55,56/1102. (REXISTRO PLENO 1280/1101).**

Dáse conta das Resolución da Alcaldía, de datad 10.11 e 11.11.2015, que din o que segue:

“Cara á organización da nova Corporación constituída o 13 de xuño, xurdida das eleccións locais realizadas o día 24 de maio de 2015, esta Alcaldía-Presidencia, no uso da normativa de aplicación vixente, ditou Resolución o 19 de xuño de 2015 delegando competencias das áreas e servizos municipais nos concelleiros/as electos.

Vista a práctica municipal e así mesmo a aprobación de novos textos legais de xeral aplicación, tal e como a Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, considéranse necesarios axustes na antedita Resolución de delegación de competencias do 19 de xuño de 2015, polo que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía -art. 124.4, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Á vista do disposto no artigo 212.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia,

1.- Delegar no concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA, todas as competencias atribuídas a esta Alcaldía en exercizo da potestade disciplinaria, sancionadora así como na xestión dos trámites contractuais en materia de persoal laboral, sinaladamente a non superación do período de proba do perosal laboral. Ditas competencias exerceranse sobre a totalidade do persoal municipal, agás o integrante da Policía Local e do Persoal de Extinción de Incendios.

2.- Delegar no concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, D. CARLOS LÓPEZ

FONT, todas as competencias atribuídas a esta Alcaldía en exercizo da potestade disciplinaria e sancionadora na Policía Local e no Persoal de Extinción de Incendios

Segundo.- Refundir esta Resolución coa Resolución de 19 de xuño de 2016 a efectos de ofrecer un único instrumento claro e estruturado en relación coas delegacións da Alcaldía nos concelleiros delegados de áreas.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros e xefes das diferentes áreas e servizos municipais afectados. Informar dela mediante a Intranet municipal.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Da presente Resolución de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

“Vista a nova Corporación constituída o 13 de xuño, xurdida das eleccións locais realizadas o día 24 de maio de 2015, esta Alcaldía-Presidencia, no uso da normativa de aplicación vixente, ditou Resolución o 19 de xuño de 2015 delegando competencias das áreas e servizos municipais nos concelleiros/as electos.

Dado que a práctica municipal necesita dunha maior axilidade nos procesos administrativos, considéranse necesarios axustes na antedita Resolución de delegación de competencias do 19 de xuño de 2015; polo tanto, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía -art. 124.4, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais,

#### RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a RESOLUCIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS, ditada por esta Alcaldía-Presidencia en data 19 de xuño de 2015, no tocante á “III.- AREA DE XESTIÓN MUNICIPAL, PERSOAL, PATRIMONIO E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA” e así no apartado “b) En materia de recursos humanos e persoal:”, engádese unha nova delegación co seguinte texto:

“.- A representación legal do Concello na sinatura dos contratos laborais, así como os actos derivados dos mesmos, dita delegación incluírá a non superación do período de proba e a sinatura de actos de trámite y resolución das incidencias producidas no marco de ditas relacións contractuais.”

Segundo.- Refundir esta Resolución coa Resolución de 19 de xuño de 2015 a efectos de ofrecer un único instrumento claro e estruturado en relación coas delegacións da Alcaldía nos concelleiros delegados de áreas.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros e xefes das diferentes áreas e servizos municipais afectados. Informar dela mediante a Intranet municipal.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto.- Da presente Resolución de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma.”

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación que queda enterado.*

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non houbo

## **3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non houbo

#### **4.- MOCIÓNS.**

##### **4.1(242).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL INFORMACIÓN SOBRE O DENOMINADO “PLAN VERDE” DO CONVENIO ENTRE O CONCELLO E AQUALIA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1269/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de novembro de 2015, número 1269/1101, a vocería do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

#### **MOCIÓN**

O inqueda de silencio do goberno municipal ao respecto da información solicitada sobre os expedientes de contratación directa que teñen sido asinados ao longo deste ano están a ser un motivo de fonda preocupación cidadá.

Este grupo municipal pediu por escrito, en persoa, e mesmo a través de iniciativas plenarias, a posta a disposición de toda esta información, sin que o goberno tivera atendido a nosa demanda nin aportado siquera explicacións convincentes do seu silencio político e administrativo.

En concreto, demandáronse datos precisos sobre os expedientes de contratación de todos os adornos de xardinería e os olivos que se están a plantar nas reformas máis recentes das rúas e beirarrúas do centro urbano, e que sen dúbida suponen un custo sustancial para o erario público.

Sete meses despois de que este tipo de ornamento de xardinería comezase a ser empregado de xeito masivo en Vigo, coincidindo coa campaña electoral das municipais, as viguesas e vigueses seguen sen saber canto están a custar, quen é o seu proveedor ou mediante qué procedementos de contratación están a ser adquiridos.

Por fotografías aparecidas nos medios de comunicación, soupemos que os traballos de mantemento dos setos ornamentais non están a ser desenvolvidos pola concesionaria municipal de xardíns, senón pola empresa Xaroc. É por elo que pedimos as pertinentes explicacións sobre a relación contractual desta firma con este Concello.

Por única contestación, temos ecoitado ao concelleiro López Font nos medios de comunicación aseverando que se trata dunha contratación feita por Aqualia, a firma concesionaria do abastecemento e saneamento en Vigo, con cargo a un ‘plan verde’ que esta empresa tería pactado con este goberno xunto con outras inversións a cambio dunha prórroga de cinco anos no seu contrato. Prórroga que, por certo, non foi sometida a consideración plenaria e resultou unha decisión



arbitraria e persoal desta alcaldía.

Chama a atención que ao mesmo tempo que estes feitos sucedían na relación entre este goberno e Aqualia, nunca fora atendida a demanda dun novo recibo de auga que lles cobre aos cidadáns polo seu consumo real e non por tramos coma ven sendo denunciado de xeito reiterado por este grupo municipal. Demanda, por certo, que este pleno aprobou en máis dunha ocasión, por unanimidade, e contando polo tanto cos votos do partido socialista.

Pero en calquera caso, este grupo municipal segue sen ter constancia oficial do devandito plan verde de Aqualia, do seu contido explícito, do seu custe, da súa aprobación polos órganos de goberno municipais correspondentes e tampouco da súa fiscalización debida. Máis aínda, tendo en conta que no convenio asinado con Aqualia para a citada prórroga do seu contrato, se especifica que calquera das obras de mellora nás rúas será supervisada, validada e aprobada polo goberno municipal.

Á vista desta situación que entendemos de todo xeito anómala, esta concelleira solicita para a consideración polo pleno municipal o apoio de todos os concelleiros para adoptar o seguinte:

ACORDO:

Instar ao goberno municipal a facilitar información expresa sobre o denominado 'plan verde' que consta no convenio entre o Concello e Aqualia para saber cantas actuacións inclúe, onde se realizarán, cal vai a ser o seu custe, e tamén o procedemento seguido para a súa contratación e o seu control por parte desde Concello.

A que facilite o expediente de contratación dos referidos olivos e adornos de xardinería para coñecer públicamente o seu custe, o proveedor e as condicións establecidas para o servizo.

A que o goberno poña a disposición da oposición e dos cidadáns a fiscalización á que está a someter dende o primeiro ata o último euro investido por Aqualia con cargo tanto ao plan verde coma ó resto de investimentos da concesionaria non relacionados cos servizos de abastecimento e saneamento.

Con data 23 de novembro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude quedou enterada de dita proposta.

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Xa estamos cun tema recorrente neste Plenos, dende logo nesta última lexislatura que é o da información que se lle da aos grupos municipais,

o da información sobre a contratación, o da información e a esixencia de auditoría sobre as concesionarias, lamentablemente unha vez máis temos que presentar unha moción que está relacionada con este punto, pero ademais non quero deixar de facer mención a un dos puntos que votamos na orde do día de hoxe que é a aprobación do Código do Bo Goberno Local, porque a verdade é que é moi interesante a lectura deste Código de Bo Goberno Local e espero que supoña un antes e un despois no comportamento dese goberno municipal á hora de dar información. A verdade é que non vou a lelo enteiro, xa se debateu antes, pero hai tres cuestións que me parece importante resaltar porque espero acción a partires de mañá; primeiro, cando di que hai que atender dilixentemente ás solicitudes de información, non aparece, despois cando se di que se vai fomentar a creación e instrumentos de control e seguimento da contratación pública para garantir aos operadores un trato non discriminatorio e para garantir a transparencia, e en terceiro lugar e este é un punto que especialmente quería facer fincapé, cando di que o Goberno Local manterá reunións periódicas coa oposición para dar conta das iniciativas e proxectos así como para facilitar os acordos e a desexable gobernabilidade da administración local. Creo que estes puntos e moitos outros que tamén de momento están incumplidos como fomentar a participación cidadá de todos, non só...

PRESIDENCIA: Lémbrolle señora voceira, o código xa foi debatido, se quere o volvemos debater, presente unha moción e debatemos, agora estamos a debater o Plan Verde.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: De acordo coa parte do expoñendo da moción que presentamos hoxe, insisto, xa sei que non lles gusta oír falar de que non dan a información, pero é que non a dan, xa que sei que non lles gusta que votan en contra das mocions das auditorías pero é que votan en contra.

PRESIDENCIA: Nos nos dirá vostede o que temos que votar?

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Aquí o tema é o dos ornamentos, é o tema das oliveiras, sinceramente nunha das intervencións máis lamentables que lembro a ningún

concelleiro do Goberno e especialmente ao Sr. Font, apareceu como unha contestación a este grupo municipal que os dinosetos, os setos decorativos, os oliveiras resulta que eran a custe cero para tódolos vigueses/as porque se pagaban a través do contrato de Aqualia. Sr. Font, o que menos pode facer e me gustaría que se agora intervén aproveitara para desculpase ante tódolos vigueses/as.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, un segundo por favor, se vostede se empeña en falar co Sr. Font que non é o que vai responder, está a facer un debate equivocado, fale co grupo e lle contestará o voceiro que decidamos, pero se vostede se empeña lle terei que dar a palabra ao Sr. Regades que é o que vai intervir e ademais por alusións ao Sr. Font, rogo que se centre na cuestión.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Estou referíndome en relación co Plan Verde ás declaracións dun concelleiro en concreto, eu non sei cal é o que vai a contestar a esta moción ou non, pero por parte do goberno municipal díxose que era a custe cero, insultando a tódolos vigueses/as que a través do seu recibo da auga están a pagar eses ornamentos que a vostedes tanto lles gusta. Pero ademais o que a min me parece máis grave, a través dun contrato, dunha prórroga dun contrato de Aqualia que é un contrato e o di o informe de Asesoría Xurídica, nesa prórroga escura que fixeron vostedes de abastecemento e saneamento da auga, un obxecto de contrato moi claro e moi definido e di a Lei de contratos que cando se prorroga tense que manter o obxecto do contrato e non modificar ese contrato que é o que están vostedes a facer, dicían que era unha mellora, as melloras se presentan cando se licita a un concurso, cando xa é un adxudicatario a iso se lle chama outra cousa. Non só se contentan con facer unha ampliación e unha prórroga de contrato con cargo a cal están a meter agora todo o que se lles ocorre senón que ademais seguen sen facer o control que deberían facer, lémbrolle o informe do Interventor do ano 2010 en relación a esa prórroga que pedía que se fixera un control financeiro sobre o contrato de Aqualia, e o informe do propio técnico que di é procedente facer ese control financeiro porque ás concesionarias aínda que lles moleste hai que controlalas, señores do goberno municipal e como hai que controlalas hai que facer controles e o propio técnico dicía “agora non se pode facer pero recomendamos que se faga”, a pregunta é fíxose ese control financeiro

sobre esa prórroga de Aqualia? Onde está o informe? Espero que nolo expliquen. Ese Plan Verde que é o que inclúe? A que Xunta de Goberno Local foi? Que investimentos inclúen? Como están relacionados co obxecto do contrato? Eu lles recomendo que teñan moito coidado nas cousas que asinan coas adxudicatarias e con cargo a contratos determinados porque a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa e o Consello Consultivo e toda a normativa é moi clara en relación ao que se pode e non se pode facer, polo tanto eu espero que si que nos dean tódalas explicacións oportunas por primeira vez e fagamos uso dese Código de Bo Goberno.

SR. PÉREZ CORREA: Imos intentar recuperar algo de cordura nas intervencións e sobre o que se di ou sobre se pensan algúns nos seus cerebros que din os outros. Aquí hai unha cuestión que é fundamental para nós é que non entendemos que a función dunha concesionaria dun servizo concreto que require uns investimentos permanentes, que require unha revisión sistemática da rede que é unha concesionaria, alguén lle parece normal que nos vai pagar un ornamentos florais ou esa cousa tan curiosa que lle chaman os dinosetos.

Non entendemos cal é a función, non entendemos porque se supón que a ampliación de cinco anos da concesión era precisamente para un plan de investimentos que nos entendemos que o plan de investimentos terá que ver co subministro de rede, nin sequera coa colaboración público-privada na mellora da rede a través das humanizacións senón que o que terá que mellorar esta concesionaria, será a rede de subministro de auga, e do que ten que ver tamén coas augas residuais. Polo tanto, este Plan Verde a que responde, responde a unha especie de colaboración a cambio desa ampliación de 5 anos e a deixar durmir "sine die", acordos de Pleno que din que temos que ir avanzando no cambio de tarificación da auga e o saneamento en Vigo porque se ao final lle preguntáramos á cidadanía viguesa que prefire, que lle cobren 30 metros cúbicos de consumo aínda que nos os consuma ou que lle poñan oliveiras e dinosauros pola rúa, fagamos esa enquisa, o Regulamento do Pleno permíteo facer unha consulta, eu moitas veces escoito ao Alcalde arrogándose á representatividade colectiva e fagamos unha consulta da prioridade do investimento, non é unha risa porque o recibo da auga é unha parte substancial do recibo que moitas familias desta cidade non poden pagar

e supón unha parte importante de onde se van os ingresos das familias. Polo tanto, se a prioridade é cambiar a tarificación ou a prioridade é este tipo de actuacións, pedimos cando menos que se informe cales son e dentro dese Plan Verde o montante económico da porcentaxe que supón dos investimentos comprometidas pola concesionaria privada do servizo de auga e saneamento, polo tanto é unha cuestión absolutamente meridiana de que unha concesionaria fai as labores que teñen que ver coa súa concesión, sei que iso é bastante habitual neste Concello, que as concesionarias premien as campañas demagóxicas do Goberno Local. Sei que as concesionarias participan tamén en anuncios en prensa, sei que as concesionarias participan na propaganda case liveliana que se fai. Polo tanto, nós o que pedimos é unha cousa natural e esa comisión de investigación, imos apoiar esta moción porque en parte subscribe esa vontade que ten a Marea de Vigo de fiscalización do que se está a facer cos recursos económicos que se consignan aos servizos públicos externalizados e dende logo aquí a única información que temos os grupos da oposición é precisamente unha noticia en prensa, non hai ningún concurso público, non sabemos onde se licitou nin como se construíu ese Plan Verde e o que pedimos é simplemente facer honra a ese código que acabamos de aprobar.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O Partido Popular fala de escuridade, a única escuridade que hai en Galicia é do Partido Popular e da Xunta de Galicia, aquí en Vigo hai luz a esgalla, cando din que é a California Galega é por iso, porque hai moita luz, neste Concello hai moita máis luz. Escuro foi cando vostede asinou coa concesionaria privada o financiamento do novo hospital, cando vostede estaba na Xunta de Galicia e pasou un proxecto de 457,6 millóns a 1.566 millóns nunha tarde. Vostede Sra. Muñoz en maio de 2010, cando era Interventora xeral de Galicia emitiu un informe favorable para este cambio, iso si que é escuridade, pero disto vai haber moito que falar, e seguramente algunha sorpresa levaremos con este tema escuro. Agora voulle falar da luz e o taquigrafo, señores de Marea de Vigo, cando vostedes din que non teñen noticia do Plan Verde eu a verdade é que non teño ningún problema en facer de titor, que lle adique unhas cantas hora e empezar a ensinalle os documentos de luz e taquigrafo que temos neste Concello. Segundo vostedes non hai constancia oficial, teñen que ir primeiro á Xunta de Goberno do 4 do maio

do 2015, Xuntas de Goberno que todas están publicadas na páxina web do Concello, eu invítolles a que vaian e que imos vendo documento por documento como está todo perfectamente regulado, sen ningún problema é esa e a luz e o taquigrafo, levalo a Xunta de Goberno, cando o Alcalde de Vigo chegou a este Concello nos atopábamos cunha situación, que tiñamos un déficit de preto de 7 millóns de euros nun desvío de tarifa de Aqualia, nos atopábamos que o plan de investimentos estaba a cero euros, nos atopábamos con que tiñamos que pagar o IVE dunha depuradora que valía 45 millóns de euros, nos atopábamos que non tiñamos un só duro para cambiar unhas tubaxes que estaban completamente obsoletas, entón decidiuse facer unha prórroga de cinco anos, na que ían destinar 6.500.000 de euros a solucionar aquel desvío de tarifa, se ían solucionar 10.274.000 euros á compra de terreos para garantir o saneamento da depuradora e se ían garantir 20.000.000 de euros para facer a achega.

Neste documento, Xunta de Goberno publicada do 21 de novembro do 2011, dareille copias senón queren buscar, vostedes non traballen que xa traballamos nós, así tamén nos botan a nós, pois nese documento no punto cinco dise “sen prexuízo das obrigas asumidas pola entidade de Aqualia CC Vigo Ute na disposición terceira do presente acordo a entidade aportará a maiores unha achega dun convenio social, de 180.000 euros anuais, un control de volumes e decapitacións de vertidos, ampliación de abastecemento da zona de Cabral e Candeán, a reforma de pedestais de impulsión de bombeo de O Bao, a substitución das chemineas do grupo de emerxencia da Abarth de Monteros Ríos, a mellora de bombeo de abastecemento do depósito de San Paio, a reposición da rúa Canceleiro, o remate e substitución das redes de saneamento da rúa Areal, o desenvolvemento do Plan de eficiencia e control dos consumos municipais, o Plan Verde, o sistema de recloración da liña de Canido, a conexión da rede de saneamento na rúa López Mora, o saneamento de vivendas sociais na rúa Loureiro, todo isto que ven punto cinco, señores de Marea, cando vostedes me di canto vai destinado ao Plan Verde dos investimentos, dígolle que no punto cinco deste documento, acta que está publicada na páxina web, eu axúdoche sen ningún problema a mirala, di que non ten contía, que non vai repercutido ó Plan de investimentos, o Plan de Investimentos dos 20 millóns pois aí non está. Dígolle unha cousa, agora sábese onde está o investimento e voulle dar unha listaxe de números e números de obras

que se fixeron en Vigo, cando gobernaba o Partido Popular non se sabía nin onde estaban todas estas cousas que se fan a maiores, todas estas melloras nin as que non se facían a maiores, non se sabía nada, a día de hoxe si se sabe que se fai cos cartos públicos porque se ve, na acta da Xunta de Goberno do día 21 de novembro, podemos ver este documento pero na acta do 8 de marzo de 2013, como nós víamos que o procedemento que levaba o Partido Popular para facer estas obras non nos gustaba pois o 8 de marzo de 2013, quixemos facer un regulamento especial para este tipo de obras, porque como vostedes saben antes vostedes o único que facían era dicir que obras se facían e non se presentaba nin se daba conta na Xunta de Goberno Local, iso era o procedemento que tiñan vostedes. Nós no 8 de marzo de 2013, quixemos facer un regulamento que teño a acta aquí que podemos ver perfectamente, esixíndolle á concesionaria no apartado 3, no punto c “a entidade concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente aos contratos”, código do proxecto, nome, NIF, procedemento, porcentaxe, etc.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade, Sr. Regades que cando fallan aos argumentos acóndense a outras cousas que nada teñen que ver, e sorpréndeme moito que o Presidente e Alcalde de Vigo non lle diga a vostede que se ciña ao que se lle está a preguntar e que pode falar de calquera outra cousa.

Podemos falar de calquera outra cousa, presenten vostedes unha moción como só lles gusta falar da Xunta de Galicia, do Goberno de España pero nada do que pasa en Vigo, presenten unha moción específica e contareilles sobre o informe da Intervención Xeral ratificado pola Intervención Xeral da Administración do Estado. Vostede ten moi pouca vergoña, é que está vostede insultando a tódolos vigueses/as que están pagando os seus setos co recibo da auga, é unha vergoña utilizar un ben indispensable como é o auga para cobrar outras cousas a tódolos veciños/as que tanto lles custa chegar a fin de mes, é impresentable e a min non me ten que dar vostede leccións do que ler e deixar de ler, Sr. Font, estou a falar co Sr. Regades que é co que teño que falar, non me ten que dar vostede leccións das Xunta de Goberno porque iso que leu vostede, parece que se esquece, que está na prórroga, prórroga que teño aquí e na que aparece todo o que vostede acaba de ler, pero eu o que lle estou a preguntar é en que se investimentos concretos se

traduce o Plan Verde, porque no poden facer vostedes calquera cousa con cargo a un contrato de abastecemento e saneamento, que teñen que ver as oliveiras co abastecemento e saneamento de Vigo, que ten que ver os setos decorativos co abastecemento e saneamento de Vigo, non me responderá a min, responderá vostede nos tribunais probablemente porque este contrato é irregular e dará conta nos tribunais como xa está a facer doutras contratas porque vostedes non saben o que é a Lei de contratos.

Eu dígolle, onde están eses controis que pedía a Intervención e que están sen facer a día de hoxe? Enxéñenos os informes de control, aquí sabe quen gaña? Aquí gaña Aqualia, Aqualia flótase as mans cada vez que vostedes lle piden unha ampliación de contrato porque vai directamente a súa conta de resultados, a pena é que iso é a costa do peto de tódolos vigueses/as.

Eu dígolles, onde está o estudo da auga? Onde está ese famoso estudo da tarifa? Onde está ese informe da Universidade de Vigo que teñen vostedes escondido? Pero como lles vai interesar cambiar o recibo da auga se a través do recibo da auga están vostedes metendo o que non corresponde e están vostedes facéndonos pagar a tódolos vigueses o que non corresponde.

En aplicación do Código do Bo Goberno, esta moción teñen que votala vostedes a favor porque só fala de dar información de contratos e de auditar, que é exactamente o que di nese Código de Bo Goberno, e se votan en contra colleremos esa acta desta moción e comunicámoslles á FEMP para que o saiban todos que vostedes incumpren o Código dende o minuto un.

PRESIDENCIA: O que eu me pregunto Sra. Muñoz é por que cando gobernaron vostedes esta cidade non cambiaron as tarifas da auga, porque vostedes gobernaron esta cidade Sra. Muñoz, e algún dos seus voceiros na mais entrar no goberno dixo, imos cambiar as tarifas da auga, pasaron os anos de goberno e non cambiaron nada, marcharon e nunca máis se soubo de vostedes, por iso lle digo poderían telas cambiado vostedes, Sra. Muñoz, porque vostedes gobernaron e gobernaron bastante tempo cunha maioría absoluta e con estas tarifas implementadas e tiña maioría absoluta e non cambiaron as tarifas de auga. Logo está vostede, cando fai esta intervención, censurando o seu Alcalde, o Sr. Manuel Pérez, e a súa Alcaldesa a Sra. Porro, porque os dous xuntos gobernaron case que



oito anos, e un deles con maioría absoluta. Cando se trata de Partido Popular hai desculpa, os mesmos que gobernaron vostedes Sra. Muñoz, vostedes gobernaron esta cidade oito anos, catro con maioría absoluta. Sra. Muñoz, estou no uso da palabra, o Regulamento e o Código Ético e o de Bo Goberno di que se sexa respectuoso nos Plenos, eu teño dereito a facer esta intervención porque o contempla o Regulamento e estou lembrando que vostedes gobernaron con esta tarifa de Aqualia tanto tempo como eu, e non o cambiaron, non cambiaron a tarifa de Aqualia, permanecía e o Sr. Pérez tiña maioría absoluta e o puido cambiar, non, non a cambiaron. Pero a Sra. Porro estaba avalada por maioría entre ela e o BNG que eran aliados de Goberno, e non a cambiaron, e agora veñen con estas intervencións que resulta que está vostede mocionando aos alcaldes e alcaldesas do Partido Popular anteriores nesta cidade, vostedes saberán que problemas terán no seu partido, nós ningún.

*(No momento da votación atópase ausente o Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN E ACORDO: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 18.11.2015 (Rex. Nº 1269/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.2(243).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A AXILIZACIÓN DO PRAZO DE PAGAMENTO ÁS FAMILIAS SOLICITANTES DO CHEQUE SOCIAL, A SOLUCIÓN DA FALTA DE PERSOAL NO DEPARTAMENTOS DE SERVIZOS SOCIAIS E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1270/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 18 de novembro de 2015, número 1270/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

Ao longo do presente ano, ata 2.800 persoas achegáronse a este Concello para solicitar as axudas de emerxencia incluídas no presuposto municipal e destinadas ás familias con maiores problemas económicos. Os prazos da convocatoria explicitaban que ao longo do pasado mes de setembro debían estar tramitadas e listas para o seu abono. Lembramos que en plena campaña das pasadas eleccións municipais estas persoas foron tristemente utilizadas ao seren fotografiadas nas denominadas 'colas da vergoña' con fins fundamentalmente publicitarios.

Este grupo municipal lamenta que este tipo de programas de emerxencia social semellen estar sendo manexados en función de intereses políticos concretos, coma pode ser unha campaña electoral ou mesmo unha campaña navideña, e non en función das necesidades reais da xente demandante dos mesmos.

Por parte desta concelleira se teñen solicitado en reiteradas ocasións explicacións sobre esta tardanza. Ata o de agora, as únicas razóns aducidas por membros deste goberno, sempre a través dos medios de comunicación, teñen que ver cunha falla de persoal no departamento de servizos sociais, que a día de hoxe da a impresión de non ter sido arranxada.

Estes días, o alcalde fixo un novo anuncio sobre a tramitación do cheque social, pero a realidade é que segue sen aclarar cando se farán efectivos os pagos polos que agardan moitas familias que se atopan en situación límite.

Por outra banda, é coñecida tamén a tardanza do Concello de Vigo en validar e tramitar as peticións da renta de integración social da Xunta (Risga), con retrasos de ata seis meses, situados en calquera caso moi por riba da dilación media dos concellos galegos e que ocasionan problemas evidentes para as familias que agardan a percepción destas axudas.

Temos que lamentar igualmente que este goberno recoñeza que solo se atenderán 1.800 das preto de 3.000 solicitudes de cheque social. E que habendo 3.000 solicitudes de emerxencia na cidade, a súa resposta teña sido reducir nos presupostos do 2016 a partida destinada a estas axudas, nunha decisión que semella cando menos imprudente.

Segundo os datos oficiais do Goberno central, os concellos galegos adicaron de media 102,5 euros por habitante a gastos sociais no último exercicio pechado. O dato de Vigo son 66,7 euros por habitante, o peor das grandes cidades galegas xunto con Pontevedra e Santiago. Lugo ten un gasto medio de 157 euros por habitante, Ferrol 109 e A Coruña 95.

Semella cando menos vergoñento que, con estes datos oficiais, o goberno municipal vigués siga a presumir de que Vigo sexa “o Concello máis social de España” mentres recorta o seu esforzo orzamentario adicado aos casos de maior emerxencia familiar, persoal e social.

Á vista do acontecido, esta concelleira pide o respaldo desta corporación para adoptar o seguinte:

#### ACORDO:

Instar ao goberno municipal a que axilice ao máximo o prazo de pagamento as familias solicitantes do denominado cheque social para que se podan facer efectivas estes días.

Instar ao goberno a que solvente de xeito inmediato a falla de persoal no departamento de Servicios Sociais, ou ben cun trasvase interno de recursos humanos, ou ben habilitando dunha vez a oferta de emprego público que ten conxelada dende hai anos.

Correxir os orzamentos municipais no trámite de alegacións, e antes da súa aprobación definitiva, para non mermar, senón pola contra incrementar, as partidas adicadas ás axudas para familias máis desfavorecidas

Con data 19 de outubro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación quedou enterada de dita proposta.

#### DEBATE:

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Ao longo do presente ano, 2.800 persoas achegáronse a este Concello para solicitar as axudas de emerxencia, incluídas no Orzamento Municipal e destinadas ás familias con maiores problemas económicos. Lémbra mos que en plena campaña das pasadas eleccións municipais estas persoas foron tristemente utilizadas ao seren fotografadas nas denominadas colas da vergoña do

Concello de Vigo.

Temos que lamentar igualmente que este goberno recoñeza que só se atenderán 1.800 das preto de 3.000 solicitudes de cheque social e que habendo 3.000 solicitudes de emerxencia na cidade a súa resposta fose reducir os Orzamentos do 2016, a partida destinada a estas axudas nunha decisión que semella cando menos imprudente. Semella cando menos vergoñento que nestes anos oficiais o goberno municipal vigués sega a presumir de que Vigo sexa o Concello máis social de España, mentres recorta no seu reforzo orzamentario adicado aos casos de maior emerxencia familiar, persoal e social.

Un concello solidario non ofrece un cheque ao ano, senón que está aberto ás axudas puntuais ao longo do ano, é necesario evitar os gastos superfluos como por exemplo, este famoso ovo que aínda non sabemos os cidadáns o que nos queren dicir con el porque eu atópolle moitos significados e priorizar ás persoas, persoas que non poden pagar a luz, o gas, a auga, persoas que necesitan un cheque social cada catro meses, dende o noso grupo solicitamos detalladamente, xa dúas veces, as súas dietas dende xaneiro e non son vostedes capaces de dicirlo, cando digo as súas dietas son as dietas do Sr. Alcalde, por iso me gustaría que me dixera en que páxina podo velas, dende xaneiro ata agora, pedímolas o 10 de setembro e volvémolas a pedir o 6 de novembro e ninguén nos contestou.

Non sabemos xa como facer para que vostedes se dean conta das necesidades desta cidade e actúen en consecuencia, as mesmas entidades pensan que nunca funcionaron tan mal, Benestar Social, o paro xuvenil é insufrible, 2.000 persoas se quedaron sen un miserable cheque social, os sen teito seguen sen unha miserable tarxeta de Vitrasa para moverse nestas xélidas noites e días, dende os Misioneiros de Teis ao centro de Vigo. É vergoñento que para atender a 148 mulleres maltratadas que ten a Policía Local, teñamos por desgracia e non moi ben preparados catro Policías Locais nada máis, iso é política social, non é falso, eses son datos oficiais.

Temos un atraso ata de seis meses da tramitación do RISGA, o Albergue segue a ser un gran problema social que vostedes non fan nada por arranxar, fíxense voulles dar uns datos que son oficiais, os concellos galegos adicaron unha media de 102 euros por persoa, por habitante, o dato de Vigo é de 66 euros por habitante, o peor das grandes cidades galegas xunto con Pontevedra e Santiago de Compostela,

Lugo ten 157 euros por habitante, Ferrol 109 e A Coruña 95 euros, e como me queda un pouco quérolle dicir ao Sr. Rodríguez Escudero que o elitismo e a prepotencia que usou é un exemplo claro de como traballa o grupo no que vostede está. Estráñame moito que unha persoa que defende tanto a seguridade pública estea a facer o imposible por irse para a privada, explíquenolo por favor.

O que queiras da cooperativa Sr. Rodríguez Díaz, xa sabemos como traballas.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: A verdade é que me sorprende tanto unha actuación deste tipo por parte dunha compañeira de Corporación, neste caso que milite no Grupo Popular, que realmente non teño palabras, pero si que lle podo dicir que o desminto totalmente, porque podo facer coa miña vida privada o que queira, pero resulta que non é o caso, eu son realmente responsable e formo parte orgulloso deste Grupo Socialista. Dende logo non hai ese proxecto que vostede di.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Queda en acta, xa falaremos dentro de pouco tempo. Fágome responsable do que dixen.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Parécennos razoables os acordos contidos nesta moción, periodicamente anuncios do Goberno Municipal dan lugar a pensar que hai moito movemento neste campo, máis despois atopámonos cunha realidade teimuda, nesta moción votamos tal vez en falla o caso do programa Sereos que vería sendo bastante ilustrativo. Como sabemos todas o seu local foi pechado no 2013, naquel momento o goberno municipal declaraba “a intención do Concello non era trasladar tódolos servizos de Sereos ao Albergue e iso cambiaría algúns como o da alimentación, polo contrario mantería o orixinal de redución de danos a persoas con patoloxías adictivas así como os de información e asesoramento” 11 de setembro de 2012, a día de hoxe nese local atopamos unha xoiería, non sei se lle resulta coñecido o término xentrificación, pero debería porque están apostando bastante forte por este proceso.

O 6 de novembro de 2014, substituíase a furgoneta por un autobús, o 22 de xullo do 2015 retirábase ao autobús e as usuarias outra vez recibían atención no furgoneta. O 23 de setembro deste ano o Concello anunciaba a reposición inmediata do autobús que a día de hoxe, dous meses despois, aínda non está en

servizo, é un exemplo das mil voltas que se dan cun tema no que hai que ser rigoroso e non crear falsas expectativas debería ser imprescindible. Entendemos perfectamente que non é un tema sinxelo máis como non é sinxelo o goberno ten a obriga de consensuar as súas actuacións cos diversos colectivos que están a traballar a pe de rúa en contacto directo coas usuarias e cos usuarios e que coñecen mellor que ninguén as necesidades e carencias das persoas que sofren as agresións dun sistema que pon a economía por diante das persoas, non se pode usar a miseria para xerar titulares que despois acaban só en iso, nun titular nun xornal de queda. Sexan rigorosos e ábranse ao diálogo e non lles pedimos que falen que nos, que xa sabemos que dialogar coa oposición resúltalles complicado, falen cos que visitan a diario ás persoas que dormen en caixeiros, falen cos que asesoren día a día ás persoas que viven atrapadas no labirinto burocrático das axudas sociais, deixen de facer políticas sociais nos medios e empecen a facer xustiza social na cidade.

Imos a votar a favor dos acordos contidos nesta moción máis agora ben, a situación na Xunta de Galicia tampouco é para felicitarse, nin en prazos, nin en cantidades, nin en formas. O Goberno da Xunta de Galicia aprobou unha partida orzamentaria para a contratación de persoas que cobraban a RISGA, un contrato de sete a nove meses, inferior á xornada completa, é dicir, condicións precarias que implicaban a extinción da prestación por ter un contrato superior ao permitido pola lexislación vixente, é dicir, seis meses que tamén e casualidade, ao finalizar este contrato a saída económica destas persoas pasaba por volver a solicitar a RISGA, no mellor dos casos con oitos meses de demora.

Estes contratos son un exemplo do perverso labirinto de empobrecemento e da exclusión social, no que se pasa de cobrar unha prestación de esmola a cumprir cun contrato temporal con condicións moi precarias, utilízase o emprego como mecanismo de control do sistema capitalista no que estamos a vivir. O obxectivo está claro, reducir o número de persoas que cobran a RISGA no noso país e ocultar unha realidade de desigualdade e necesidade extrema, onde moitas familias non poden pagar alugueiros, alimentos, facturas ou medicamentos.

Os atrasos que tamén acumula a Xunta de Galicia poderíamos engadir circunstancias como enviar aos domicilios das receptoras da RISGA a inspectoras co fin de contrastar os datos recollidos nos seus expedientes, a Xunta de Galicia

obrigaba neste caso a pasar a moitas persoas por unha nova rolda de recoñecemento, volvendo preguntar por datos e a pedir explicacións sobre feitos que xa tiñan coñecemento de abondo. Lonxe de mellorar a RISGA preocúpase por controlar o fraude dentro do colectivo de preceptores, é está moi ben que a Xunta se preocupe de como se empregan os cartos de todas, pero en vez sinalar ás persoas máis vulnerables economicamente, aconsellamos que comece mellor por controlar as grandes de fortunas empresas e o seu abano de medios para evadir impostos.

Calquera forza política, cun mínimo de sensibilidade para as persoas menos desfavorecidas polo perverso sistema no que vivimos, votaría a favor dos acordos desta moción, pero queremos deixar constancia de que as concelleiras/os do Partido Popular que demostran ter sensibilidade social neste Concello, tal vez deberían presionar un chisco máis ao goberno que conforma o seu partido que despois de todo o Parlamento tampouco está tan lonxe, está aí a unha hora escasa, é un eufemismo.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Que pouca vergoña teñen, e o pode tomar como un insulto que me da exactamente igual.

Primeiro gustaríame dicirlle unha cousa Sr. Jácome, como que non se consensua? Vaia ao Consello Municipal de Servizos Sociais e verá como se consensua absolutamente todo.

Sra. González, sabe vostede o que é un albergue? Non ten nin idea, non é unha residencia de anciáns é un albergue, léase a lei, aclarado iso.

Sr. Jácome, o Programa Sereos non existe dende hai catro anos e agora imos a entrar a falar de política de verdade, como se atreve? Révisenlle os escritos que presentan porque imos a falar das políticas de vostedes que fan que cheguen a esta situación as persoas, por que se cre que está a xente na rúa? A xente que ten emprego que ten un emprego decente e gaña un salario non está na rúa, e din que dorme na rúa? Quen dorme na rúa en Vigo? Quen quere, porque hai persoas que si queren, teñen problemas, sabe por que teñen problemas? Por que o sistema sanitario os vota do sistema, teñen algún problema e o sistema sanitario non os atende, dálles a alta para a rúa, e onde van? Como os convencemos, como os levamos para dentro? Por que non atenden ás persoas que teñen algún tipo de

problema e non quero nomear o problema que teñen pero sábeno vostedes perfectamente, por que os votan? Intérnennos, lévaos á policía, necesitan atención médica e non, van á rúa, quen os atende na rúa? Médicos do Mundo e o Grupo Cinco cos que nos temos convenios, o Concello de Vigo. Pero como din que dormen na rúa, que fan en Santiago de Compostela e en A Coruña? Onde están atendidas as mulleres, as de Galicia? No Centro de Emerxencia de Vigo.

Como se atreve a dicir semellante cousa cando teñen sen resolver na Xunta de Galicia, as axudas de aluguer que saíron xa no mes de febreiro, que nós intentamos modificar as nosas bases para que foran compatibles coas nosas, téñenas aínda sen resolver dende o mes de febreiro, e falan vostedes de prazos, da cola da vergoña, pero vostede que pensa que estamos na Guerra Civil? A cola da vergoña é a cola da dignidade, as persoas que veñen a recoller, as que son atendidas, por certo mil e non sei cantos de aluguer que xa saíron o venres, pagados directamente nas súas contas correntes ou nas contas correntes dos caseiros directamente, regulado todo coa Policía Local, o que ven aquí e quere estar aquí non llo prohiben, porque nós non somos como vostedes, dánse números e vanse atendendo de 50 en 50, e que de verdade escoitando o que din vostedes dan gañar de chorar. Todo isto ademais tendo en conta que vostedes coa Lei de estabilidade de orzamentaria non nos deixa contratar persoal, pois a pesares diso traballen un pouco como dicía a miña compañeira anteriormente e vaianse ver as Xuntas de Goberno e no mes de agosto se contrataron catro auxiliares administrativas, no mes de novembro outras catro, que teñen contrato ata febreiro e maio de 2016, no mes de outubro contratáronse seis traballadores sociais con contrato ata abril do 2016, no mes de novembro catro máis ata maio de 2016 e ademais diso foron contratadas oito auxiliares administrativas para resolver ese programa especial de axudas, este programa especial do que vostede fala, que ten tan preocupada pero que gracias a iso hai 1.828 familias ademais de tódalas familias que cada semana, Sra. González aténdame, cada semana, estase axudando ás persoas a pagar o aluguer, os medicamentos co sistema sanitario que vostedes a través do copago teñen que pagar, que unha persoa que ten unha enfermidade crónica ven aquí, os alimentos para os rapaces/as que teñen intolerancias alimentarias e que aos seis meses o sistema sanitario non lles da máis e nós estámolo a pagar, estamos pagando os cueiros para as persoas maiores, pero de que me están a falar



vostedes se están votando á indixencia a tódolos cidadáns? Como se atreven vir a dicirnos isto? Cada semana. Cando collín a concellería había 3.000 euros, estamos en 10.000, 12.000 euros, semanas con 21.000 euros, ademais deste programa especial de emerxencia, ademais diso están vostedes arruinando a este país, están vostedes votando á miseria a este país.

PRESIDENCIA: Sra. González pídlle que sexa respectuosa cos compañeiros da Corporación e que se centre no tema de debate da moción.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Eu non me retracto absolutamente de nada do que dixen porque este señor rebaixase a falar comigo, o dixo claramente e está gravado, e en segundo lugar o único que fixen foi público algo que leva moi persoal e escondido.

Sra. Abelairas, alégrome moito de que empezaran a pagar, pero é que é verdade que vostedes dan 1.800 cheques pero é que pediron 3.000, explíquenos aquí porque rebaixaron por favor o Orzamento cando realmente nesta cidade está declarado que hai 38.000 familias que necesitan axuda, eu explícolle porque a Xunta de Galicia no contesta, quere que lle diga por que, porque vostedes tardan máis de seis meses en tramitar os papeis, nin máis nin menos, porque non teñen xente, non cumpren co seu compromiso de abrir a oferta de emprego, polo tanto instámolos a que segan pagando, senón que os instamos a que poñan en marcha o programa de poder contratar á xente, de aumentar a xente de Benestar Social, como sexa, contraten, movan funcionarios, como sexa pero fágano, e antes de aprobar os orzamentos por favor, o que teñen que facer vostedes entendo eu, é corrixir esa norma que lle quitaron aos orzamentos de Benestar Social porque nesta cidade segue habendo 38.000 familias que pasan fame, e nada máis, o da Xunta de Galicia e o da RISGA é culpa de vostedes porque non o tramitan, se xa o sabemos. Os cidadáns teñen que saber que vostedes non tramitan a RISGA, que tardan sete meses en mandalas á Xunta de Galicia, por favor deixen de mentirnos, iso é unha realidade, que se cre vostede que non nos preocupamos nós de que realmente a Xunta de de Galicia actúe nisto? Claro que si, pero non chegan Sra. Abelairas, e felicidades por empezar a pagar o cheque social, de verdade que si porque a xente necesita non só para comer senón para a luz e para a auga e a nosa proposta é que

dean tres cheques sociais ao ano, aumente o orzamento.

Eu non estou de broma nunca cando falo das necesidades da xente, nunca, e o que dixo o señor da Marea de Vigo é verdade, se cadra hai algúns vídeos nesta cidade que vostedes teñen que ver como vive a xente sen teito e que dende logo non os coñecen, eu encargueime de facerllos chegar Sra. Abelairas, como teñen que cravar as xeringas nos árbores porque non hai quen llas cambie dende que vostede quitaron a Sereos, como teñen as xeringas cravadas nas árbores e se turnan entre eles, usando a mesma xeringa, xa lle farei chega o vídeo que o teño, non se equivoque, Sereos facía falla, foi unha soberbia.

*(No momento da votación atópase ausente o Sr. Alcalde (Presidindo o Sr. Regades Fernández) e a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN E ACORDO: Con nove votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 18.11.2015 (Rex. Nº 1270/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.3(244).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO AO**

**PLENO DA CORPORACIÓN UNHA TRIBUTACIÓN APROPIADA DA RENDA DOS EMIGRANTES RETORNADOS ATENDENDO Á ORIXE DAS MESMAS E A SÚA CONNOTACIÓN HISTÓRICA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 1277/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de novembro de 2015, número 1277/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

Unha vez finalizado o proceso recollido na Disposición Adicional Única sobre a regularización de débedas tributarias correspondentes a pensións procedentes do estranxeiro e condonación das sancións, recargos e intereses liquidados por este concepto, detectamos numerosos erros que advertíramos desde un principio e que desgraciadamente nunca se subsanaron. A FEAER non pide ningún trato de favor ou privilexio, simplemente solicita que se teña en conta a singularidade deste colectivo, os beneficios que a emigración reporta ao noso país e que se repare no posible o dano afixido ao retorno.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

**ACORDOS**

- Unha tributación apropiada da renda dos emigrantes retornados atendendo a orixe das mesmas e a súa connotación histórica, tendo en conta que son pensións estranxeiras que se xeran no exterior e revirten na economía nacional.
- AEAT debe asumir con carácter xeral as sentenzas dos Tribunais Superiores de Xustiza que dan como exentas as rendas procedentes dos organismos de pensións alemás, respectando os convenios bilaterais e procedendo a devolución de oficio das cantidades recadadas por este concepto.
- Establecer os medios necesarios para que, como calquera contribuínte, ou pensionista emigrante retornado reciba o seu borrador da declaración de Facenda con todos os ingresos a declarar.
- Que se establezan os mecanismos necesarios para a homologación ou convalidación das pensións de invalidez provintes de países estranxeiros e o recoñecemento automático das mesmas por parte da administración española.
- Conceder unhas medidas de aprazamento extraordinario acorde ao proceso de regularización que se levou a cabo, anulando os intereses xerados por

eses fraccionamentos. Na maioría dos casos a AEAT non respectou un mínimo vital de supervivencia.

- A devolución de oficio das sancións e recargos aplicados inxustamente que non foron reclamadas polos retornados, cantidade que según a AEAT elévase a sete millóns de euros.
- A devolución de oficio das cantidades derivadas do período de regularización ata o ano 2012 incluído. Entendemos que o Goberno asumiu un erro ao establecer este período voluntario e por tal motivo tería que anular o efecto retroactivo que contempla a Lei Fiscal.
- Dar traslado dos presentes acordos debatidos nesta Moción ao Goberno de España, ao Consello de Ministros e á Asociación Provincial de Emigrantes Retornados.

Con data 23 de novembro de 2015, a Comisión Informativa de Política Social, Igualdade e Xuventude quedou enterada de dita moción.

#### DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: A verdade que á diferencia doutros partido políticos na oposición, o Partido Socialista é un partido que presta atención ás persoas, un dos colectivos ó que prestamos atención e apoiamos é a dos emigrantes retornados, aquelas persoas que van máis alá da Guerra Civil tiveron que emigrar a outros países de Europa, a Francia, Bélxica, Holanda, a Alemaña para atopar o seu posto de traballo e obter recursos cos que algún día volver á súa terra, neste caso a Vigo, e volver a Galicia.

E foi un goberno, o goberno do Partido Popular o que de xeito inxusto mestres lles poñía alfombra vermella, fonte de prata aos grandes evasores fiscais permitindo unha regularización chamada así polo ministro, unha verdadeira amnistía fiscal enviándolle simplemente cartas recordatorias as súas casas, a estes traballadores retornados do estranxeiro, lles enviaba requirimentos con apercibimento de sancións, requirimentos de pagos de pequenas cantidades debidas á Facenda Pública, polo tanto unha diferenza de trato inxustificable dende todo punto de vista e rompendo toda equidade fiscal.

Afortunadamente polo apoio que o Partido Socialista prestou a estes emigrantes

retornados incluíuse unha disposición na Lei de orzamentos xerais do Estado que permitía a regularización destas pensións, pero non se corrixiu de todo esa situación inxusta xerada pola actuación inxusta, insisto, da Administración Tributaria do Estado, presidida e dirixida co beneplácito do Sr. Montoro.

Polo tanto, o que instamos é que o goberno de España corrixa esa situación de desigualdade xerada respecto das rendas feitas, tributar antes do 2012 e que devolva de oficio esas cantidades esixibles no seu momento aos emigrantes retornados e que despois recoñeceu que podían regularizar sen intereses, sen sancións. Polo tanto, tamén procede que se devolva de oficio por parte de Administración Tributaria do Estado as sancións impostas inxustamente a estes emigrantes que retornaron e que por descoñecemento e polo funcionamento que tiña do sistema, confiando no seu borrador de retencións, de declaración, non presentaron a súa declaración e polo tanto que se devolvan as contías impostas como sancións e que se articule igualmente medidas para favorecer a tributación destas rendas internacionais, destas pequenas pensións que perciben os emigrantes retornados, de xeito que o borrador da declaración recolla tamén a tributación exacta e precisa de todas estas rendas. Non se precisa máis que unha mera reforma do Regulamento do imposto sobre as rendas das persoas físicas que o goberno do Estado, do Sr. Rajoy, e o Ministro o Sr. Montoro segue sen facer, cando simplemente a reforma do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, e que se recoñece igualmente as sentencias dos tribunais que veñen recoñecendo igualmente a exención desas pensións traballadas ou percibidas por rendas no estranxeiro é o caso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que sistematicamente ven recoñecendo esa exención para os traballadores que traballaron en Alemaña e que perciben as pensións froito do seu traballo nese país durante tantos e tantos anos e que agora volven a Galicia, a Vigo e ven sancionada o seu retorno á nosa comunidade autónoma.

Polo tanto, ínstate ao Goberno do Estado a que corrixa esta deficiente regulación, a que modifica o Regulamento do imposto sobre as rendas das persoas físicas, a que o borrador da declaración da renda recolla efectivamente esas rendas percibidas do estranxeiro e que facilite, simplifique a tributación destas persoas e que devolvan de oficio as sancións que tan inxustamente se puxeron nese ano 2012 por parte da administración que dirixe o Sr. Montoro.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: A Marea de Vigo vai votar a favor desta moción do Partido Socialista porque entendemos que a Asociación FEAER está en todo o seu dereito de reclamar para as persoas emigrantes retornadas algo que non debería ser posto en cuestión se neste país se cumpriran algúns artigos da Constitución como o que di “que o estado velará especialmente por salvagardar dos dereitos económicos e sociais das/os traballadores españois no estranxeiro e orientará a súa política cara o seu retorno”. Isto non o fan, ven se ve, os poderes públicos deste país nin do estado, pero aínda que existen colectivos como FEAER, que se preocupan e loitan para que estas persoas atopen canles que lles faciliten interpoñer as súas reclamacións para poder levalas a onde atopen resposta.

O que fixo a Axencia Tributaria cos emigrantes retornados excede toda falla de sensibilidade e todo o desprezo que se poida ter por este colectivo, facéndolle sentir medo e incerteza polo futuro das súas pensións, ocasionándolle un sufrimento innecesario que se podería evitar como case sempre se a Axencia Tributaria tivese un cadro de persoal máis amplo e máis eficiente de empregados/as, e facendo que estas persoas tiveran que acudir a axencias privadas para que lles resolvan os problemas que a administración tería que resolver. Está claro que o goberno non rectificou dunha forma xusta e isto dio o FEAER ou tamén o podería dicir calquera afectado por un caso deste tipo, e á vista está cando aínda hai só tres días se manifestaban preto de 1.000 persoas emigrantes retornadas para reclamar unha cantidade que segundo a propia Axencia Tributaria elévase a sete millóns de euros. Está claro que a Marea de Vigo sendo consciente do sufrimento inxusto de todas estas persoas vai votar a favor desta moción.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que é moi curioso escoitalo Sr. Aneiros, dicir como gracias ao apoio do Partido Socialista se modificou unha lei. A realidade é que o Partido Socialista non fixo nada de nada polos emigrantes retornados, pero absolutamente nada, ata o punto de que nin sequera aplicou unha lei que eles mesmos fixeron, fan a lei, a incumpren e tiven que escoitar nun debate tamén sobre os emigrantes retornados no Pleno da Deputación, como a Presidenta da Deputación e Primeira Tenente de Alcalde desta cidade, dicía que non se aplicou

porque era unha lei inxusta, resulta que agora o Partido Socialista no aplica as leis cando son ou a eles lles parecen inxustas, estamos nun estado de dereito e cando as leis non se está de acordo con elas, primeiro non se aproban e despois se derrogan, que é exactamente o que tiñan que ter feito cando estiveron oito anos gobernando, non nos veñan a nós agora a dar leccións de esa lei e do que esa lei dicía, aquí o único que traballou para facilitarlles a situación aos emigrantes retornados foi o Partido Popular, e non é que o diga esta voceira, dixérono os propios representantes dos emigrantes retornados que nese último Pleno co que estiven moitas veces reunida cando era conselleira de Facenda, traballando conxuntamente con eles para conseguir esa modificación legal, eles mesmos recoñecían que ogallá noutras partes de España se traballara por eles como se traballou dende o Partido Popular en Galicia, porque si, gracias ao traballo do Partido Popular conseguíuse algo inédito que é introducir nunha lei, porque sabe vostede que unha lei se pode modificar con outra, non se inaplica, introduciuse na lei, Sr. Presidente se o Sr. Font me segue interrompendo incumprindo o Código de Bo Goberno, pídolle por favor que me interrompa o tempo porque así non se pode falar.

PRESIDENCIA: Está no uso da palabra, siga.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sr. Aneiros o que hai que facer é modificar e o que se fixo foi modificar a Lei quitándolles os recargos, os intereses de demora e as sancións, porque o primeiro que pedían era un trato xusto, era que se lles tratara igual e que non se lles consideraba defraudadores porque son persoas que pasaron toda a súa vida fora de Galicia e que agora volven ao noso país e hai que tratalas con respecto e por iso apoiamos esas demandas e conseguíuse modificar a lei como se modificou e xa neste momento practicamente estase a devolver a todo o mundo esas sancións, eses intereses de demora e eses recargos, esa é a realidade e a realidade é que tamén traballamos para que se axilicen a equiparación das invalideces porque cremos que é outra das asignaturas pendentes sobre as que aínda hai que traballar e tamén seguimos esixindo e pedíndolle ao Goberno de España porque a nós non nos importa que sexa do mesmo cor político, non nos poñemos dignos só cando gobernan outros, tamén cando gobernan os nosos, que

ese convenio de Alemaña, que se respecte as decisións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e que deixen de aplicar sancións ao Goberno de Alemaña e están rexistradas as actas do Parlamento de Galicia onde dende o propio Partido Popular, nese momento e dende o Goberno de Galicia pediuse á Axencia Estatal de Administración Tributaria que aplicaran esas sentencias e que xa non liquidaran máis por elas a tódolos emigrantes.

Por tanto, no apoio aos emigrantes retornados, leccións non nos poden dar porque vostedes fixeron a lei, vostede incumpriron a súa propia lei e agora queren facernos aos demais responsables do que vostedes fixeron.

Nós seguiremos traballando por eles porque nos preocupan as persoas, porque non imos a utilizalas de forma demagóxica agora que veñen as eleccións xerais e nos interesa moito apoialos e por iso imos votar a favor desta moción, porque estamos a favor dun tratamento igualitario para tódolos pensionistas, xa sexan emigrantes retornados ou non porque estamos a favor de concederlles máis aprazamentos e fraccionamentos porque estamos a favor de que non se fagan máis liquidacións polo Convenio de Alemaña, en definitiva porque realmente e co traballo, non con declaracións, co traballo a diario estamos a favor dos emigrantes retornados.

SR. ANEIROS PEREIRA: Curioso que agora se presuma de todo aquilo queu no seu momento non se fixo, porque se algunha administración pechou as súas portas foi a administración autonómica, é certo que despois abriu pero tardou e tardou porque foi o apoio do Partido Socialista aos emigrantes retornados o que motivou que o Partido Popular empezase a abrir un pouco a porta, Sra. Muñoz, polo tanto non trabuquemos os termos do debate, a historia e apoiemos aos emigrantes retornados.

Por certo, se tanto queren apoiar aos emigrantes retornados, porque non instaron ao Goberno de España que modificase, xa que vostede fala de modificar as leis, o regulamento, porque non insta ao Goberno de España no Orzamento Xeral do Estado a que modifique o Imposto sobre a renda das persoas físicas para os emigrantes retornados, por que no o fixeron? Fala vostede de derogar leis, insten que o Goberno de España derogue as leis e non apliquen unha falsa política de que cando están na Xunta de Galicia denegan aprazamentos e agora din que apoian aos emigrantes retornados. Se un partido político apoiou aos emigrantes



retornados foi o Partido Socialista, son traballadores que no seu momento tiveron que emigrar de España e que recibiron un tratamento inxusto a súa volta.

Insisto, mentres o Goberno do Sr. Montoro lle poñía unha alfombra vermella aos defraudadores fiscais para que ingresasen os millóns que tiñan no estranxeiro ós pensionistas retornados lles enviaba requirimentos ao seu domicilio impoñéndolle sancións directamente, mestras os evasores fiscais recibían unha carta sen valor xurídico para que puidesen regularizar simplemente pagando un recargo, aos pensionistas lles enviaba un requirimento formal co apercibimento e coa imposición de sancións, así que moral ningunha, Sra. Muñoz.

Polo tanto, o que solicita este grupo do Partido Socialista no Concello de Vigo é que o Goberno do Estado estableza unha tributación xusta para o colectivo de emigrantes retornados, que se recoñeza automaticamente as pensións de invalidez recoñecidas no estranxeiro, que o borrador de declaración recolla e simplifique as obrigas tributarias para estes emigrantes retornados, e por último que se devolvan as sancións impostas inxustamente aos emigrantes retornados.

*(No momento da votación atópase ausente a Sra. Silva Rego)*

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 19.11.2015 (Rex. Nº 1277/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

Non houbo.

## **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

Non se formulan.

## **6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

### **6.1(245).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO AO RISCO QUE SUPÓN PARA O AMBIENTE A AMPLIACIÓN DA ACTIVIDADE DA EMPRESA ASTINOR.**

SR. PÉREZ CORREA: Pensa este Concello informar negativamente sobre a solicitude de ampliación de actividade que pretende a empresa EMBARCACIONES ASTINOR S.L. na Riouxá-Teis, que volta a poñer en risco un litoral xa en grave situación de ameaza ambiental pola actividade industrial descontrolada?

SR. LÓPEZ FONT: Contestarase por escrito.

### **6.2(246).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO Á SITUACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO APARCADOIRO DA PARTO DO SOL.**

SR. PÉREZ CORREA: Ten pensado este goberno municipal e a concelleira responsable da área en concreto, á marxe do que aconteza nos xulgados onde está interposta unha demanda contra este Concello, poñer solución á situación na que se atopa o cadro de persoal do aparcadoiro da Porta do So?

SRA. MARRA RODRÍGUEZ: A miña resposta é si.

**6.3(247).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO Á CREACIÓN DE EMPREGO NA PLANTA DE PSA DE VIGO.**

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: De que forma ten pensado este goberno municipal garantir a creación de emprego na planta de PSA Vigo, tal e como xustifica o feito de asinar un convenio por 300.000 euros para tal fin cando a realidade que está a acontecer en toda a industria da automoción da cidade estase traducindo en despedimentos e sinaturas de convenios onde non se garante o emprego nin a ampliación do mesmo?

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: De igual forma que ven este Alcalde e este Goberno promocionando a economía e o emprego na cidade e vostedes como sempre están en contra da industria do automóbil, de PSA Citroën, en contra do emprego e da industria desta cidade.

**6.4(248).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. MUÑOZ FONTERIZ, RELATIVO Á REUNIÓN COA XUNTA DE GALICIA SOBRE A ÁREA METROPOLITANA.**

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A pregunta é vai convocar o Goberno Municipal ao resto de grupos municipais da oposición á reunión que vai celebrar coa Xunta de Galicia sobre a Área Metropolitana de Vigo como están a facer o resto de gobernos da área?

PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

**6.5(249).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO Á**

**CANTIDADE ADICADA PARA A REFORMA DA AVENIDA DE MADRID NOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS.**

SR. FIDALGO IGLESIAS: Por que aparecen cero euros nos orzamentos municipais para a reforma da Avenida de Madrid cando os Orzamentos Xerais do Estado aparece comprometidos 1.500.000 de euros?

PRESIDENCIA: Porque dende o Goberno do Estado fan falla 2.500.000 de euros máis, que a Sra. Pastor non puxo para reformar a Avenida de Madrid.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Un 1.500.000 contra cero.

PRESIDENCIA: Algunha pregunta máis porque esa foi a terceira, levan tres.

**6.6(250).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO A UN PLAN ESPECIAL DE TRÁFICO PARA UNHAS XORNADAS DE REBAIXAS E ALUMEADO DO NADAL.**

SR. FIDALGO IGLESIAS: Por que non se preveu este venres pasado un plan especial de tráfico cando empezaban unhas xornadas de rebaixas chamada “Black Friday” e tamén o alumeado do Nadal?

PRESIDENCIA: O tráfico desta cidade foi perfecto este venres, debe ser que vostedes estaba en A Coruña, me temo que debía de estar vostede en A Coruña.

PRESIDENCIA: Non habendo máis cuestións levántase a sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás

doce horas e vinte e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.